

MAGAZINE. HISTORIA GRÁFICA DA AVIACIÓN EN GALICIA. 40-41.
POLÍTICA. O PP ACELERA O DECRETO SOBRE AS EÓLICAS. 17.
DEPORTES. NON DEBATEMOS SOBRE OS TOUROS PERO SI SOBRE A CAZA. 20.

2 EUROS
(CON LIBRO 4,90)
24.DECEMBRO.09



Periódico semanal
Fundado en 1907
Nº1.387

anosaterra

Ourense resiste

O sector galeguista
do PP dálle a primeira
batalla a Feixóo
na provincia

Entrevista
con Xosé Manuel Baltar,
candidato á presidencia
dos *populares* ourensáns

Páxinas 5 e 7.



Paul Auster

INVISIBLE

Colección Literaria

«Posiblemente nos
atopamos ante a mellor
novela de Auster»

Don McLeese



www.editorialgalaxia.com



A BARCALA, UN NOVO LIBRO
DAS COMARCAS DE GALIZA

CON ESTE NÚMERO Á VENDA

2.

PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS S.A. **Presidente:** Miguel Barros Puente. **Vicepresidente e conselleiro delegado:** Afonso Eiré. **Vicepresidente económico:** Ramón Barral. **Vogais:** Xosé Fernández Puga, Xosé María Fonseca Moretón, Xavier Rey, Ana Miranda, Ceferino Díaz, Fernando Filgueira, Victorino Núñez e Bieito Alonso. **Secretario:** Federico Cañas. **Director:** Manuel Veiga. **Subdirector:** Xan Carballa. **Coordenador Diario Dixital:** César Lorenzo Gil. **Redactores:** Horacio Vixande, Mar Barros, Manuel Xestoso, Manuel Vilas, María Obelleiro, Lara Rozados, Eva Estévez, Xurxo González, Charina Giráldez, Antonio Cendán, Paco Vila Barros (fotografía), Xosé Bocixa (tv). **Maquetación e preimpresión:** Xoselo Taboada. **Fotografía:** Axencia Galega de Noticias, Reuters. **Xefe de publicidade:** Carlos Martínez (publicidade@anosaterra.com) **Redacción:** Rúa do Príncipe 24, 1º - 36202 Vigo. Teléfono 986 222 405. Fax 986 223 101. Correo electrónico: info@anosaterra.com. **Administración:** Rúa do Príncipe 22, baixo - 36202 Vigo. Teléfono 986 433 830. **Subscripcións:** subscriptions@anosaterra.com **Imprime:** Norprint. **Depósito Legal:** C-963-1977. **ISSN:** 0213-3105.

O FUTURO DO IDIOMA

sumario

GALIZA.

-CIENCIA

Un robot submarino,
o Camiño de Santiago
baixo o mar >10

POLÍTICA.

-AUTONOMÍAS

Comunidades do PP tamén
declaran o carácter nacional
nos seus Estatutos >12-13

ECONOMÍA.

-ENTREVISTA



PEPE FERRIN / A.G.N.

Fernando Blanco explica
como ve o BNG
a Lei de Caixas >18-19

DEPORTES.

Saleta Castro, a deportista
máis completa >21

CULTURA.

-LITERATURA

Libros para o Nadal >22-23

-MÚSICA

Batuka Tabanka, ritmo
feminino inspirado na
esclavitude caboverdiana >33

MAGAZINE.

Cervexas con denominación
de orixe >42-43



Ramón
Piñeiro,
editor.
Caderno
especial
>25-26, 31-32

Mauro Fernández, sociolingüista ‘Non creo que houbese perda de falantes de galego entre 1992 e

H. Vixande

Director científico do I Mapa Socio Lingüístico de Galicia de 1992 e profesor da Universidade da Coruña, Mauro Fernández nega a validez das conclusións catastrofistas que deita o II Mapa de 2004 e asegura que se detivo a tendencia á perda de falantes.

Os datos do Mapa Sociolingüístico de 1992 e os do de 2004, indican unha desbandada do galego, que deixa de ser a lingua máis falada. Mais vostede estráñase de que ningunha enquisa detectara esta tendencia. Tan rechamante é?

É moi notoria a diferenza entre os datos de uso de 1992 e os de 2004, tan grande que levanta sospeitas acerca de se o traballo do 2004 estará ben feito. Se houbese esa desbandada no uso do galego como lingua habitual, tería que aparecer tamén noutras enquisas, e sobre todo nos Censos de Poboación. Os Censos recollen datos sobre a totalidade da poboación, e non só sobre unha mostra, son a aproximación máis fiel que podemos facer á realidade demográfica. Pero cando comparamos o Censo de 2001 co de 1991, o que vemos é que non cambiou a porcentaxe de persoas que teñen o galego como lingua habitual. E de 2001 a 2004 pouco puido cambiar.

Vostede defende a validez dos datos do primeiro Mapa, mais hai que lembrar que é o seu director científico.

Si, tiven o privilexio de ser o responsábel científico do Mapa Sociolingüístico de 1992, mais a validez dos datos non provén diso, senón da congruencia cos datos obtidos por outras vías, e tamén do recoñecemento internacional que tivo ese traballo.



Son algúns máis os que cambiaron cara o galego cós que cambiaron cara o castelán”



Os que teñen entre 15 e 24 anos usan o galego en proporción semellante aos que teñen entre 25 e 34, iso implica que se detén o proceso de perda de falantes”



Na Coruña ou Vigo falábase máis galego a mediados dos 90 que a principios do século XX e iso foi debido aos procesos migratorios”



Que o galego sexa aínda a lingua máis falada en Galicia é unha boa noticia”

Un aspecto no que todos coinciden é na relevancia de perda de falantes novos nas cidades, que anticipa un descenso do uso no futuro.

Iso é ben sabido. Pero segundo as demais fontes de datos, non houbo perda entre 1992 e 2004, nin sequera nos máis novos das cidades. Eran poucos e seguen a ser poucos, pero non menos. **Vostede é dos que opinan que os datos do II Mapa están sns-**



gados? Por que?

Trátase dunha mostra que ten unha grande sobrerrepresentación dos sectores da poboación nos que predomina o castelán, e unha infrarrepresentación dos que máis falan en galego. Toda a arte das enquisas redúcese a indagar que sucede no conxunto da poboación real preguntando só a unha parte pequena dela. Para que esta técnica funcione, a mostra ten que representar fielmente á poboación real naquelas dimensións que estean relacionadas co asunto que quero investigar. Se non o está, os resultados non valen. Neste caso, e por poñer só un exemplo, se na poboación real hai arredor dun 11% da poboación galega con estudos universitarios, segundo o Censo, como é que na mostra hai máis dun 30%?

O Mapa de 2004 sostén que os falantes de galego representan o 38,9%, coincide con esa afirmación e por que?

Para ser precisos, o Mapa de 2004 atribúe esa porcentaxe á parte da poboación galega que

tiña entre 16 e 54 anos no 2004. Pero está mal porque a mostra non é representativa. Para poñer un exemplo, na de Santiago máis da metade son xente de carreira universitaria, e a poboación real non é así.

Do II Mapa extráese que de cada cen persoas que en 2004 tiñan entre 28 e 54 anos, quince cambiaron ao castelán desde 1992. E iso non pasou.

Aínda que admitamos que os datos do II Mapa están nesgados, é triste que o galego conserve a súa posición grazas ás persoas que non teñen formación. Máis triste sería se estivesen fuxindo do galego en desbandada. Outro dato co que traballa é que só o 5% cambiou de lingua, cara o galego ou o castelán. Implica isto que é complicado recuperar o galego entre os que non o teñen como lingua inicial?

Ese dato procede da enquisa do Instituto Galego de Estatística do ano 2003, e son algúns máis os que cambiaron cara o galego cós que cambiaron cara o castelán. Non é pouca cousa, >>>

PEPE CARREIRO



2004'

>>> pois até hai uns anos, o cambio dábase só nunha dirección, cara o castelán. Pero ten vostede razón, é difícil inverter a dirección tradicional do cambio, e habitualmente o máis que se logra é unha certa estabilización. As forzas que actúan en cada dirección son de índole diferente, e ademais o cambio cara o castelán iniciouse hai xa moito tempo, de xeito que bas-

tantes dos falantes habituais do castelán nas cidades e en certas vilas proceden de familias que levan xa varias xeracións falando en castelán.

Sostén que se rachou lixeiramente a tendencia de perda de transmisión interxeneracional do idioma.

Obsérvase un proceso de estabilización á baixa, nos máis novos. Até o de agora, canto máis novos eran os individuos, menos galego falaban. Agora empeza a observarse que os que teñen entre 15 e 24 anos usan o galego en proporción semellante aos que teñen entre 25 e 34 anos. Nisto coinciden todas as enquisas, e a do Mapa do 2004 tamén.

É dicir, vostede é optimista, aínda que iso non desmente que o galego deixa de ser a primeira lingua nas cidades, nun

panorama no que medra a poboación urbana.

Medra a poboación urbana, é certo, pero xa non tanto; agora medran as periferias. Haberá que ver como medran, que tipo de inmigrantes veñen a elas. Hai anos demostrei que en cidades como A Coruña ou Vigo se fala máis galego a mediados dos 90 que a principios do século XX, e iso era debido aos procesos migratorios, que facían aumentar o número de falantes de galego nas cidades, e que en bastantes casos o conservaban e llo transmitían aos fillos. Pero hai xa moito tempo que o castelán é maioritario en certas cidades galegas, isto non é ningunha novidade. En canto ao de ser optimista ou pesimista, iso depende dos ideais lingüísticos de cada quen. Quen crea que o galego só

estará normalizado cando todos os galegos o teñan como lingua habitual, non pode ser optimista. Quen crea que a normalización o que debe procurar é que ninguén teña que cambiar necesariamente de lingua habitual para ser un cidadán próspero e culto, pode ter algunhas razóns, pero non demasiadas, para o optimismo. E quen crea, como creo eu, que o galego é, ou polo menos viña sendo, unha dimensión moi importante para todos nós, tamén para os que falamos habitualmente castelán, debe sentirse moi preocupado pola tendencia á polarización, que aparece tamén nas enquisas, e que se reflicte nos discursos máis radicais. En calquera caso, que o galego sexa aínda a lingua máis falada en Galicia é unha boa noticia.●

Anxo Quintana, en *Ecolingua*

'Política coa lingua si, pero non partidismo'

X.C.

Nas xornadas Ecolingua, organizadas a pasada semana polo IGEA (Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos), o seu presidente Anxo Quintana apostou pola estratexia "da sedución e a información" cara o "continxente de persoas que non teñen nada contra o galego e non o falan todos os días, pero que queren que a nosa lingua acometa o necesario proceso de normalización que ten por diante". Quintana destacou tamén a diferenciación importante que se fixo nas xornadas entre política e partidismo arredor da lingua, "claro que hai que facer política da lingua, o que se ten que evitar é facer da lingua partidismo electoral, e menos utilizándoa con miras curtas que rematan irremediabelmente en fracaso". Daquela fixo un chamamento para rematar coas "mensaxes apocalípticas" en torno ao idioma, coma un compromiso imprescindíbel para "gañar a batalla a favor do



O PP estivo ausente na mesa de partidos das xornadas.

PACO VILABARROS

galego co convencemento de que a nosa lingua é un elemento de cohesión, querida mesmo polos que non a falan".

Durante as xornadas de Ecolingua puídoase vivir un inhabitual debate no que estivo presente Xosé Luis Mato (Galicia Bilingüe), á par dos representantes de diferentes colectivos constituídos nestes meses: *Queremos Galego*, Fran Rei; *Prolingua*, Xabier Docampo; *Cambia Galicia*, Daniel



Mato (Galicia Bilingüe) marcou distancias co discurso máis contundente da súa agrupación"

Landesa e *Patrimonio da Humanidade*, Antón Baamonde.

Mato marcou distancias co discurso máis contundente da

agrupación á que pertence, até o punto de declarar que se sentía moi próximo das teses expostas por Daniel Landesa, de *Cambia Galicia*. Pero Mato, que definiu o galego de maneira unha miga diferente do que se escoita, por exemplo, nas proclamas de Gloria Lago en diferentes programas de radio e TV, encontrou co duro discurso de Xabier P. Docampo, que insistiu en chamarlle "negacionista", lembrando a frase dun personaxe de Stieg Larson: "non sei como fan estes nazis que sempre conseguen incluír nos seus eslógans a palabra liberdade". Docampo afirmou que todo o edificio argumental do que cualificou como negacionismo "está baseado na mentira".

Nas conclusións provisórias destas xornadas, celebradas en Vigo, Margarita Ledo apuntou que o escoitado no 95% das intervencións indica unha asunción xeral do galego como "representante asumido do noso suxeito colectivo".●

editorial

OP SdeG DEBE EXPLICARSE

A maiores da oportunidade de aprobar, por vía de urxencia, unha lei de caixas e da postura de cada grupo político a respecto das fusións, a sorpresa máis notoria destes últimos días foi a negación, a toda présa, por parte do PSdeG do acordo que viña de asinar xunto a PP e BNG. Non vale hoxe o que servía hai apenas dúas semanas? Se é así, Manuel Vázquez, secretario do partido, e protagonista da famosa fotografía, xunto ao presidente Alberte Núñez Feixóo e ao nacionalista Guillermo Vázquez, debe explicar con claridade as súas razóns. A suposta filtración do resultado dunha auditoría non é causa suficiente. Semella, máis ben, desculpa oportuna e buscada para retirarse.

O PSdeG parece non estar agora a prol da fusión entre as dúas caixas galegas, o cal é tan lexítimo como a postura contraria, pero ambas deben ser argumentadas. De non facelo, Manuel Vázquez contribúe a darlles pábulo ás sospeitas que relacionan o seu cambio de postura con outra filtración: a de que o Banco de España impedirá a fusión das caixas galegas, obviando que é algo que se está a facer en Cataluña e noutras comunidades.

Lonxe de ofrecer unha explicación clara e razoada, o secretario dos socialistas galegos optou por insinuar a existencia dunha "pinza" entre PP e BNG e por acusar á Xunta de querer manipular as caixas. Manuel Vázquez debería saber que a intervención pública, no grao que sexa, pode non ser deseñábel, dependendo de quen faga a valoración, pero nunca pode ser cualificada de conservadora.

Outro aspecto a ter en conta é que este desmarque socialista se realizou seguindo unha rigorosa disciplina entre os cadros e dirixentes, algo que se bota de menos cando a decisión tomada é de carácter sinaladamente galeguista.●

anosaterra

ASEMANA

María Obelleiro

AO IGUAL QUE SILLEDA E LÁNCARA
O PP VETA A DECLARACIÓN
DE TRANSFUGUISMO
NO CASO DE GONDOMAR

O BNG bloqueou a declaración do caso do Concello de Benidorm como transfuguismo ante a negativa do PP a que tamén o fosen varios casos en Galiza. Na Comisión de Seguimento do Pacto Antitransfuguismo, o PP xustificou a moción de censura en Gondomar escusándose na suposta situación de ingobernabilidade. “Se introducimos ese factor, pódense xustificar todos os casos de tráfugas e estaríamos convertendo en papel mollado o Pacto Antitransfuguismo”, advertiu o portavoz do BNG no Congreso, Francisco Jorquera. Ao non contar coa unanimidade requirida, o caso de Gondomar, o de Silleda e o de Láncares foron remitidos a unha Comisión de Expertos, que no prazo de seis meses elaborará uns ditames que terán que ser acatados. O caso de Folgoso do Courel si foi declarado como transfuguismo.●



Francisco Jorquera.

O STEG PIDE UNHA RECTIFICACIÓN
‘VALÓRANSE TODAS
AS LINGUAS MENOS O GALEGO’

“Non vexo en que mellora a presente orde incluír o requisito do coñecemento do galego”.



Xosé Luís Mira.

Con estas verbas respondeu o director xeral de Educación e Innovación Educativa, Xosé Luís Mira, ao Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza ante a petición de incluír o galego como requisito na orde de Actividades Formativas no Estranxeiro e a Orde de Licenzas por Estudos. O STEG subliñou que na orde se valora como mérito calquera curso de calquera lingua agás o galego. “Estamos ante un claro exemplo de discriminación, cando

CONFERENCIA DE PRESIDENTES
PSdeG E BNG DIN
QUE FEIXÓO ‘DEFENDEU O PP
NON A GALIZA’

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feixóo, defendeu no Parlamento o seu papel “responsábel” na Conferencia de Presidentes. O líder do PPdeG asegurou que foi o xefe do Executivo central, José Luis Rodríguez Zapatero, o que se equivocou ao expor un documento económico “improvisado”, que non apoiou por “respeto” ás institucións e a Galiza. Os argumentos de Feixóo non deixaron satisfeitos os grupos

da oposición, que o acusaron de “traizoar” os intereses do país e de acudir á conferencia de presidentes “como delegado de Raxoi e non como presidente de Galiza”. O BNG, que criticou a Feixóo por defender “o decálogo do PP” subliñou que a xuntanza se converteu “nun novo escenario de confrontación bipartidista”. Os socialistas contaron no debate as veces que Feixóo pronunciou “España” na súa primeira intervención —un total de 18— e acusárono de “esquecerse” de que preside Galiza. “Non levou vostede documentos da Xunta, senón do PP”.●

O presidente da Xunta, **Alberto Núñez Feixóo**, na intervención sobre a Conferencia de Presidentes no Pleno. PEPE FERRÍN / A.G.N.

non de desprezo, da nosa lingua”, sinala o sindicato. Ante as palabras de Mira, o STEG esixe unha rectificación pública do director xeral e que se inclúa a petición que contou co apoio da maioría sindical da Mesa Sectorial, que se reuniu o pasado 18 de decembro.●

A CIG RECLAMA CON SINATURAS
CONFIRMADA A PRIVATIZACIÓN
DE SERVICIOS
NOS CENTROS DE DÍA

A conselleira de Traballo, Beatriz Mato, confirmou a “externalización” dalgúns servizos dos centros de día municipais, “como os transportes, a alimentación ou a limpeza”. Porén, Mato incidiu en que “non vai haber centros de primeira e de segunda”, e explicou que a garantía é que “a dirección, control e avaliación vai ser pública”. Pola outra banda, o se-



Anxo Louzao, secretario nacional de CIG-Enseño, entrega no rexistro da Xunta as sinaturas a prol do Consorcio de Igualdade e Benestar. XOSÉ CHAZO / A.G.N.

cretario nacional da CIG-Enseño, Anxo Louzao, entregou no Rexistro da Xunta máis de 24.000 firmas para esixirlle á conselleira de Traballo que rexeite a privatización dos servizos públicos. Co aval das sinaturas, tamén lle reclaman a

Mato que aplique o convenio do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, que se convoquen oposicións e a readmisión das 61 traballadoras das oficinas I+B. Louzao avanzou que está prevista unha nova folga para o día 19 e unha ma-

nifestación para o día 30 de xaneiro en Santiago. O pasado 17 de decembro, tivo lugar a última protesta dos traballadores do consorcio, que contou co apoio de deputados do BNG.●



Xosé Manuel Laxe.

SEGUNDO O PSdeG
XUVENTUDE USOU
FONDOS PÚBLICOS PARA
PROMOCIONAR UNHA VISA

O deputado socialista, Xosé Manuel Laxe, denunciou que a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado utilizou fondos públicos para publicitar o cartón de crédito dunha entidade bancaria privada entre adolescentes e mozos galegos. “É especialmente chocante ver como un alto cargo do Goberno avala coa súa sinatura un produto comercial dirixido aos titulares do Carné Xove”, afirmou Laxe, á vez que considerou “grave” utilizar a imaxe corporativa da Xunta para “dar a coñecer un cartón de crédito entre a poboación adolescente”. Ante a situación, o Grupo Parlamentario do PSdeG presentará unha interpelación para esixirlle explicacións ao Goberno galego, xa que “se están utilizando de modo irregular os fondos públicos para facerlles chegar a miles de mozos a carta”.●

CONTRA O BNG
LOUZÁN APURA A MOCIÓN
DE CENSURA NO PORRIÑO

Nun encontro con medios de comunicación en Vigo, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, asegurou que a moción de censura no Concello do Porriño contra o Goberno do BNG “pode darse este mesmo ano”. “Non é normal que exista un goberno que está composto por cinco concelleiros e ten outros doce na oposición”, advertiu. Por iso, declarou que confía en que o PP, Cidadáns por Porriño e

O presidente da Deputación de Pontevedra, **Rafael Louzán**. PEPE FERRÍN / A.G.N.

Independentes do Porriño se poñan de acordo para facerse

coa Alcaldía “máis pronto que tarde”.●

Xosé M. Baltar, candidato á presidencia do PP ourensán 'Agardo un Decreto que non atente contra o galego'

Manuel Vilas.

Xosé Manuel Baltar, vicepresidente do Parlamento, competirá co alcalde de Verín por suceder ao seu pai, Xosé Luís Baltar, como líder e presidente do PP de Ourense. No congreso de xaneiro os conservadores máis próximos ao galeguismo, son favoritos para unha vitoria que implicaría o primeiro revés de Feixóo. **Na presentación da candidatura dixo que aposta por "poñer en valor os creadores do pensamento político galeguista". O certo é que practicamente non hai político que non se defina como tal. Que é o galeguismo para Xosé Manuel Baltar?**

O galeguismo para min ven perfectamente definido no noso Estatuto de Autonomía: "asumir como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego". Ser galeguista é unha actitude, máis que un sentimento. Ser consecuente co noso país e loitar cada día por defendelo. Exercer de galego.

A Xunta derrogará o Decreto da lingua no ensino. Comparte a visión de Feixóo de que houbo unha imposición do galego nas aulas co bipartito?

Agardo que desapareza o conflito lingüístico que agromou coa chegada do nacionalismo ao Executivo Autonómico. A unanimidade que presidiu os vinte catro anos de autogoberno, antes do bipartito, debe recuperarse. Agardo, e confío, nunha regulación que non atente contra os intereses da nosa lingua. A nosa lingua, o noso gran tesouro, non debe utilizarse como arma política. Ese é o gran erro e o peor servizo ao país.

Como avalía a demanda de Galicia Bilingüe de que os pais escollan a lingua na que se imparten as materias obrigatorias?

O que teño que valorar é que o galego non perda peso, pero facelo compatíbel con todos os intereses en xogo. A liberdade lingüística e a non imposición son o verdadeiro reto, cómpre recuperar a unanimidade dos tempos anteriores ao bipartito. **Cales son as claves do seu proxecto político?**

Fundamentalmente facer do PP



PEPE FERRÍN / A.G.N.



Respecto ao congreso de Ourense, Feixóo está a ter un comportamento impecábel"



Coa lingua debe recuperarse a unanimidade dos vinte catro anos anteriores ao bipartito"

de Ourense o partido dos ourensáns. Primeiro as persoas, é dicir facer unha política pensada na xente e nos seus problemas, con altura de miras, nunca en clave personalista. Segundo, confiar nun equipo, no traballo en conxunto e a fortaleza da delegación de responsabilidades. Terceiro, galeguismo con maiúsculas e, evidentemente, Ourense. Cómpre facermos un partido máis amplo, os que estamos dentro non chegamos. Un partido máis participativo e moderno, cun discurso potente que enganche o movemento popular imparábel que estou sentindo dende hai unhas semanas.

O alcalde de Verín tamén lanzou a súa candidatura, aparentemente co respaldo do aparato do partido en Santiago. Como valora que haxa dúas listas?

É moi positivo. Dende que anunciei publicamente as miñas intencións, o quince de outubro, animei a que deran o paso [de presentarse] todos os militantes que tivesen un proxecto de partido. Alégrome da decisión de Xoán Ximénez porque así a militancia terá máis criterio á hora de elixir os proxectos de cadaquén. Enriquece o momento histórico que vai vivir o partido.

Tentará algún pacto para presentar unha lista común con Xoán M. Ximénez ou cre que a enorme cantidade de avais da súa candidatura dálle para presentarse en solitario?

O meu pacto vai ser coa militancia e compromisarios. É no primeiro que pensei dende que fixen pública a miña decisión. Para iso traballarei, para convencerlos da bondade do meu proxecto e para preparar o momento máis importante: o minuto despois da clausura do congreso, o futuro de Ourense está esperando por ese gran pacto.

Pero ter os avais da práctica totalidade de alcaldes e altos cargos da Xunta na provincia dálle vantaxe...

Respecto do número de avais debo dicir que me sinto moi afagado polo caudal de confianza recibido, que debo ser quen de administrar con rigor. A humildade e a capacidade de traballo, que xunto coa creatividade son características da forma de ser ourensán, deben

ser as claves deste proxecto.

En teoría, Feixóo apoia a candidatura de Ximénez. Como son as súas relacións co presidente do PPdeG?

Son excelentes, dende sempre. Sei que vai ser imparcial, independente e obxectivo. Felicítoume cando tomei a decisión de presentarme e está a ter o comportamento impecábel que esperaba. Acadou a presidencia autonómica do partido nun congreso tremendamente aberto, con catro precandidatos, e obtivo a maioría dos apoios... Ademais foi o relator da reforma dos estatutos, aprobados no Congreso nacional de Valencia, que regulan exhaustivamente a campaña electoral interna dos candidatos e contén todas as garantías precisas para que sexa un exemplo de democracia.

No debate de orzamentos a oposición criticou que o Plan Impulsa Ourense carece de partidas orzamentarias concretas...

O Plan Impulsa Ourense conta co financiamento máis que necesario. Os orzamentos contemplan unha aposta decidida pola provincia, esquecendo axiña o abandono e o sectarismo do bipartito, 43 meses de revanchismo e moito fume. E iso que no Consello da Xunta sentábanse o líder actual do PSOE en Galicia, Suárez Canal e, por se fose pouco, quen fixo carreira política en Ourense era o vicepresidente dese goberno... E nada de nada. Ren de ren.●



NECESIDADE OU LOCALISMOS

Ceferino Díaz

A creación de tres universidades en Galicia parecía obedecer a unha necesidade. Mais o desenvolvemento do sistema universitario non se fixo atendendo principios de complementariedade e racionalidade económica e científica senón demandas políticas locais ou localistas que, coa complicitade (lexítima) de sectores universitarios que querían abrirse camiño, deron lugar a un sistema custoso por irracional e con problemas de competitividade e eficiencia.

No proceso non fomos xenerosos coa universidade nai. Todos quixeron repetir o que xa existía en Compostela, coa particularidade de que a esta se lle puxo o pé enriba para que agardase polas outras e así camiñar todas ao mesmo paso. Como resultado, demasiados centros docentes con pouco recoñecemento no conxunto do Estado, o que podería terse evitado de facerse as cousas ben dende o principio.

O problema radica na falla de recursos suficientes para financiar un sistema no que en máis dun caso o número de profesores supera o de alumnos. Mais racionalizar o sistema non é fácil. Aínda que as pague mos todos, as universidades foron patrimonializadas por poderes locais que xogan a súa honra se perden un centro que non ten alumnos. E como a racionalización ten un custo para o poder político que a afronte, a situación foi deteriorándose e con ela a parte sa do sistema, a que ten masa crítica e demanda para mellorar, vese privada de recursos para facelo.

Agora, o último disparate. Á Facultade de Medicina de Santiago, unha das poucas "excelentes" de España, quedalle pouco para partirse (coa presta colaboración da conselleira de Sanidade). Non importa que o país non poida permitirse o luxo de novos centros. Como sempre, mentres aquí xogamos a repartir a miseria outros apostan claramente pola excelencia. Así nos vai.●



Como resultado, demasiados centros docentes con pouco recoñecemento no conxunto do Estado"





GALEGAMENTE INCORRECTO

Antón Losada

antonlosada.blogspot.com

Neste ermo onde nunca pasa nada no que se volve converter Galicia, porque é como mellor a leva a dereita, reconforta a resurrección da Real Academia Galega. Ben sexa pola incorporación de novos académicos cun toxo na man, creando unha saudábel semellanza entre un acto académico e un sketch dos *Monthy Phyton*, ben sexa pola polémica da elección do presidente.

Na “involución contragaleguista” gobernante, a RAG semella ser o próximo obxectivo da súa estratexia de desactivar as institucións do país, armados co este “pensamento galegamente correcto” –PGC–, no que os elementos da nosa identidade ou son instrumentais, ou son opcionais ou teñen interese turístico, e senón son unha imposición nacionalista.

A campaña contra o candidato Ferrín é PGC en estado puro. Ten que haber, denuncian, un candidato mellor, máis representativo, máis “galegamente correcto” porque se sae el, será unha imposición. Polo visto, ter ideas propias e defendelas con paixón e mesmo equivocarse ao facelo é algo perigoso neste país. O galego é non meterse, non molestar, non equivocarse. Argumenta o PGC que o activismo político de Ferrín pode pór en perigo a institución. No vivificante acto do toxo louvouse a prudencia do Presidente saínte. Seguramente o mereza, doutores ten a Academia. Pero eu o máis que lle recordo son os silencios. A prudencia soe levar á equidistancia, que é o contrario da neutralidade. Se todos quen agora choran polo Galego tivesen feito e dito algo cando había que facelo, o desaconsellaba a prudencia e era galegamente incorrecto, ao mellor agora non estábamos en risco de enterralo cunha inscrición que diga “estívolve ben, por prudente” ●



Na involución contragaleguista gobernante, a RAG semella ser o próximo obxectivo”



TRIBUNA ■ **Xosé Manuel Barreiro.**
Vicepresidente do PPdeG.

OUTRA OPORTUNIDADE PERDIDA

Se algo está a caracterizar a política económica do goberno de José Luis Rodríguez Zapatero é a improvisación e a total falla de medidas eficaces para facer fronte á crise económica que atravesamos.

Un exemplo máis do caos goberamental foi a Conferencia de Presidentes. Tras tres anos sen interese por convocar esta xunta, a precipitación e a ausencia de seriedade protagonizaron unha cita que debería servir para marcar un xiro na política económica do goberno. Así, na vez de preparar concienciadamente o encontro para poder consensuar medidas e reformas económicas de profundidade, o Goberno Zapatero optou por presentar un documento cheo de xeneralidades e inconcrecións, no que nin sequera se incluían cuestións básicas para tentar superar a crise, como son a reforma laboral ou a baixada de impostos, e por esixir un apoio incondicional a este acordo sen sequera darlles tempo aos presidentes autonómicos para estudalo en detalle.

O fondo e a forma empregados no encontro puxeron de manifesto que o goberno non ten intención de rectificar a



Desde a esquerda e de arriba a abaixo, os presidentes de Valencia, **Francisco Camps**, de España, **José Luis Rodríguez Zapatero**, de Aragón, **Marcelino Iglesias**, o rei de España, **Juan Carlos I de Borbón**, o presidente de Castela-A Mancha, **José María Barreda**, o príncipe de Asturias, **Felipe de Borbón**, o presidente de Navarra, **Miguel Sanz** e o de Catalunya, **José Montilla**, durante a conferencia de presidentes do 14 de decembro.

SUSANA VERA / REUTERS

Zapatero quería corresponsabilizar os presidentes autonómicos do desastre da súa xestión económica”

súa política económica que levou a España a ter catro millóns de parados e un déficit público tan elevado que com-

promete as nosas posibilidades de crecemento.

Con esta reunión, Zapatero quería levar a cabo un dos seus malabarismos de márketing, co que pretendía corresponsabilizar os presidentes autonómicos do desastre económico que supón a súa política. Pero o único responsábel da situación que padecemos é el. Non hai que esquecer que son as comunidades autónomas gobernadas polos socialistas as que presentan maiores descuadres orzamentarios. É preciso lembrar ademais que gran parte do

déficit das comunidades débese á imprevisión do goberno, que contou cuns ingresos totalmente irreais para este ano, o que provocou unha drástica redución nas transferencias que reciben do Estado e obrigara a devolver sumas nada desdeñábeis que no caso de Galicia ascenden a 1.900 millóns de euros.

E por riba de todo iso está a reforma do modelo de financiamento autonómico (que non incluíu na reunión cos presidentes) que levou a cabo de xeito partidista: antepuxo o pacto con determinados grupos políticos para acadar o seu apoio en detrimento das necesidades do conxunto das autonomías e dos seus cidadáns.

Os presidentes autonómicos das comunidades gobernadas polo PP realizaron un exercicio de responsabilidade nesta Conferencia de Presidentes porque non se lle pode dar un voto de confianza a este executivo até que non dea mostras claras de que vai modificar a súa política económica, que sobradamente demostrou xa que é un desastre. Zapatero perdeu outra oportunidade de amosar a súa vontade de buscar unha saída á crise. ●

CARTAS

AMINETU

Quedei moi contenta co feliz desenlace do caso de Aminetu Haidar. Penso que foi unha persoa moi valente, moi decidida e moi consciente de que nalgúns casos é mellor o sacrificio persoal a unha vida chea de limitacións e dor.

Espero que a situación do Sáhara Occidental mellore moito logo da súa folga. Oxalá os poderosos se decaten de que non se pode manter por sempre o afogo a un pobo que só quere ser libre. Acaso non é a liberdade un dos máis valiosos dereitos? Se niso coincidimos todos os que pensamos que o mundo vai cara a adiante sempre, ao final as cousas teñen que saír e saír ben.

Marrocos e España teñen a obriga de poñer todo da súa parte para evitar que outras Aminetu Haidar volvan poñer

a súa vida en perigo por defender algo xusto, algo que para calquera é vital: ter liberdade. Os que se opoñen a ela, os que prefiren avasalar os demais, para eses, xa que non pensan poñerse en folga de fame, polo menos que a mala conciencia lles atragante a boca do estómago.

Desde aquí quero felicitar a Aminetu Haidar, darlle a benvida a El Aaiun aínda que eu estea a moitos quilómetros. Somos moitos os que reclamamos un mundo xusto e libre onde estas cousas non pasen. Pero recoñezo que eu son débil, non teño a fortaleza dela para librar estas batallas tan decisivas coma as que se xogan con fusís e tanques. Xa para a historia quedará o nome de Aminetu Haidar como loitadora polos dereitos humanos. ●

Rosa Gálvez
(Alacante)

MANUEL RIVAS NA ACADEMIA

Levo lendo as novelas e contos de Manuel Rivas desde hai moitos anos. Gustoume moito *Un millón de vacas* e tamén desfrutei non unha vez senón moitas con *O lapis do carpinteiro* e *Que me queres amor?* Descubríñ unha Coruña acendida, apaixonada, moderna e pelexona en *Os libros arden male* e leo cada artigo periodístico que Manuel Rivas vai deixando aquí e acolá.

Por iso quedei moi contenta coa súa escolla como académico. Sinto confesarme unha ignorante pero non sabía que aínda non estivese sentado en tal institución. Pensei que xa entrara hai varios anos! Pero en calquera caso teño a sensación de que non só a min me pasaba iso, xa que somos moitos e moitas os e as que vemos na súa literatura unha perfecta

mestura de beleza e mensaxe.

Debemos estar orgullosos e orgullosas dos escritores e escritoras que temos porque son exemplo para todo o planeta. Aquí escribir en galego non é fácil. Non dá nin fama nin diñeiro publicar nunha lingua que unha parte do país despreza como vehículo cultural ou simplemente non está alfabetizada, preparada para lela. E dáme moita rabia. É por iso que en cada Nadal regalo libros galegos entre a miña familia. Para que saiban que cousas bonitas estamos creando, coas mesmas palabras que eles e elas usan acotío nas súas vidas. E nesa maxia de converter as palabras cotiás en palabras únicas, Manuel Rivas é un portento. Gustaríame que en poucos anos fose presidente da Academia Galega e defendese desde ese posto a nosa maior dignidade. ●

Emma Pardo
(O Carballiño)

A provincia ourensá organiza a resistencia

A estratexia de Baltar estaba calculada desde hai meses. Deixou os seus críticos sen tempo para organizar a candidatura. A súa defensa da “Terra” opónse a outros líderes do PP como Negreira e Porro

A.R.

As eleccións provinciais do PP en Ourense poden ser o primeiro escollo, para a liña de ruta establecida pola dirección a nivel galego. A candidatura que afianzaría o baltarismo na persoa de Xosé Manuel Baltar Blanco representa para bo parte do PP ourensá, un freno o empuxe do poder das grandes urbes no seno do partido conservador. Os máis próximos ao vicepresidente do parlamento, X.M. Baltar, utilizan a palabra “terra”, como a defensa do máis próximo, no que algúns queren ver o sector galeguista do PP. Con todo, os alcaldes que forman o grupo gorguiano en torno a Baltar, temen a “apisonadora” que establece a nova dirección, agora á cabeza da Xunta.

PASOS ESTUDADOS. A mediados da primavera pasada, Xosé Manuel Baltar Blanco decide dar o paso e presentarse á presidencia do PP ourensán, tenta o terreo, especialmente durante un verán no que se deixa ver en innumerábeis actos sociais, incluído máis de un pregón de festas. No verán os alcaldes máis próximos ao actual presidente provincial, o seu pai Xosé Luís Baltar Pumar, xa dan por segura a candidatura. Os argumentos succedense a favor do, agora, candidato. A súa valía e recoñecemento como vicepresidente do parlamento e, en palabras dun destes alcaldes, “a súa proximidade cada vez maior ás bases, un político que madurou moitísimo nos últimos catro anos”. Son argumentos que tratan de achegar o sector máis próximo ao actual Presidente provincial, pero que aínda é escéptico co seu fillo, ao que nalgún caso ve coma “distante”.

O quince de outubro, Xosé Manuel Baltar anuncia a súa candidatura, a expensas de que non o faga o seu pai. Repite este anuncio o cinco de decembro. Curiosamente, a partir deste momento choven os apoios a “Baltar Pai”, que se mantivo ao longo deste tempo nunha medida ambigüidade. Dáse por fei-

to, na segunda semana de decembro, que Xosé Luís Baltar repetirá, incluso a propia dirección popular o dá por certo. Os apoios a que continúa repítense dende Madrid e chegan incluso do seu contrincante natural, Roxelio Martínez. Gabanzas que buscan evitar a presentación da lista de Xosé Manuel Baltar, fillo, e terse que medir nas urnas. Non obstante, a decisión do veterano Presidente da Deputación xa estaba tomada, decisión que coñecía o grupo de alcaldes fieis que forma parte da comisión de goberno. Non houbo filtracións e o anuncio realizado agora por Xosé Luís Baltar de que non se presenta colle a contra pé a propia dirección galega do partido. O interín favoreceu a recepción de avais por parte do “sector Baltariano”, máis de dous mil oitocentos e a recollida de apoios. O sector crítico, encabezado por Roxelio Martínez, ten agora que se organizar a presa e presentar como cabeza visible a un dubitativo alcalde de Verín, Xoán M. Ximénez Morán.

Os máis próximos ao actual Presidente Provincial vén inviábel unha candidatura do seu fillo, Xosé Manuel Baltar, dentro de catro anos, con posibilidades serias de gañar. Hoxe, en cambio, ve favorecida esta opción pola máquina de poder establecida dende a Deputación e especialmente polo pouco tempo que tivo o aparato do partido a nivel galego para compoñer “unha alternativa con forza”.

CONTRARRESTAR OS LÍDERES DE VIGO E

CORUÑA. Alcaldes próximos ao baltarismo valoran a necesidade urxente de pórle un contrapeso á forte influencia das cidades, sobre todo, de Vigo e Coruña, “a través de Farjas, Negreira, Corina e Guerra”. “Temos que seguir pegados a Terra, din, con maiúsculas”.

A candidatura de Ximénez Morán ofreceu xa na súa presentación a posibilidade dunha lista de integración. Os próximos ao Presidente Provincial ven neste ofrecemento a verdadeira intención desta lista alternativa.



Delegados ourensáns, presididos por X.L. Baltar [no centro en primeira fila] no congreso do PP celebrado en Valencia. XAN CARBALLA

“**Senón hai chamadas de Feixóo gaña Xosé Manuel sen problemas, afirman os próximos ao baltarismo**”

CÁLCULO DE FORZAS. O congreso provincial celebrárase o trinta de xaneiro, nel estarán presentes 1212 compromisarios, representando os case vinte cinco mil afiliados existentes en Ourense. O sector próximo a Xosé Manuel Baltar, verdadeiro especialista no reconto previo de votos, xa fai as súas cábalas: “senón hai chamadas de Alberte Núñez e presión dende arriba, gaña Xosé Manuel sen problemas, outra cousa é se sucede o contrario. Entón habería que velo”.

Na Baixa e Alta Limia o apoio para a lista de Baltar Blanco sería maioritario, semellante situación dase na terra de Celanova, onde sitúan na liña crítica o alcalde de Pontedevea pero non ao resto da lista deste pequeno concello. No Ribeiro é onde Roxelio Martínez se mantén máis forte, contaría con apoios de Ribadavia, Arnoia e do alcalde de Leiro entre outros. Tamén estaría nesta órbita o alcalde de San Amaro, traballador da Deputación Provincial. Os alcaldes de Beariz e parte da agrupación do Carballiño, encabezada polo ex portavoz Guillermo Pérez darían igualmente o seu apoio a Ximénez Morán.

Non embargante, todo apunta a que o alcalde de Verín teríao moi difícil na súa propia comarca, na que os alcaldes de Monterrei e Oimbra alíananse coas teses baltarianas. A zona en torno o macizo central

apoiaría masivamente a opción de Baltar Blanco, igual que o entorno da capital onde alcaldes coma Xosé Manuel Freire de Barbadás xa deron apoio expreso ao vicepresidente do parlamento. Máis difícil o tería a familia Baltar na agrupación centro da capital, unha das máis numerosas, onde os próximos ao alcalde Manuel Cabezas forman o núcleo de oposición máis importante ao actual presidente da Deputación, ao que consideran demasiado ruralista.

Dáse a circunstancia de que pequenos concellos, coma O Bolo ou Padrenda, contan con dezaioito compromisarios, porcentaxe moi superior ao da capital, pola que a decisión do rural vai ser determinante.

O futuro do baltarismo está en xogo e Xosé Manuel Baltar, sexa ou non a mantenta, inicia a súa campaña cara o trinta de xaneiro cun acto en Verín.●

Rafael Cuíña defende a Xosé Manuel Baltar

“Os críticos a Xosé Manuel Baltar, –que os hai e poderosos–, ao máximo que alcanzan é a falar da súa condición de fillo de Xosé Luís Baltar, mais nunca son capaces de debater sobre a súa valía e preparación para o cargo”, aseguraba Rafael Cuíña nun artigo en *Xornal de Galicia* (19 de decembro).

Para Cuíña, “o vicepresidente actual do Parlamento galego o único que está a facer é presentar democraticamente unha candi-

datura, expor un programa de actuación, e situarse nunha órbita galeguista en canto a súa concepción de partido. Nin o pai o vai a pór a dedo –aínda que teña a súa predisposición lóxica pola candidatura–, nin o método de elección será por exemplo como a designación de Raxoi por Aznar, sen pasar por un congreso ata anos despois (e cunhas xerais perdidas polo medio)”.

O fillo do defenestrado político

popular, Xosé Cuíña, que outrora formou tándem con Xosé Luís Baltar, acrecenta: “Xosé Manuel, que ten alma de galeguista, aínda que en ocasións se deixase levar por un rexionalismo populista, cre de cara aos medios na neutralidade do “aparato”, mais na intimidade da súa candidatura estará preparado para os ataques que virán dende flancos habitualmente dispostos a exercer de zapadores, por indicacións de máis arriba”●

ENPOLEIROALLEO

GARZÓN, EN AMÉRICA
E CON ASISTENTA

O CALOTE DO TAMIFLÚ

“España conta con 15 millóns de unidades [do fármaco antiviral Tamiflú], das que só se utilizaron 6.000”, conta **María R. Sahuquillo** en *El País*, nunha reportaxe en realidade destinada a informar de que “a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS) estendeu a data de caducidade deste fármaco—que se demostrou eficaz para combater o H1N1—dos cinco anos iniciais a sete”. A ampliación da declaración da eficacia do produto vén dada por unha decisión administrativa, “excepcional”, segundo **Emili Esteve**, director do Departamento Técnico de Farmaindustria, e tómasse “debido á situación de emerxencia de saúde pública relacionada co risco actual de pandemia de influenza”. A reportaxe explica que dos 15 millóns de tratamentos, dez millóns “compráronse entre 2005 e 2006 para facer fronte a unha posíbel pandemia de gripe aviaria”. Os outros cinco millóns, adquiríronse ante “unhas expectativas de saturación do sistema” polo contaxio da gripe A. Porén, o texto admite que “o número que se dispensou é realmente moi baixo”. Segundo **Juan Martínez Fernández**, experto en Saúde Pública e Medicina Preventiva, ademais de asesor para a nova gripe da Organización Médica Colexial, “compráronse para facer campaña e tranquilizar a poboación, pero non se fixo nada para que se utilicen correctamente”, xa que, segundo a noticia, “moitos enfermos graves non terían chegado á UCI de ter tomado Tamiflú”. De todos os xeitos, o texto nin ten en conta que o número de falecidos en España por gripe A apenas sobrepasa os douscentos, non máis que a gripe estacional, nin informa sobre o custo total da adquisición das quince millóns de doses.●

Informa *El Confidencial* de que o xuíz Garzón levou unha asistente persoal a Nova York cando se trasladou a esta cidade en 2005 para ampliar os seus estudos. A noticia vai dirixida a denunciar que o Banco Santander cubriu os gastos salariais da súa asistente persoal—non dedicada ao servizo doméstico—, ademais do custo do apartamento que esta persoa ocupou




El juez de la Audiencia Nacional, **Baltasar Garzón**.
PATRICIA MORALES

durante sete meses na cidade dos rañaceos. Os cartos da entidade bancaria tamén serviron para desembolsar o importe da matrícula da filla do xuíz na Escola Internacional da ONU. “A asistente de Garzón percibiu un salario de case 3.000 dólares mensuais durante os sete meses que permaneceu no Centro Rey Juan Carlos I de España. En total, cobrou 20.400 dólares, que foron abonados mediante un cheque do Banco Santander librado pola súa oficina en Nova York o 30 de xuño de 2005. Outro cheque de 12.600 dólares, datado o mesmo día, librouse a favor de **Isolino Fernández**, o propietario do apartamento amoblado que ocupou durante eses sete meses, a razón de 1.450 dólares de renda mensual máis un suplemento de 2.450 dólares en concepto de mobles e gastos de instalación”. Todo está relacionado coas supostas cantidades recibidas polo maxistrado de forma irregular. Entre os comentarios dos lectores á noticia figura un que indica que “Garzón non falará inglés, pero sabe latín...”●

O CONSTITUCIONAL
RECÚA CO ESTATUT

Un artigo de *La Vanguardia* de Barcelona asinada por **José María Brunet** sinala que “hai serios motivos para crer que a sentenza [do Tribunal Constitucional sobre o Estatut] pode chegar dentro de poucas sema-

nas, posibelmente durante o mes de xaneiro. Alonga guerra de desgaste entre PP e PSOE pode acabar proporcionando algún froito. Os dous grandes partidos decatáronse de que todo o mundo pode perder con este conflito. E as mensaxes que trasladan a quen os quere oír é que convén saír xa desta inacabábel pelexa cun resultado digno, que consista nunhas asumíbeis táboas. Un senlleiro xurista próximo ao PSOE resumíao dicindo que “agora xa non se trata de salvar o Estatut, trátase de salvar a Constitución”. Para iso, no TC impúxose o toque de queda. A institución traballa na sentenza do Estatut rodeada de sixelo. As recentes consultas sobre a autodeterminación e a independencia de Catalunya marcaron un punto de inflexión. O Constitucional non quere sentirse responsábel dunha hipotética deriva da sociedade catalá cara a posicións cada vez máis críticas co actual marco político. Por iso, tres anos e medio logo de iniciar o debate sobre a reforma estatutaria, agora entraron as présas. O TC, en suma, persegue frear o soberanismo salvando o Estatut cunha lectura á baixa. Pero, sobre todo, quere pór a salvo a Constitución, logrando que a reforma catalá encaixe no gran pacto político do 78, se é preciso con fórceps xurídicos”. A emenda será “declarando poucos preceptos inconstitucionais”.●



Privado de maxistrados elixidos a proposta dos nacionalistas, o Constitucional estaba destinado a transformarse no garante do Estado central fronte as autonomías”

[José María Ridaol]
Xornalista.

Seguirei adiante polo ben de Italia”

[Silvio Berlusconi]

MALAS NOTICIAS

María Xosé Queizán

Non me caracterizo por ser pesimista, pero abrir hoxe o xornal é caer na desesperación. Por un lado, a foto dunha morea de mulleres cubertas con mantos negros, diríase unha obra teatral, deixando ao descuberto uns ollos chorosos, ante o cadáver dun *ayatollah*, produce arrepiños. O velorio é o seu lugar, o único onde están en primeira fila, na sociedade islámica que as agacha e as oprime. O peor é que cada vez son máis as que defenden esa tradición. A señora saharauí, no aeroporto de Lanzarote, non fixo folga de fame pola dignidade e a igualdade das mulleres da súa relixión. Non. De ser así, poucas persoas seguirían as súas reivindicacións nin se preocuparían por salvar a súa vida. Estivo arroupada e nunhas condicións de hábitat que non teñen os catro traballadores de Termavi de Vigo, despedidos pola empresa, que están ao bordo da conxelación, despois de cinco días en folga de fame, sen apenas auga, sen comida, sen médicos que controlen o seu estado físico e sen apoio moral, cantidade de seguidiores, manifestacións de apoio... Onde está a solidariedade dos parados? Onde as reclamacións para asinar? Esta folga de fame non compromete a esquerda galega? Sigo co xornal e vexo a foto dun home en Cuba malvestido con tecido de saco, orando axeonllado, despois de peregrinar ao santuario de San Lázaro. A súa fe obrígalle a cargar cunha pedra para facer penitencia e parece tamén unha imaxe teatral dun Sísifo caribeño. Pode ser esa a estampa dun país que fixo unha revolución marxista? Como ven, despois de ler o xornal, non me quedan folgos para desexarllas felices festas.●

A muller saharauí estivo nun hábitat que non teñen os catro traballadores de Termavi pechados”



Traballadores de servizos sociais contra a privatización

X.C.

O comité de empresa do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en Pontevedra convocou unha concentración para o próximo día 29 ante as instalacións do Museo de Arte Contemporánea (Marco) de Vigo en defensa do “mantemento dos servizos ofrecidos ao conxunto da cidadanía como servizos públicos”.

O comité precisou que, ao pedir o mantemento dos servizos públicos, reclámase a continuidade dos empregos e que se garantan unhas boas condicións de traballo. Ademais, solicitan “unha calidade, unha oferta e unha transparencia que só son posibles se se ofertan como servizos públicos coa responsabilidade directa das administracións”.

Os traballadores reclamaron non só que se manteñan as actuais dotacións, senón que se sigan ampliando coa



Concentración de traballadoras do Consorcio.

AGN

posta en marcha de novos centros de día ou escolas infantís, “sempre como servizos públicos directamente xestionados polo Consorcio”.

Ademais da mobilización do 29 de decembro teñen prevista unha folga o 19 de xaneiro e unha manifestación o 30 do próximo mes.●

VONTADES

Xosé Ramón Pousa

O galego está de actualidade, o cal xa é síntoma de que a lingua vive. Nestes últimos días, a consecuencia do congreso Ecolingua, celebrado en Vigo, puxéronse de manifesto os numerosos problemas, pero tamén as oportunidades, dunha lingua maioritaria, aínda que minorizada, que trata de normalizar a súa situación no seu país. Á forza ten que ser problemática a confrontación de dúas linguas irmás, nadas da colonización romana, que tiveron unha mala convivencia en máis de cinco séculos. Imposicións, persecucións, marxinalizacións do poderío castelán, non foron quen de destruír unha lingua creada e mantida por un pobo que demostrou a potencia da súa oralidade.

Hoxe, moilónxe de gañar a batalla, os problemas do galego son ben distintos. Temos que abandonar posicións maximalistas e aprender a lección do noso propio pasado, de que ningunha lingua desaparece por imposicións, aínda que a súa orixe veña da man da colonización. Sendo o galego a lingua maioritaria, trátase de manter ese status, afirmando e ampliando as conquistas gañadas na oficialidade e no ensino, pero, sobre todo, atraendo cara ao galego os non falantes. Cunha alta porcentaxe de galegofalantes que xa saben escribir na súa lingua. Agora o problema está en gañar a batalla do prestixio para a lingua. De conseguir mudar as vontades daqueles que sabendo falar e escribir en galego, deixan de utilizalo. Tan só cun cambio das vontades, poderemos revitalizar esta fermosa lingua chea de futuro.●

Agora o problema está en gañar a batalla do prestixio para a lingua”



Un precioso disco de Nadal en galego
Unha obra única chea da sensibilidade da nosa terra

Cancións exclusivas de:

Berrogüetto	Os Cempés
Uxía	Maite Dono
Leilía	Pancho Álvarez
Na Lúa	Muxicas
A Quenlla	Chouteira

Xistra de Coruxo

No teu quiosco por só

9.95€

Lanzamento especial con

anosaterra

Tamén podes pedilo no teléfono 986 43 38 30 ou no mail administracion@anosaterra.com

www.boa.es

www.dofol.es

TRIBUNA ■ Carlos Otero Suárez.
Humanista e científico.

UNHA NOVA RUTA NO CAMIÑO DE SANTIAGO

Tense dito que o Camiño é unha meta de ida e volta. O robot submarino que nos chega agora da universidade norteamericana de Rutgers e a alianza para a investigación establecida co Instituto de Tecnoloxía de Massachussets (MIT) poderían entenderse como a devolución dunha débeda. A débeda cos colonizadores europeos que fixeron daquelas terras do Norte un territorio dominante nas ciencias e na tecnoloxía dos séculos XX e XXI.

Desde Rutgers, universidade de Newark (New Jersey), enviaron primeiro o *Scarlet Knight* (Cabaleiro Escarlata), robot submarino ao que os canarios alcumaron *Piolín*, que non chegou a porto por dificultades técnicas. O segundo robot, máis perfeccionado, chamouse *Slocum* (Electric Glider) e chegou a Baiona este catro de decembro. Foi unha homenaxe á carabela *A Pinta* que arribou á mesma localidade en 1493 para dar noticia do Descubrimento: “maltrecha la nao, pero inhiestos los corazones”, tal e como di o monumento á xesta, situado no porto da vila.

Como non lembrar, neste momento, as vagas de emigrantes, procedentes de todos os fisterras europeos, que asolagaron as praias e baías de América, construíndo novas cidades, lembrando cos seus nomes *new* as vilas de onde partiran e espallándose ao longo do litoral centro e norte dos Estados Unidos. Aquelas familias foron impresas co espírito transcendente e místico que lles fornecía a lectura cotiá do *Pilgrim's Progress* bunyiano e con el inflamaron as mentes e irradiaron o seu poder, non só espiritual, senón tamén comercial, que tanto influíu no desenvolvemento do litoral dos EE UU.

Non hai que esquecer figuras de relevancia cultural como a de R.W. Emerson, cuxa prosa poética, atrevíame a dicir, anda a flotar a través do tempo, na poesía do noso Ánxel Valente, cuxo aniversario se celebrou non hai moito.

Eses envíos e alianzas que nos veñen agora dos EE UU son como unha devolución que vén por ese camiño de ida



O ministro de Fomento, Xosé Blanco, na chegada do *Piolín* a Vigo.

e volta que din que ten o Apóstolo. O mesmo Emerson testemuñou a súa influencia europea con varias viaxes que realizou levando no seu macuto unha mestura de culturas greco-latina e anglo-xermánica, que alí floreceron cun vivo hábito de creatividade.

Unha nova “visión” da educación e da formación humana foi o xermolo da creación destas universidades. Primeiro Harvard, logo Rutgers, Yale (en New Haven) e, ao seu carón, o MIT (Massachusetts Institute of Technology). Todas elas estableceron unha nova maneira de achegarse ao coñecemento sen as restricións das ideoloxías que, durante longos anos, limitaran a liberdade de investigar na mesma Europa. De paso, podemos subliñar que os principios ou filosofías destes centros, ás que lles podemos adxuntar as reflexións que o noso Ortega fixo respecto da “misión da Universidade”, chegan aínda, en bastantes trazos do seu contido, ao debate de Bolonia que hoxe percorre todos os campus de Europa, principalmente os mediterráneos.

Acidade de Newark é a forxa americana dos construtores galegos, principalmente ourensáns. Eu non sei se o teño ouvido, lido ou soñado que alguén escribiu ou está a escribir un longo relato sobre “os quinze mil galegos de Newark”. Se un toma o avión no aeroporto Sá Carneiro contempla mozos e vellos camiño de *Nova Jarsei*, Atlanta ou Bruxelas.

Os mozos van tras os seus soños e esperanzas, como ían aqueles da Europa dos 50/60 arrastrados por carteis nas es-



Travesía realizada polo *Piolín*.

Co MIT imoster unha colaboración permanente a través do Cluster da Automoción de Galicia”

tradas europeas que berraban “Go west, young boy... go west”. Era unha chamada a realizaren as súas vidas nas sempre emerxentes cidades do oeste: California, Vancouver, Columbia Británica, Oregón...

COLABORACIÓN GALEGA CO M.I.T. Referíndonos ao MIT, que coa Caltec de California ocupan os números oito e nove dun recente ranking de centros de calidade, hai que dicir que imoster unha colaboración permanente con el, a través do CE-ATG (Cluster da Automoción de Galicia) afín de estudar conxuntamente aspectos que lle renderán fortaleza ao tecido industrial da Galicia-sur.

Xa tivemos entre nós distinguidos alumnos daquel MIT. Non hai moito tempo que chegaba de Massachussets Armando Priegue coa aureola dun científico internacional experto na ciencia dos materiais. Entre outros labores, fundou con empresarios metalúrxicos

o AIMEN, asociación dedicada aos problemas dos empresarios dese sector. Hoxe, ampliada con novos medios e científicos, é un modelo no seu campo, como testemuña o XV Congreso da Construción Naval e a Soldadura que se vai celebrar con carácter internacional e a presenza de centenas de científicos que, de volta, darán fe da nosa presenza neste importante campo.

E como estamos neste camiño de devolucións, sen dúbida que certos feitos concretos no campo da investigación van ser unha axuda sinalada. Nos campus de varias universidades, en especial na nosa vella e sempre nova Fonseca, estase a penetrar con profundidade no terreo das ciencias da vida, o que xalle valeu un premio, con dotación económica, para realizaren os seus proxectos en competencia con outros centros e que lle dará a Galicia a verdadeira razón para ser nomeada en publicacións internacionais como “polo biotecnolóxico”.

Se a estes feitos, xa en marcha, lle engadimos esa ópera magna do Instituto Internacional de Nanotecnoloxía en Braga, Portugal, estaremos a mudar a etapa das “costas viradas” entre portugueses, galegos e hispanos por esa outra de traballarmos peito a peito, lombo a lombo, en cooperación, e que agardamos remate coa posta en marcha desa outra idea da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal.

Coido que, ante estas perspectivas, sen dúbida que lle devolveremos, sen saber cando, os nosos agasallos á Rutgers e ao MIT. E teño a esperanza de que eses presentes poderían ser un noso robot nanométrico e con sensores para captar a alta calidade organoléptica dunhas dúcias de albariños de xenética avanzada.

Que na alborada do gran xacobeo 2010 a chegada do robot e o pacto de cooperación sirvan de acto inaugural dunha nova ruta para o camiño: a *tecnicorum scientiarum peregrinatio*, que poderemos escribir TSP, facendo uso da abundancia dos acrónimos, as contraccións dos SMS e a capacidade case infinita da internet.●

MOITAS IMPOSTURAS

Xosé Manuel Sarille

Hai uns meses editouse *Sobre o racismo lingüístico*, un libro escrito por políticos nacionalistas, entre eles Pilar García Negro, Francisco Rodríguez e Goretti Sanmartín. Como o Bloque gobernou, pactou e colaborou na política lingüística da Xunta de Galicia durante a anterior lexislatura, o cal non é un asunto menor, e resultou ser unha mala copia da que fixera Manuel Fraga Iribarne durante 16 anos, que xa é dicir, un agardaba que nesta obra, os próceres principais do Bloque en materia lingüística fixesen unha valoración do período, e analizasen as razóns para semellante fracaso, ademais de facerse cargo das responsabilidades que por acción ou omisión lles corresponden, que non son todas pero si unha boa parte.


No entanto o asunto non se toca na obra e os autores, como por arte de maxia, volven ás vellas receitas, á magnificación dos principios, como se aquí non tivese pasado nada. Cun ton antiquísimo e irado non perden ocasión para indignarse con todas as desgraças da lingua galega, e reaparecen así, outra vez, como os paladíns do couso, igual que o facían hai 15 ou 20 anos, cando aínda non estaba demostrada de todo, tal como se demostrou agora, a incapacidade dos seus para facer variar as cousas desde onde en realidade se poden facer variar, que é desde os gobernos municipais e sobre todo desde o da Xunta.

Creo que ten moita razón Antón Baamonde cando di que o nacionalismo deixou de saber acompañar os cambios sociais e culturais do país, encerrado como o caracol na compresencia dos seus erros.●

Os autores volven ás vellas receitas, á magnificación dos principios, como se aquí non tivese pasado nada”



Os Bolechas teñen libros para o Nadal



... e puzzles

O Congreso aproba os Orzamentos do Estado con críticas da oposición. As contas para 2010 quedaron definitivamente fixadas tras o Pleno do 22 de decembro. O Goberno foi capaz de recabar os apoios suficientes pese a que todos os grupos criticaron a falta de respostas á crise económica. O deputado nacionalista Francisco Jorquera insistiu en que “están mal orientados e carecen de progresividade fiscal”. **Elena Salgado**, ministra de Economía [na foto] mostrouse satisfeita cos apoios acadados.●



SERGIO PÉREZ / REUTERS

SEIS ESTATUTOS DE AUTONOMÍA PENDENTES DE SENTENZA



José Luis Rodríguez Zapatero e José Montilla durante a Conferencia de Presidentes Autonómicos.

SUSANA VERA / REUTERS



F. Camps e Mariano Raxoi nunha reunión da Executiva do PP.

SERGIO PÉREZ / REUTERS

Varias comunidades, gobernadas polo PP, decláranse ‘nacionalidades’

Cataluña defínese como nación, Aragón, Baleares e País Valenciano decláranse nacionalidade, Andalucía fala de realidade nacional e Castela-León reivindica os seus antigos reinos independentes

Xan Carballa

A presión sobre o Tribunal Constitucional medra e a sentenza sobre o Estatuto catalán xa non pode adiarse máis. Sen ser o preámbulo o centro de discusión é o que máis simbolismo ten pola declaración de Cataluña como nación. Hai outros seis estatutos pendentes do fío da sentenza, varios deles autodecláranse nacionalidade.

O 31 de xullo de 2006 Soraya Sáenz de Santamaría e Federico Trillo presentaban na sede do alto tribunal os 400 folios que fundamentaban a súa tese de inconstitucionalidade do Estatut de Cataluña.

Facíano denantes da entrada en vigor da Lei Orgánica, e logo de sucesivas derrotas das súas teses no Parlamento catalán, nas Cortes e no referendo popular (49,42% participación; 74% a favor e 20,7% en contra), obrigado por ser un estatuto que entra pola vía do 151. Desde aquela fixéronse outras cinco reformas estatutarias, as de Andalucía, Valencia, Illas Baleares, Castela-León e Aragón. Algunha delas, como a de Valencia, promovida polo PP coa intención de emular o texto catalán no terreo competencial, populari-

zando a chamada *cláusula Camps*, que reclamara para si os poderes que Cataluña conseguise negociar co estado. En todos os casos o PP e o PSOE foron valedores en común deses textos e ningún presentou cuestión de inconstitucionalidade, polo que segundo se produza a sentenza, ademais das consecuencias políticas xerais, ambas formacións terán que abordar a poda de até outras seis leis orgánicas, no caso de Andalucía tamén sometida a referendo popular (36,28% de participación; 87,45% a favor e 9,48% en contra).

Aínda que hai aspectos do Estatut recorrido que teñen que ver co articulado (obrigas sobre a lingua, bilateralidade, poder xudicial propio ou financiamento e fiscalidade propia), un dos cabalos de batalla principais, teñen que ver coa declaración de Cataluña como nación incluída no preámbulo, que a dereita consi-

Valencia imita no seu texto o Estatut catalán”

dera a nai de todas as inconstitucionalidades. Paga a pena ler os preámbulos dos estatutos reformados, e lembrar que no frustrado intento de mudanza do estatuto galego en 2008, recoller o verso do himno galego que fala de Galicia como “nazón de Breogan”, foi tamén unha das desculpas que utilizou o PP galego para bloquear o texto.

A falta de que o Constitucional decida, o xornalista Rodri Suárez en *Xornal de Galicia* resgatou unha sentenza do alto tribunal, cando era presidido por Francisco Tomás y Valiente, que pode ser

decisiva respecto aos preámbulos concibidos como exposición de motivos sen valor normativo, e polo tanto dentro do ámbito da vontade dos lexisladores e da liberdade de expresión. A sentenza referíase a un recurso de constitucionalidade presentado por 54 deputados do PP en 1990 sobre unha norma fiscal autonómica de Madrid. Na desestimación do recurso o relator do tribunal sentenciou “na demanda dos Deputados solicítase mesmo a declaración de inconstitucionalidade e nulidade de determinados parágrafos ou apartados da Exposición de Motivos da Lei, pretensión esta que debe ser rexeitada a limite, pois os preámbulos ou exposicións de motivos das leis carecen de valor normativo e non poden ser obxecto dun recurso de inconstitucionalidade”. Todo un desafío para María Emilia Casas e o actual Constitucional demediado.●



OPP acusa a Zapatero de ceder dereitos agrícolas a Marrocos no caso Haidar. Pola contra, o goberno afirma que o acordo que amplía o cupo de importación de tomates desde o país africano non ten relación coa crise do Sáhara e que o reino alauita non conseguiu os seus obxectivos na negociación. Ademais, Miguel Ángel Moratinos, ministro de Exteriores, insiste en que España non recoñece a soberanía de Marrocos sobre o territorio ocupado.●

BORJA SUAREZ / REUTERS

Entre a 'realidade nacional' de Cataluña e Andalucía e a Castela dos comuneiros anticeutralistas

CATALUÑA

(...) A liberdade colectiva de Catalunya atopa nas institucións da Generalitat o nexo cunha historia de afirmación e respecto dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas da persoa e dos pobos; historia que os homes e mulleres de Catalunya queren proseguir co fin de facer posíbel a construción dunha sociedade democrática e avanzada, de benestar e progreso, solidaria co conxunto de España e encardinada en Europa.

(...)

Os poderes públicos están ao servizo do interese xeral e dos dereitos da cidadanía, con respecto ao principio de subsidiariedade (...) Seguindo o espírito do Preámbulo do Estatut de 1979, o presente Estatuto asume que:

- Cataluña é un país rico en territorios e xentes, unha diversidade que a define e enriquece desde hai séculos e fortalece para os tempos vindeiros.

- Cataluña é unha comunidade de persoas libres para persoas libres onde cada un pode vivir e expresar identidades diversas, cun decidido compromiso comunitario baseado no respecto á dignidade

de todas e cada unha das persoas. (...)

- O autogoberno de Cataluña fundaméntase na Constitución, así como nos dereitos históricos do pobo catalán que, no marco daquela, dan orixe neste Estatuto ao recoñecemento dunha posición singular da Generalitat. Cataluña quere desenvolver a súa personalidade política no marco dun Estado que recoñece e respecta a diversidade de identidades dos pobos de España.

- A tradición cívica e asociativa de Cataluña subliñou sempre a importancia da lingua e a cultura catalás, dos dereitos e dos deberes, do saber, da formación, da cohesión social, do desenvolvemento sustentable e da igualdade de dereitos, hoxe, en especial, da igualdade entre mulleres e homes. (...)

O Parlamento de Cataluña, recollendo o sentimento e a vontade da cidadanía de Cataluña, definiu de forma amplamente maioritaria a Cataluña como nación. A Constitución Española, no seu artigo 2º, recoñece a realidade nacional de Cataluña como nacionalidade.

ILLAS BALEARES

As Illes Balears, pola confluencia dunha multiplicidade de pobos e de civilizacións, ao longo da súa historia, conformáronse nunha sociedade dinámica, cun patrimonio cultural e social, tanxíbel e intanxíbel, singular entre todas as culturas do Mediterráneo e do mundo (...) A nacionalidade histórica que forman as illas de Mallorca, Menorca, Eivissa e Formentera quere renderlle homenaxe a todos os seus fillos que, ao longo de todos os tempos, afastados e próximos, traballaron para manter a identidade do noso pobo, o cal nos permitiu conseguir os fitos actuais, grazas a eles. (...)

As Illes Balears, mediante o seu Estatuto, pretenden continuar no seu proceso colectivo de avanzar cara ao seu autogoberno no marco do Estado Español e a Unión Europea, de acordo co valor supremo: o sistema democrático que se inspira na liberdade, a xustiza, a paz, a igualdade e a defensa dos dereitos humanos, así como a solidariedade entre todos os pobos.

ARAGÓN

(...) O presente Estatuto sitúa a Aragón no lugar que, como nacionalidade histórica, lle corresponde

dentro de España e, a través dela, a súa pertenza á Unión Europea e dota á Comunidade Autónoma dos instrumentos precisos para seguir facendo realidade o progreso social, cultural e económico dos homes e mulleres que viven e traballan en Aragón, comprometendo os seus poderes públicos na promoción e defensa da democracia.

ANDALUCÍA

(...) O Manifesto andalucista de Córdoba describiu a Andalucía como realidade nacional en 1919, cuxo espírito os andaluces canalizaron plenamente a través do proceso de autogoberno recolleito na nosa Carta Magna. En 1978 os andaluces deron un amplo respaldo ao consenso constitucional. Hoxe, a Constitución, no seu artigo 2, recoñece a Andalucía como unha nacionalidade no marco da unidade indisoluble da nación española.

PAÍS VALENCIANO

(...) Aprobada a Constitución española foi, no seu marco, no que a tradición valenciana achegada do histórico Reino de Valencia, se atopou coa concepción moderna do país Valenciano e deu orixe á auto-

nomía valenciana, como integradora das dúas correntes de opinión que enmarcan todo aquilo que é valenciano nun concepto cultural propio no estricto marco xeográfico que alcanza.

CASTELA-LEÓN

(...) A partir da unión definitiva dos Reinos de León e de Castela, acontecida en 1230 baixo o reinado de Fernando III, a Coroa de Castela e León contribuírá decisivamente á conformación do que máis tarde será España, e embarcarase en empresas de transcendencia universal, como o descubrimento de América en 1492.

Destas terras xurdiu o clamor que, en 1520, coa formación da Xunta Santa de Ávila, alzouse en defensa dos foros e liberdades do Reino fronte á centralización do poder en mans da Coroa que encarnaba Carlos I. Si en Villalar (23 de abril de 1521) a sorte das armas foi adversa aos Comuneiros, non ocorreu así cos seus ideais, que poden ser considerados precursores das grandes revolucións liberais europeas. Como homenaxe a ese movemento o 23 de abril é hoxe a festa oficial da Comunidade Autónoma.●



SARGADELOS

TERRAS GALEGAS ELABORADAS CON IDEAS DO NOSO TEMPO

Lula deixará en herdanza un Brasil estelar

O país sudamericano protagonizou o 2009 e entra na década con grandes retos e expectativas. Quen substituirá o presidente?

Roberto Mansilla Blanco
Analista do IGADI (www.igadi.org)

O Brasil foi un dos grandes protagonistas do 2009 e, con toda probabilidade, serao no 2010, ano electoral onde se elixirá a sucesión presidencial de Luiz Inácio Lula da Silva. Por tomar algún exemplo da súa relevancia internacional, no 2009 o Brasil foi seleccionado como sede dos Xogos Olímpicos do 2016 (así como tamén o será do Mundial de Fútbol do 2014) ampliando con isto a súa proxección global.

Son diversas as razóns que afirman a fortaleza do Brasil. A súa eficaz ortodoxia económica permítelle afrontar con garantías os avatares da crise económica e financeira global. Garantida a súa estabilidade política, asegurando a transición democrática iniciada no 1985, o Brasil perfílase cara a unha nova fase política, interpretada no remate da Era Lula (2002-2010), prevista para outubro do próximo ano.

Moi probabelmente, sexa quen sexa o gañador ou gañadora, o país sudamericano seguirá avanzando na senda do progresismo. Pero ninguén dubida dos retos que esperan o Brasil, especialmente en materia de pobreza e desigualdade económica. Pero os progresos son evidentes, se tomamos en conta o alcance dos programas sociais de Lula (Fame Cero e Bolsa Familia) e a disciplina macroeconómica.

No plano internacional, o Brasil anúnciase como unha referencia do sur que tenta avivar a súa voz nos foros internacionais (G-20, BRIC, IBSA). O 2009 foi prolífico neste sentido, anunciándose como defensor



Dilma Rousseff e Luiz Inácio Lula da Silva.

JAMIL BITTAR / REUTERS

No plano diplomático, o Brasil preséntase como unha referencia para as demandas do sur”

Para as eleccións presidenciais do 2010, o favorito é José Serra, de centro dereita”

das demandas para un mundo multipolar e multilateral.

OUTROS RETOS. Pero a política brasileira terá outros retos a afrontar. Se tomamos en conta as candidaturas presidenciais, o favorito é o centrodereitista José Serra (PSDB), ex ministro con Fernando Henrique Cardoso e actualmente gobernador do Estado de São Paulo. As demais candidaturas pertencen a mulleres: Dilma Rousseff, Marina Silva e Heloísa Helena.

Con isto se define unha posición de xénero que pode ser referencia mundial, sendo estas tres mulleres de esquerda provenientes do PT de Lula.

Tanto coma a perspectiva de xénero, debe engadirse a relevancia política e electoral do factor ambiental, en especial na candidatura de Marina Silva, que define outra variábel progresista, orientada cara á ecoloxía política, defendida por Lula no polémico Cumio de Copenhague sobre o Cambio Climático. Lula tentará así traspasarlle a súa popularidade á candidatura de Rousseff como abandeirada do PT.

No 2009, o Brasil tamén afianzou outras variábeis de poder. Conseguida a súa seguridade enerxética, ampliada co descubrimento de novos depósitos na costa atlántica, Lula avanzou tamén na orientación dunha diplomacia global que espera afincar o Brasil como potencia militar e nuclear, trazadas cos seus achegamentos cara a Rusia, a China, a India, Irán, Francia, etc. Igualmente, apréciase a implicación do Brasil como actor xeopolítico vital na resolución de conflitos en América Latina, tal e como se evidenciou recentemente nas crises políticas en Honduras e entre Colombia e Venezuela.

BICENTENARIOS. Este prestixio internacional do Brasil afianzará no 2010 o seu crecente protagonismo global. O momento loce historicamente conmemorativo, ante a celebración dos Bicentenarios das Independencias hispanoamericanas, máis tardía no caso brasileiro. Igualmente, a capital, Brasilia cumprirá o seu primeiro medio século de existencia, confirmando a súa posición nos planos interno e externo. Igualmente, ábreanse novas perspectivas, en especial ante os retos deportivos a celebrarse en 2014 e 2016, que poden incrementar a súa importancia no caso de que a *canarinha* (a selección brasileira de fútbol) logre adxudicarse o título no próximo Mundial de Sudáfrica do 2010.

Con estes factores, a próxima presidencia brasileira para o período 2010-2014, con posibilidade de reelección, deberá encarar ese protagonismo internacional coas necesidades locais. Unha esquerda politicamente atomizada pode darlle curso a unha alternativa política que irrompa como referencia ante o bipartidismo PT-PSDB. Con estas dinámicas e as súas complexidades, o Brasil afronta o 2010 cun optimismo que incrementará o seu estelar momento.●

LATEXOS

DESPOIS DE COPENHAGUE

X.L. Franco Grande

Neste mundo todo é relativo: pouco, moi pouco, se obtivo en Copenhague, pero, se o comparamos coas teorías dos republicanos (que din que o cambio climático é só fascismo científico) hai un principio de algo: proxecto de limitacións de 2° C na emisión de gases ou o destino de 300.000 millóns de dólares para axuda aos países en vías de desenvolvemento.

O mínimo compromiso dos países máis contaminantes –EE UU e a China– non chega nin a establecer un verdadeiro apoio financeiro aos países pobres para que estes poidan concretar medidas de protección do medio ambiente. Nin ten o acordo forza xurídica para obrigar a nada.

Penso que ten razón Naomi Klein (*The Nation*, 16 decembro) cando di que toda África vai quedar desprotexida co límite dos 2° C, pois nas temperaturas medias globais ese límite tradúcese nun 3-3.5° en África, polo que conforme dixo o Arcebispo Dúsmo Tutu, é levala á incineración e non ao desenvolvemento moderno.

Movéndonos nesas cifras, o límite de 2° C condenará, en África, a 55 millóns de persoas á fame e de 350 a 600 millóns ao estrés hídrico. O que podería ser un índice aceptable, en principio, para moitos países, de ningunha maneira o é para África. Nin sequera se fixo mención dese feito en Copenhague.

Os máis optimistas pensan que, polo menos, se tomou conciencia do problema, que este agora xa non se nega, e din que hai unha boa diferenza entre Kioto e Copenhague. Pero o mínimo compromiso da capital danesa non vai evitar que o problema se agrave e que, ao mellor, se orixinen cambios irreversibles neste planeta.●

O mínimo compromiso da capital danesa non vai evitar que o problema se agrave”





Instalacións centrais do Banco Canarias en Caracas.

JORGE SILVA / REUTERS

Chávez reacciona contra a corrupción

O goberno venezolano interveu os bancos propiedade dos grupos empresariais máis fieis até o momento. Evitar a pantasma da corrupción podería ser o motivo principal pero hai dúbidas sobre se a finalidade real é evitar unha alternativa de poder

Laudelino Pellitero
Director do Instituto para a Proxección e a Análise Exterior (IPAEX)

O 20 de novembro o goberno venezolano interviña os bancos Canarias, Banpro, Bolívar e Confederado. Ao tempo era encarcerado Ricardo Fernández, líder dun grupo financeiro que controlaba o 13% dos depósitos bancarios nacionais. 15 días máis tarde eran os Bancos Central, Baninvest e Realos que pasaban a mans do estado. Quen caía preso era Arné Chacón, irmán do poderoso ministro de Comunicación, Jesse Chacón.

Tanto Arné Chacón coma os irmáns Fernandez Barrueco forman parte dunha nova clase denominada "Boliburguesía Bolivariana". Empresarios de carreira meteórica que á sombra da revolución fixeron lucrativos negocios.

Os Barrueco son fillos de emigrantes de orixe asturiana

que posuían a concesión do garaxe do Hotel Hiltón e asentáronse no Barrio da Candalaria onde chegaron tantos galegos. Até o 2002 manexaban negocios no transporte de cereais. Sete anos máis tarde o seu imperio esténdese por 21 grandes empresas do sector da agroindustria, nove da pesca comercial, sete das navieiras ou estaleiros, bancos, etc. Sen contar coa distribución exclusiva na rede de supermercados públicos de alimentos a baixo custo para persoas de escasos recursos, que lle valeron o alcume do Zar do Mercal.

A sorte dos seus negocios cambiou o día que puxo ao servizo da supervivencia do presidente Hugo Chávez a súa infraestrutura e activos para botarlles o pulso aos poderosos e desestabilizadores grupos empresariais tradicionais que mantiñan inactiva a Venezuela



O clan dos Barrueco posúe empresas agrícolas, pesqueiras, navieiras e sobre todo unha importante rede de supermercados"



Un grupo de 50 deputados do partido do goberno concluíu, tras unha reunión a porta pechada, que o bolivarismo tiña dentro unha quinta columna"

durante os dous meses de paro petrolero de finais do 2002.

Arápida decisión do presidente de intervir todos os bancos, propiedades, empresas e recursos financeiros do "Cisneros bolivariano" podería inscribirse dentro dunha súbita loita contra a corrupción, tan nomeada no interior coma no exterior.

No Informe 2009 sobre a percepción da corrupción, Venezuela sitúase no último lugar da América Latina. Unha das críti-

cas que recibe o traballo realizado pola organización Transparencia Internacional, que tenta medir o Índice de Percepción da Corrupción é que non se basea en feitos, tan só en opinións. Tampouco inclúen unha mostra universal senón selectiva, configurada na súa maior parte por empresarios ou persoas dos medios de comunicación.

RIVAIS POLÍTICOS. Mais pode que non esteamos tan só diante dunha operación presidencial contra a corrupción. Existen outras hipóteses máis conspirativas.

Hai unha semana, un grupo de 50 deputados do partido do goberno, despois dunha reunión a porta pechada no parlamento, chegaron á conclusión da existencia dunha quinta columna interna que poría en perigo o futuro da revolución.

Nesta hipótese, os poderosos Barrueco considerarían acadado o seu teito empresarial nos arrabaldes da revolución, e considerarían chegada a hora de abrirse a outras alternativas políticas que superasen a Era Chávez. Cando, logo dun lustro prodixioso, o país entra en recesión, que a CEPAL sitúa nun 2,3 para o 2009, puidese ser o momento apropiado para manobras turbulentas.●



INTS KALININS / REUTERS

Instalacións da CIA en Lituania.

DEREITOS HUMANOS / LITUANIA
ACIA TIÑA UN CÁRCERE CLANDESTINO EN VILNIUS

Unha investigación parlamentaria lituana concluíu que a CIA, servizo secreto dos EE UU, mantivo entre o 2004 e o 2005 un cárcere clandestino nos arrabaldes da capital do país báltico, Vilnius. Este relatorio confirma as investigacións de varios xornalistas estadounidenses, que afirmaran que os presos "non oficiais" que os norteamericanos detiñan en todo o mundo eran trasladados a Lituania, Polonia e Romanía.

CAMBIO CLIMÁTICO / ONU
MAL SABOR DE BOCA DE COPENHAGUE

Acabado o Cumio sobre Cambio Climático de Copenhague, comezan a coñecerse as opinións dos principais actores sobre os seus resultados. A China quixo saír ao paso das acusacións de que torpedeara as decisións de reducir o nivel de emisións. Os EE UU presumen de que por primeira vez na súa historia participarán nun esforzo colectivo a prol do clima e a UE, a través da presidencia sueca, cualificou de fracaso a xuntanza por non lograr ningún compromiso real e global.

POLÍTICA / EE UU
VÍA LIBRE PARA A REFORMA SANITARIA DE OBAMA

O presidente dos EE UU, Barack Obama, logrou o apoio unánime dos demócratas no Senado para o seu programa de reforma sanitaria. Este trámite parlamentario era o máis complicado e superalo supón que entre o 2010 e o 2013 31 millóns de estadounidenses terán seguro. A nova lei obriga a todos os estadounidenses a teren seguro médico. Aqueles que non teñan diñeiro recibirán unha subvención estatal. Ademais, as aseguradoras non poderán negarse a darlles cobertura a enfermos, como ocorre agora.●



REUTERS

TRIBUNA ■ Manuel Dios Diz.

Presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz.

OBAMA, AS GUERRAS XUSTAS E OS DEREITOS HUMANOS

Obama, no discurso de aceptación do Premio Nobel da Paz, en Oslo, resucitou o vello proverbio latino, atribuído a Flavio, “si bis pacem, para belum” (se queres a paz, prepara a guerra), un dito especialmente perverso, millóns de veces repetido, que cumprimos—inexorabelmente—durante séculos. E facemos aquilo para o que estamos preparados. Pero xa vaiendo hora de que convertamos en realidade un pensamento alternativo, un obxectivo que reclamamos desde o movemento de Educación para a Paz e que fixo popular Federico Mayor Zaragoza parafraseando o anterior: “Si vis pacem, para pacem” (Se queres a paz, prepara a paz), axuda a construíla cada día, contigo mesmo (autopacificación crítica) e cos demais, reivindicando que a guerra sexa, finalmente, declarada ilegal, como método para abordar os conflitos, porque abolir a guerra debiera ser un imperativo ético e moral das persoas decentes do século XXI.

Houbo, no pasado, Ministerios de Guerra, logo transformáronse en Ministerios de Defensa, e haberá, sen dúbida, Ministerios de Paz. Ao igual que acabaremos creando un organismo internacional de Gobernanza Planetaria, unhas Nacións Unidas—profundamente reformadas—, con lexitimi-



Barack Obama mostra o Nobel da Paz, en Oslo, o 10 de decembro.

REUTERS

dade, medios e capacidade para intervir, mesmo coa forza se fose necesario, diante de catástrofes humanitarias, xenocidios, enfrontamentos bélicos e situacións que vulneren inequivocamente os Dereitos Humanos. Isto, sabémolo, ten moi pouco que ver coa realidade actual. As actuacións unilaterais dos Estados, chamen como se chamen, por moi poderosos que sexan, a invasión violenta e a ocupación militar dun territorio para impoñer os seus criterios e intereses pola forza, ese concepto de guerra, preventiva, xusta ou santa, dá igual como se cualifique, será cada día, menos aceptado pola cidadanía global, e niso confiamos.

Non descobre nada novo

Obama cando resucita o termo de *guerra xusta*, xa empregado por Tomás de Aquino no século XIII. Todas as guerras son consideradas “xustas” polos seus promotores, chámense Bush, Obama ou Bin Laden. Esta é unha evidencia histórica. Mesmo o bombardeo nuclear de Hiroshima e Nagasaki foi aceptado como “útil”. Cómpre ler o magnífico poema do norteamericano Sam Keen, sobre a creación do inimigo, o “*Homo hostilis*”. Nos versos finais afirma:

“...cando teñas rematado o retrato do teu inimigo, poderás matalo e esnaquízalo sen sentir vergoña nin culpa ningunha.

O 10 de decembro, día dos Dereitos Humanos, foron escasas as referencias ao texto de 1948 e ao seu significado”

Houbo, no pasado, Ministerios de Guerra, logo transformáronse en Ministerios de Defensa, e haberá, sen dúbida, Ministerios de Paz”

Todas as guerras son consideradas “xustas” polos seus promotores, chámense Bush, Obama ou Bin Laden”

Porque entón o que destruírás terase convertido nun inimigo de Deus, nun obstáculo para a sagrada dialéctica da historia”

Moi pouco ten que ver o discurso do mandatario norteamericano en Oslo co pronunciado hai meses no Castelo de Praga, onde se comprometeu a abandeirar o desarmamento nuclear. Ou co que lanzou no Cairo en relación co Islam. Aquelas foron declaracións estratéxicas, como o anuncio do peche de Guantánamo (aínda pendente) ou a retirada de Iraq, conflito que sabe imposible de ganar. Estes anuncios, o cambio radical na política internacional en relación con Bush, foron os que quixo recompensar en Oslo o Comité Nobel, un camiño para facer entre todos, conxuntamente, sobre a base do multilateralismo, o diálogo e a negociación, alianza fronte a choque de ignorancias (que non de civilizacións), e cos dereitos humanos no horizonte.

José Antonio Marina explica, na súa magnífica obra filosófica e pedagóxica, que a gran construción humana non é, contra o que podería parecer, a


alta tecnoloxía acadada nos últimos séculos (particularmente para a morte), os enormes avances médicos e científicos, ou a capacidade humana para escudriñar no espazo exterior, nada diso. A gran construción da Humanidade é a plasmación e regulamentación, en códigos ético xurídicos, da nosa convivencia pacífica e que ten, precisamente, nos Dereitos Humanos, unha das súas máximas expresións universais.

Por iso sorprende o grao de descoñecemento, mesmo en ámbitos académicos, da Declaración Universal de 1948, a pesares dos grandes esforzos realizados por entidades da sociedade civil que adicamos tempo e recursos, desde hai anos, á *Educación para os Dereitos Humanos*.

Foi, sen dúbida, como consecuencia dos insistentes chamados a incorporar estas ensinanzas no currículo escolar que, na actualidade, teñamos *Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos* impartíndose—con total normalidade—nos colexios e institutos, seguindo o exemplo doutros países do noso entorno e aplicando—por fin—as recomendacións da ONU, da UNESCO e do Consello de Europa, con case que dez anos de atraso...

Con todo, a cidadanía, os intelectuais, as universidades, os medios de comunicación, fan aínda esforzos reducidos por contribuír a visibilizar na sociedade os Dereitos Humanos. Mesmo no seu día, o 10 de Decembro de cada ano (vimos de comprobalo con tristeza unha vez máis), son escasas as referencias na opinión publicada, ao texto de 1948 e ao seu significado.

E cómpre ler, de cando en vez, o seu Preámbulo e os 30 artigos que conforman ese texto extraordinario, obra de personalidades excepcionais. A introdución non articulada resulta dunha lectura moi saudábel, especialmente, en tempos de incerteza e confusión, porque axuda a levantar o ánimo, mellora a nosa autoestima como especie e fainos confiar na enorme capacidade das persoas para facer o ben.●



Unha reflexión coral e plural
sobre a dimensión, importancia e
transcendencia do europeísmo
no pensamento de
Ramón Piñeiro

Prezo: 10 euros
Solicite o seu exemplar en:
info@igadi.org / 986 357 238

Fomento retira a licenza de voo a Air Comet. Concha Gutiérrez, secretaria de Estado de Transportes, anunciou o 22 de decembro. A empresa, da que é propietario **Gerardo Díaz Ferrán** [na foto], presidente da patronal española, suspendera pagos o día anterior afogada por unha débeda de máis de 100 millóns de euros. Case 650 empregados quedan no paror.●



CONCESIÓNSENERXÉTICAS

Eólicas, a necesidade de experiencia dificulta a entrada de capital galego

O PP afirma que a nova lei promove a profesionalización, pero a oposición afirma que entrega os muíños ás multinacionais foráneas



Eolos na Serra do Candán.

X. TABOADA

X.G.

O día 21 de decembro o Parlamento de Galicia aprobou co único apoio da maioría absoluta do PP dúas normas importantes: a nova lei eólica e a modificación da de comercio. Ambas supoñen a revisión da política do goberno bipartito da lexislatura anterior e foron moi criticadas por PSdeG e BNG.

A que suscitou unha maior polémica foi a nova lei eólica. Abel Losada, deputado socialista, acusou á Xunta de “focalizar de novo as adjudicacións nas grandes empresas eléctricas españolas”. A clave do cambio de normativa explicouna Pedro Arias, do PP: o goberno elixirá as empresas que xestionarán parques eólicos en función da “profesionalidade do solicitante, que pasará pola súa solvencia técnica e a experiencia no sector eólico”.

O Partido Popular trata así de xustificar a paralización do concurso eólico promovido pola anterior Consellería de Innovación e Industria, dirixida polo nacionalista Fernando Blanco. Nunha primeira selección, as empresas beneficiadas tiñan na súa maioría capital galego pero pouca experiencia no sector enerxético. Así, os seguros beneficios do negocio eólico reparti-



Recupérase un sistema de adjudicación discrecional no sector eólico. Volvemos á etapa de Fraga, un goberno especializado nos cuñados”

Abel Losada
Deputado socialista.

ríanse entre conserveiras, cooperativas gandeiras, construtoras e estaleiros. Tamén a Administración recibiría fondos adicionais ao entrar no accionariado das empresas eólicas.

REGRESO Á ERA FRAGA. A oposición non ten tan claro como o PP que o novo modelo eólico vaia favorecer a profesionalización do sector. Abel Losada insistiu en que “constatamos que se recupera un sistema de adjudicación discrecional. Volvemos á etapa de Fraga, un goberno especializado nos cuñados”. O socialista referíase ás irregularidades que recolleu este ano o Consello de Contas no informe sobre sobre 2005, último ano dos Gobernos de Manuel Fraga. Un dos grandes beneficiarios de concesións eólicas fora un familiar do daquela director xeral de Industria.

Fernando Blanco ilustrou o novo escenario coa famosa foto do “abrazo do oso” de Ignacio Sánchez Galán, presidente de Iberdrola, o día da investidura de Feixóo. Pedro Arias admitiu que “o modo de adjudicación non está especificado na lei, pero isto está permitido no dereito administrativo”. As críticas da oposición centráronse tamén na aplicación do canon eólico, a taxa que substitúe á participación do accionariado nas empresas concesionarias. PSdeG e BNG coincidiron en que “haberá unha longa batalla nos xulgados”, motivada pola inseguridade xurídica que provoca a nova lei.●

Présas no Parlamento

A aprobación destas dúas leis pola vía de urxencia non foi unha excepción nos oito meses que levamos de lexislatura. De feito, das dez tramitadas só a dos Orzamentos seguiu a vía ordinaria. Así, a derogación da Lei de Pesca do bipartito antes da súa entrada en vigor, a supresión do exame de galego para os funcionarios, a Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario, a rebaixa dos impostos sobre algunhas doazóns e transmisións patrimoniais, a modificación da lei de Transporte Público e a nova Lei de Pesca xa se adoptaron como urxentes.

A oposición critica a excesiva acumulación deste modelo de decisión, que a maioría absoluta do PP fai posíbel. Antes de que acabe o ano queda a aprobación da Lei de Caixas de Aforros, que mesmo requirirá un Pleno Extraordinario nunhas datas que tradicionalmente os parlamentarios empregaban como vacacións de Nadal.●



A oposición critica a proliferación do procedemento de urxencia, que a maioría absoluta do PP fai posíbel”

A lei de Comercio ábrese ás grandes superficies

Se a nova lei que regula a enerxía eólica se tramitou en pouco máis dun mes, a adaptación da lei de comercio ás condicións impostas na directiva de servizos da UE só pasou once días no Parlamento. O prazo imposto polas autoridades comunitarias remata o 28 de decembro. O cambio máis significativo da modificación da lei aprobada o día



Só requirirán licenza autonómica as grandes superficies que afecten a varios concellos”

21 consiste en que só requirirán licenza autonómica as grandes superficies que afec-

ten a varios concellos. O obxectivo é aumentar a liberalización do sector.

Xavier Guerra, conselleiro de Economía e Industria, argumentou na súa defensa que nas próximas semanas o Goberno galego aprobará unha modificación integral da Lei de Comercio “que lles dea respostas aos comerciantes e protexa os consumidores”. Non con-

venceu á deputada socialista María Quintás, quen criticou “a incompetencia, improvisación e falta de respecto polo Parlamento da Xunta de Galicia”. Un pluriempregado Fernando Blanco criticou o fondo da lei, e afirmou que a directiva europea se elaborou “nun momento de expansión económica que non se corresponde coa realidade actual”.●

A folga de fame dos operarios Termavi remata logo de 6 días. Catro dos nove despedidos pola empresa que descarga contedores no porto de Vigo pedían a readmisión nun guindastre a corenta metros de altura. O resto dos compañeiros mantiveron unha folga indefinida. O conflito rematou tras aceptar a maioría un plan para a prexubilación ou recolocación. O acordo foi asinado por UGT e rexeitado pola CIG, que esixía a readmisión.●



O FUTURO DAS CAIXAS

Fernando Blanco, deputado do BNG

‘A Lei de Caixas debe incidir na capacidade de veto do goberno galego’

Xurxo González

Varios dos estandartes do PP contra o bipartito céntranse en medidas adoptadas polo equipo do ex-conselleiro nacionalista Fernando Blanco (Lugo, 1959). Así, mentres negocia con Pedro Puy (PP) e Xaquín Fernández Leiceaga (PSdeG) o relatorio da nova Lei de Caixas de Aforro, debe defender no Parlamento a súa xestión nos debates sobre as novas leis de enerxía eólica e de comercio. A norma sobre as caixas foi debatida en comisión o 23 de decembro e chegará ao pleno para a súa aprobación o próximo día 29. Aínda que non cantarán vitoria até a votación no pleno, os nacionalistas semellan satisfeitos coa repercusión do seu ideario na modificación “dunha das leis que máis incidencia terá durante esta legislatura”, afirma Blanco.

Os últimos días vostede reuniuse varias veces con Puy e Leiceaga. Cal é o estado a día de hoxe da negociación?

Negociaremos até o último momento para perfilar o relatorio, que non é máis que os puntos nos que existe consenso e acordo. Logo hai cuestións que cada un mantén a maiores e que se defenderán no debate na comisión e no pleno.

Cales son os principais puntos de acordo?

En primeiro lugar, a participación da Xunta dun vinte por cento nas asembleas e nos consellos de administración, de xeito proporcional. Por primeira vez o conxunto das galegas e dos galegos van ter representación nas caixas. Non será dun determinado partido político, senón do Parlamento, que reflicte mellor esta vontade a través da súa composición e do equilibrio entre os seus grupos. En segundo lugar, introdúcense melloras

na transparencia dos cargos e dos órganos de dirección. Neste sentido instáurase un sorteo libre e directo para a elección dos representantes dos impositores para evitar calquera tipo de suspicacias. Por último, mellórase a información coa creación dun comité de retribucións e investimentos. O obxectivo é mellorar o control das actividades das caixas.

Feixóo insistiu nos últimos días en que non permitirá que cargos políticos ocupen postos nos Consellos de Administración das caixas. Criminalizan este tipo de medidas o mundo da política?

Esta é unha pregunta para os que critican esta medida, como por exemplo o Partido Socialista. Insisten en que a nova lei pretende politizar as caixas cando o PSdeG ten tres membros no Consello de Caixa Galicia, Xosé López Orozco [alcalde de Lugo], Mar Barcón [secretaria de organización do PSdeG] e Salvador Fernández Moreda [presidente da Deputación da Coruña]. Eles son os que criminalizan o desempeño político. A min paréceme positivo que non se poidan compaxinar cargos electos co Consello de Administración das caixas porque este último esixe unha grande dedicación e non é bo agrupar responsabilidades nas mesmas persoas.

Preténdese evitar espectáculos como o da recente listaxe de cargos propostos polo PP de Madrid para a Asemblea de Caja Madrid, inzada de parlamentarios, vicealcaldes e consejeros...

Tan malo é criminalizar a actuación dos políticos, porque até agora apenas os había nas caixas galegas e están como están, como que só sexa unha representación política. As persoas que elixen o Parla- >>>



PEPE FERRÍN/AGN

Ningunha lei se fai para favorecer unha fusión ou non. O obxectivo é fixar o escenario”

Paréceme positivo que non se poidan compaxinar cargos electos co Consello de Administración das caixas porque existe unha grande dedicación”

O PSOE critica a politización pero ten tres dirixentes do partido de conselleiros en Caixa Galicia, un deles de vicepresidente”

Caballero e Losada non entenden a mensaxe. Aquí non estamos para salvarlles as eleccións a uns alcaldes ou a outros”

>>> mento deben ter tempo, coñecemento e habilidades que permitan mellorar o funcionamento das entidades. **Canto se modificou no relatorio a proposta orixinal do BNG?**

Só se pode traballar sobre os artigos que nós emendamos no texto que o Parlamento aceptou o día 25 de novembro. O traballo que desenvolvemos estes días no relatorio consistiu en introducir matizacións ou substitucións por textos máis completos. En todo caso non se variou o aspecto troncal da lei. Tiñamos tres obxectivos: entrada da Comunidade

autónoma, democratización e transparencia dos órganos de goberno e maior conexión das caixas co desenvolvemento económico de Galiza. Eses tres aspectos están recollidos e é o substancial para o BNG.

O PP ten a maioría absoluta, e pode introducir modificacións na comisión e no pleno. En caso de que estas desvirtuasen o texto, podería o BNG retirar esta Lei?

Desde o momento en que a proposición se admite, pertence ao Parlamento, xa non é só do BNG.

Como afecta a maioría absoluta á negociación? Existe vontade de diálogo e de consenso por parte do PP?

O guión do relatorio até o momento consiste en que os tres grupos compartimos moitos aspectos e todos temos que ceder no resto. Estámolo levando adiante nun ambiente cordial.

Onde se centran as discrepancias?

Nós somos partidarios de facer unha referencia máis explícita á capacidade da comunidade autónoma de vetar calquera acordo que non gustase. Neste sentido as referencias ao FROB son un paso adiante, pero gustaríanos ter sido máis concretos. Nós propoñemos, por exemplo, indicar que non se pode cambiar o enderezo social das caixas. Pero insisto en que o substancial da nosa proposta está recollido no texto.

Pódese dicir entón que o BNG quedará satisfeito coa nova Lei de Caixas?

Saberémolo cando acabe o debate no pleno do Parlamento. Antes non. Con todo, os aspectos esenciais están reflectidos no relatorio, iso non o imos negar.

Quizais o máis difícil de explicar sexa a urxencia da tramitación nunha lei deste alcance...

Houbo un mandato unánime do Parlamento para habilitar todos os días co obxectivo de acabar antes do 31 de decembro. Tivemos varias reunións de moitas horas, e o relatorio está moi avanzado. Non por dilatar a aprobación ou os debates se ían producir grandes cambios.

A introdución da representación do Parlamento reduce a

das entidades benéfico-sociais.

Esta última non tiña moito fundamento, e máis sabendo como se articulaba nalgúns casos. Foi substituída pola representación de todos os galegos. Agora o procedemento é máis rigoroso.

Abel Caballero, alcalde de Vigo, mantén unha postura moi combativa contra a fusión. Xavier Losada, rexedor da Coruña, tamén trata de influír no futuro das entidades. Que problemas poden causar os intereses contrapostos dos grandes concellos?

Non entenden a mensaxe. Non vai haber nin unha caixa de Vigo nin da Coruña. Ningunha lei se fai para favorecer unha fusión ou non. O obxectivo é fixar o escenario no que se teñen que mover todas as entidades, haxa unha ou dúas. De feito, a norma afecta tamén á Caixa Rural Galega, que non está nestas guerras pero tamén é unha caixa. Non se pode falar desde perspectivas localistas ou intereses electorais. O que hai que defender en todo caso é a vinculación co territorio e que se responda ás necesidades dos galegos. Aquí non estamos para salvarlles eleccións a uns alcaldes ou a outros.

Manuel Vázquez, líder do PSdeG, cualificou nunha entrevista na TVG o día 21 a Lei de Caixas como unha norma nacionalista que se aprobará co apoio do PP. Supoño que vostedes interpretan estas declaracións como un afago...

Que un grupo de doce deputados sexa capaz de poñer en marcha unha das leis que seguramente terá máis incidencia nesta lexislatura sempre é importante, e nese sentido nós estamos satisfeitos. Con todo, estamos buscando acordos con todos os grupos para mellorar á lei. Non é nada malo que unha lei promovida polo BNG sexa consensuada por outros, niso consiste un Parlamento. O estraño é que a alguén lle estrañe. É certo que esta circunstancia non é habitual, pero debería selo máis. Quizais habería que recuperar certos hábitos da época da Transición, onde se buscaba consenso e diálogo para tentar facelo o mellor posíbel.●

CATALUNYA-ESPAÑA

Manuel Cao

A influencia na axenda política española da problemática de Catalunya medra día a día de xeito semellante ao que antes ocorría con Euskadi. A maioría española en Ajuria Enea desactivou boa parte dos problemas ocasionados polo nacionalismo vasco penalizado polo uso do terrorismo na loita política. En realidade, o peso das dúas autonomías é moi diferente, tanto dende o punto de vista demográfico, económico e institucional, pero o sistema democrático e o avance da globalización proporciónanlles novas oportunidades aos axentes nacionalistas.

Nos últimos tempos o Estatut hexemonizou o debate en España ao resultar esencial o encaixe de Catalunya no Estado das Autonomías. Pesa, ademais, a necesidade de darlles cabida ás novas demandas da sociedade catalá, situada entre a apertura económica da globalización e o desempelo pola UE de moitas políticas de Estado e, por outro lado, a pertenza a un sistema institucional estatal cun compoñente inercial centralista no ámbito sociolóxico e mediático. O conflito entre España e Catalunya é estrutural, pois a elite madrileña dominada pola burocracia ten dificultades reais para aceptar a idea de plurinacionalidade dado que supón perder o monopolio na determinación da axenda e optar por un poder compartido coas autonomías, o que se suma á cesión de soberanía a Bruxelas.

De aí derivan esas elaboracións entre a catástrofe e a melancolía sobre “o que queda de España, a rotura ou desaparición do Estado” que veñen recoñecer a caducidade duns modos de facer política e negocios ancorados no pasado. Os medios de comunicación radicados en Madrid xunto co poder inercial da xustiza son, talvez, os principais redutos centralistas mediante a elaboración de discursos e sentenzas que levan ao enfrontamento ao negar as preferencias políticas e non recoñecer a diversidade social, lingüística e cultural.

Catalunya está en boa posición para un desenvolvemento autónomo no ámbito institucional e lingüístico-cultural pero tamén lle convén ter capacidade de decisión nos temas económicos pois pasou o tempo do reparto implícito que reservaba para a burguesía catalá o mercado español a cambio da desactivación da autonomía política. Coa globalización, a implantación do euro e as políticas comunitarias, os rendementos da pertenza a España redúcense sobre todo cando algúns axentes políticos tratan de obter réditos electorais co anticatalanismo.

A vontade de autogoberno estase a manifestar na liorta sobre o Estatut con iniciativas como o editorial conxunto dos diarios cataláns e é a fortaleza da sociedade civil comprobábel en todos os ámbitos. A capacidade de innovación e adaptación ás novas tecnoloxías e dinámicas globais configura unha sociedade apta para sobrevivir nos espazos socioculturais, económicos e institucionais globais polo que a sociedade española terá que asumir o feito plurinacional como un elemento enriquecedor nos modelos de gobernanza que se aplican no seo da Unión Europea.●

Asociedade española terá que asumir o feito plurinacional como elemento enriquecedor nos modelos de gobernanza que se aplican na UE”



O.C.D. Lugo remata o ano en postos de ascenso. O CD Lugo é terceiro na clasificación do grupo I da Segunda División B, despois de impoñerse por 1-0 ao Bilbao Athletic en partido correspondente a décimo oitava xornada de liga, coa que se pechou o ano futbolístico. O cadro lugués suma 32 puntos, a tan só catro do líder, o Eibar. Porén, Racing de Ferrol e Compostela encóntranse en postos de descenso.●



CINEXÉTICA

Acaza, a debate

Grupos ecoloxistas e a Federación Galega de Caza discrepan sobre se é un deporte ou 'unha masacre'

Antonio Cendán

O último accidente que se cobrou a vida dun cazador fai que o deporte das escopetas salte outra vez a primeiro plano. A pesar desta circunstancia, o presidente da FGC, Xosé María Gómez Cortón, asegura que é un deporte seguro e as posibilidades de ter un accidente "son de unha entre un millón". Porén, o representante do grupo ecoloxista ADEGA, Fins Eirexas, sinala que "ninguén pode garantir a seguridade cando se sae ao monte cun arma mortal".

A CAZA, DEPORTE? Aínda que a Federación Galega de Caza figura como adscrita á Secretaría Xeral do Deporte e está recoñecida coma unha práctica deportiva, contando con 70.000 licenzas, ao longo dos últimos tempos xurdiron voces que se alzaron contra o mundo dos cazadores, principalmente procedentes de organizacións ecoloxistas que consideran que se trata dunha "masacre" e que de deporte "non ten nada". Na opinión de Eirexas, "ao feito de organizar unha batida masiva de raposos, aínda por enriba patrocinada por institucións públicas, non se lle pode chamar campionato, porque o que se trata e de quen mata máis animais. O que leva o trofeo é aquel cazador ou cuadrilla que mate un maior número de raposos. Iso non se pode considerar nunca un deporte senón unha actividade mal regulamentada e principalmente en Galicia, ademais ulo está o afán de superación, propio de calquera deportista".

Pola súa banda Gómez Cortón defende a súa postura argumentando que "se trata dunha actividade legal é polo



Caza do porco bravo.



Hai moitos porcos bravos e iso está causando desfeitas nos cultivos"

[Xosé Mª Gómez Cortón]
Presidente da Federación Galega de Caza.



Unha batida de raposos non pode ser chamada campionato"

[Fins Eirexas]
Secretario executivo do grupo ecoloxista ADEGA.

tanto un deporte. A caza é unha actividade física saudábel e tamén intelectual, xa que saímos ao monte co ánimo de reforzar as nosas relacións sociais e de pasalo ben, sen ánimo de molestar a ningún".

OS 'TROFEOS' DE CAZA. Evidentemente o principal obxectivo da

caza son os animais que cada cazador consegue abater. O presidente da organización dos cazadores xustifica as batidas en determinadas especies "polo elevado número de pezas que comezan a existir de xabaríns ou raposos, a máis dos estragos que estes animais causan no campo, dun xeito especial os primeiros". Apunta que "a elevada cifra de porcos bravos que hai no rural galego fai que causen desfeitas nos cultivos, polo que moitas veces temos demandas de agricultores e gandeiros para saír na súa defensa". Recalca tamén que "os cazadores só abatemos aquelas especies que marca a lei. A nosa responsabilidade impídenos matar máis dun animal dos que se asine en cada Territorio Ecoloxicamente Ordenado (TECOR). A máis, ningún coma nos coñece cales son as especies protexidas e, por suposto, non lles tocamos".

Porén, Fins Eirexas apunta que "hai un gran número de cazadores que considera o monte coma un couto privado, cunha



Caza do raposo.

idea antiga do que é a caza, propia dos séculos XVIII e XIX. Non queren darse conta de que as circunstancias mudaron substancialmente". Sinala tamén que "moita xente que vai cunha escopeta ao lombo considera que por iso segue a ter un status social e ve nos que imos gozar tranquilamente do monte uns inimigos". Ademais, o representante de ADEGA lembra que "as cacerías a carón de lagoas e humidaís houbo que prohibilas pola elevada contaminación de chumbo que ocasionaban os proxectís das escopetas.

EKOLOXISTAS E CAZADORES. A pesar de todo, existen puntos de encontro entre uns e outros. Así, Gómez Cortón, sinala que "persoalmente non teño controversia con aquelas entidades ecoloxistas que teñen un punto de vista democrático. É certo que podemos ter algúns principios e criterios opostos, pero en ambos casos respectábeis. O que temos que tratar é de buscar puntos de encontro en asuntos

que consideramos cruciais, entre eles os relativos á conservación das especies. As discrepancias parten das persoas e os seus principios. Nos entendemos que a caza é unha actividade sen consecuencias ambientais".

Pola súa parte, Fins Eirexas asegura "manter boa relación, e estar sempre aberto ao diálogo, co grupo de cazadores responsables, eses que no ano 2007 decidiron non cazar e estaban dispostos a que ese ano non se abrise a tempada a consecuencia dos espantosos lumes que asolaran Galicia no 2006. Esta actitude é unha garantía de que a caza ten porvir no país e que a actividade proseguirá en vindeiros anos. Tamén hai outro grupo que se opón a xente que vai pegar tiros ao monte sen mais".

Eirexas conclúe que "a caza en Galicia vaise acabar e non porque se prohiba, senón por que nuns anos non haberá que cazar, dado que moitas especies cinexéticas están directamente vinculadas coa actividade humana".●

O Tribunal Supremo reconece a marca de Gustavo Dacal. O Tribunal Supremo ditaminou que a marca de España lograda en 2003 polo lanzador de xavelina Gustavo Dacal (78,88 metros) é válida a pesar de que a Federación Española de Atletismo (FEA) non a reconeceu por cuestionar a homologación da xavelina e a súa vestimenta. Ademais, Dacal deberá ser indemnizado con 23.000 euros por parte da FEA. A anterior plusmarca databa de 1992 e estaba en poder do tamén galego Xulián Sotelo.●



ATLETISMO, CICLISMO, NATACIÓN

Saleta Castro, a deportista galega máis completa 'Gustaríame liderar o ránquing estatal absoluto de triatlón outra vez'

Antonio Cendán

A triatleta Saleta Castro (Pontevedra, 1987) é xa unha das grandes do deporte máis completo en todo o Estado. Un ano tras doutro, acapara podios e posicións meritorias nas distintas competicións que toma parte. Agora vén de completar outro magnífico ano acadando o campionato de España de duatlón sub 23 e a medalla de bronce a nivel individual. En 2008 fora primeira no ránquing estatal de triatlón. Este ano, unha lesión impediulle repetir o éxito.

Como comezou a practicar triatlón?

Corría o ano 2001 e facía ao mesmo tempo salvamento e natación, pero tamén comecei a practicar atletismo. Foi daquela cando me decidín a facer triatlón e a participar en moitas probas. As cousas foron bastante ben e aquí sigo.

É un deporte duro...

A verdade é que si, aínda que a min prodúceme moita satisfacción, é o que máis me gusta. Agora teño a ilusión de seguir progresando e acadando mellores postos a nivel estatal. De feito, na vindeira campaña centrareime máis que nada na categoría absoluta para tratar de volver liderar o ránquing, xa que este ano impediuno unha lesión.

É o triatlón o deporte completo?

Penso que é, xa que non se trata dun deporte só, senón que son tres e tes que prepararte coma se fosen tres disciplinas deportivas distintas. Sirva coma exemplo que non é o mesmo a preparación que se require en ciclismo e na natación. Mentres que no primeiro necesitas músculo á hora de competir esta circunstancia pode resultar negativa para a natación. Temos unhas duras sesións de adestramento que poden situarse en-



En ciclismo o precisas músculo, pero iso resulta negativo en natación"



Unhas zapatillas valen 800 euros, unha bicicleta 3.000, mentres que por un título galego danche 200"

tre tres e seis horas diarias. Logo hai triatletas que triunfan nun deporte individual coma a nata-



Na Copa de África en Mombasa.

ción ou atletismo. En Galicia está o caso de Iván Raña que se pasou ao ciclismo.

Supera ao pentatlón moderno?

Penso que si. Eles fan cinco deportes, pero dispoñen de tempo adicional entre as distintas probas, en tanto que aquí, no triatlón, non podes parar un intre. Sales da auga, tes que coller a bicicleta e logo correr. Ademais, a táboa de puntuación dunha

modalidade deportiva a outra e completamente distinta.

Despois dun bo 2009, cales son as súas aspiracións para 2010?

A comezos do ano que vén xa terei unha dura competición. O 7 de xaneiro estarei en Chile e na Arxentina nas Copas Panamericanas, para tratar de clasificarme para as World Series. Tamén teño a ilusión de ser campioa de España absoluta e loitar

por estar á fronte deste ránquing. O problema que teño é o calendario, xa que coinciden distintas competicións e terei que sacrificar algunha.

Pensa nos Xogos Olímpicos?

É a ilusión de todos. Pero resulta moi difícil acadar unha medalla, inflúen moitos factores. Ninguén nega a calidade que teñen Iván Raña ou Xavi Gómez Noia, pero non tiveron sorte á hora de competir. Para min o problema das Olimpíadas é que estás un pouco "vendida" ao tratarse dunha proba dun só día, mentres que unha Copa de Europa ou do Mundo faise en circuitos nos que prima a regularidade. De todos xeitos, considero que para estar plenamente nuns Xogos terei que agardar a 2016, pois neste deporte cada vez hai máis competencia.

O triatlón é un deporte caro...

Éo para os principiantes. Un equipamento un pouco decente custa moito. E cando comezas non tes patrocinadores. Unhas zapatillas pódennche valer 800 euros, mentres que unha bicicleta pode chegar aos 3.000. A todo iso hai que engadirle o traxe de neopreno. Dependemos moito dos patrocinadores e de xente que aposte por nós.

Que tal anda de economía?

A verdade é que non me podo queixar. Recibo boas axudas da Xunta e tamén do meu equipo, o Club Fluvial de Lugo. Tamén son importantes as bolsas da Federación Galega de Triatlón e dos patrocinadores. Sen eles non podería competir porque os premios por gañar un campionato son moi pequenos. Pódese dicir que simbólicos. O premio por un título galego sitúase arredor dos 200 euros, mentres que un campionato estatal está nos 1.500.●

Un ano de cambios no libro

Non hai datos aínda de que a crise afectase negativamente ao libro galego, aínda que as accións do Conselleiro de Cultura, Roberto Varela, apuntan xa á supresión das axudas á tradución. As editoriais, por outra parte, prepáranse xa, con tempo, para a chegada do formato electrónico

Manuel Xestoso

Probablemente o ano que acaba agora será lembrado durante algún tempo como 'o ano da crise'. Para o negocio editorial, o percorrido foi radical: comezamos 2009 desbordantes dun optimismo que aseguraba que o libro saía reforzado da recesión e rematámolo cunha agoireira prudencia que especula cos malignos efectos da contracción do mercado. Aínda non hai estatísticas definitivas que dean conta do estado de saúde da edición, polo que debemos conformarnos cos comentarios máis ou menos interesados que se lles escapan aos editores, que afirman que o sector está a enfrontar con relativa serenidade e sen grandes variacións os embates da depresión económica.

Os maiores perigos, paradoxalmente, semellan ter a súa orixe na Consellaría de Cultura. A ambigüidade na que se move dende a formación do novo goberno non invitan ao optimismo: polos mesmos días en que o Conselleiro asumía o compromiso de consolidar as axudas que puxera en marcha a anterior responsábel do departamento, a Deputación de Pontevedra rescindía o convenio que fornecía a súa rede de bibliotecas de títulos galegos; pouco despois, aquelas axudas reducíanse nun vinte e cinco por cento; unhas semanas máis tarde, anunciábase a anulación das subvencións a tradución—xusto no momento en que a importación de textos foráneos se consolidaba; Culturгал suspendeu-se; o Encontro de Novos Escritores celebrouse, por primeira vez, sen o apoio económico da Xunta; e o propio conselleiro recoñeceu que, nos orzamentos para 2010, que a promoción turística ten máis peso que as políticas culturais.



A declaración de 2010 como Ano do Libro e da Lectura xera algunhas expectativas”

En todo caso, a declaración de 2010 como Ano do Libro e da Lectura xera algunhas expectativas que deberán ser confrontadas cos logros de aquí a un ano. Polo de agora, o único que está claro sobre este proxecto é que vai asociado ao Xacobeo, ese magno evento de galeguidade para cuxa promoción o conselleiro quere contratar a Javier Marías.

En xeral, as declaracións de Roberto Varela tenden a revelar un concepto da cultura exclusivamente mercantil, facendo fincapé no “consumo cultural” e na “rendibilidade do que se produce”. Por suposto, non se pode esquecer que o mercado condiciona a produción cultural—aínda que explicar de que xeito sería extraordinariamente complicado—pero moito máis grave é obviar o feito de que a cultura non se pode entender unicamente en termos de mercado e de industria. Iso significaría reducil a

simple entretemento susceptible de ser valorado polo beneficio económico que orixine.

E falando de beneficios, 2009 pode ser tamén o ano do despegue do libro electrónico. Despois de moitas tentativas fracasadas de introducilo nos hábitos de consumo, semella que agora a presión dos fabricantes comeza a ser o suficientemente enérxica como para que as instancias procedentes demostren interese. Malia que o negocio promete ser moito máis suculento para os devanditos fabricantes de aparellos lectores que para as editoriais—que se verán obrigadas a baixar os prezos dos seus títulos para vendelas en versión e-book—, as principais casas galegas xa tomaron posicións, por se acaso. Mais talvez as cousas non vaian tan rápido como algúns desexan: segundo as últimas enquisas, só un 2% dos compradores de libros do Estado Español adquiriron os seus volumes a través de Internet. Axiña coñeceremos o alcance e a velocidade da migración ao universo dixital.

Canto á literatura propiamente dita—e visto todo o anterior—parece que é a única que se mantén fiel a si mesma. Axuntamos algunhas orientación escolmadas de entre as últimas novidades para certificarlo.●

Abatalla pola identidade

Neve
Orhan Pamuk
Galaxia

A obra máis declaradamente política de Pamuk condúcenos até un país atrapado no dilema de escoller entre o poder militar e a revolución islámica. Unha novela conmovedora que retrata a complexidade da realidade turca, punto de encontro entre os discursos europeo e musulmán. O perpetuo combate da tradición e a modernidade encontra aquí o seu perfecto eco na escrita do autor, que abala entre o clasicismo e a innovación, como indicándonos que a construción da identidade propia se realiza sempre nalgún punto intermedio dese conflito.●

M.X.



mostra o lado máis sórdido do soño americano cunha franqueza que escandalizou o *establishment* literario. O seu desapiadado sentido crítico combina á perfección cun humor festivo e mordaz que fai as delicias dos lectores. Mais non nos confundamos: alén da súa fama de *outsider*, podemos admirar neste libro un magnífico e orixinal escritor que consegue converter o difícil en fácil.●

M.X.

O culto á técnica

Delimvois
Rubén Ruibal
Xerais

Unha obra de teatro onde Rubén Ruibal reflexiona sobre as promesas de felicidade dunha sociedade na que o culto a tecnoloxía condena calquera tentativa de pensamento heterodoxo como “ideoloxía”. A posibilidade de que a tecnocracia se impoña até o punto de que razón e fe conflúan nunha perigosa adoración da novidade, na que a igualdade se transforma en unanimidade, non é allea ás preocupacións do home contemporáneo. Ruibal sabe presentar esta distopía coas doses precisas de meditación especulativa e humor. Unha fábula de grande actualidade.●

M.X.



Charles Bukowski.

Acara escura do soño americano

Pan con xamón
Charles Bukowski
Factoría K


Entre a literatura *beat* e o realismo sucio, Bukowski converteuse para sempre nun moi pouco santo patrón da contracultura de final de século. Neste relato autobiográfico, o gran bebedor



Crime nas conservas

Unha historia que non vou contar
Cid Cabido
Xerais

Cid Cabido é un autor sempre esperado, tanto polo seu orixinal estilo como polas súas arriscadas apostas argumentais.





Xosé Cid Cabido por Calros Silvar.

Neste caso deu un xiro cara unha temática real, próxima ao xénero negro: o dun crime cometido en 1974, relacionado co caso Reace ou do aceite de Redondela. O tema pode, sen dúbida, atraer a un público máis amplo do habitual. Cid Cabido recolle interesantes testemuñas, cun estilo a medias entre o xornalístico e o do investigador privado. Para introducila opta pola modalidade de que o narrador conte como realiza a súa investigación, coas súas dificultades e anécdotas, intercaladas coas propias paixóns, neste caso o alcohol e o sexo. Esta última é a parte que máis se resente, pois aínda que lembra o Cid Cabido habitual, resulta menos coidada. O libro merecía un maior esforzo narrativo, con todo non deixa de resultar un dos máis interesantes da temporada.●

M.V.

Reflexión sobre un cadro

Os once

Pierre Michon
Galaxia

Pierre Michon, coñecido sobre todo por *Vidas Minúsculas*, ofrécenos unha obra que reflicte sobre o cadro dos once membros do Comité de Saúde Pública, presidido por Robespierre, no apoio da Revolución francesa. A narración realízase a partir do autor do cadro, seguindo o estilo *ensaístico* que caracteriza a



Pierre Michon.

Michon, na liña de Magris, Sebald ou do seu compatriota Quignard. A anécdota desenvolvida, aínda que poida resultar interesante, non daba para moito e un tende a pensar que quedaría mellor nun relato de quince ou vinte páxinas. Isto non pareceu ser óbice para que a obra merecese o premio da Academia Francesa.●

M.V.



Manuel Rivas.

Os primeiros meses de Feixóo

Episodios galegos

Manuel Rivas
Galaxia

Volve o Rivas cronista do presente con esta recompilación de textos xornalísticos que foron aparecendo no 2009 na edición galega de *El País*. O cerne do libro é a chegada ao poder de Alberte Núñez Feixóo e o que autor considera o seu proceso de deconstrución da identidade galega. Xunguindo a actualidade con moitas referencias cultas, o coruñés diagnostica os vectores da política da nova Xunta ao tempo que deixa unha fenda para o optimismo pola reacción social en defensa do galego.●

C.L.



Relatos centenarios pero frescos

Contos completos (I e II)

Edgar Allan Poe
Galaxia

A colección 'Clásicos universais' celebrou o bicentenario do nacemento en Boston dun dos principais escritores en inglés coa publicación dos dous pri-



Edgar Allan Poe.

meiros volumes da triloxía de relatos completos do estadounidense. Traduce Eva Almazán seguindo a versión definitiva dos textos. Achegarse a estes dous volumes é descubrir a frescura, imaxinación e modernidade dun autor que aínda hoxe é influencia directa na narrativa mundial. Premio Lois Tobío ao libro traducido do 2009, da Asociación Galega de Editores.●

C.L.



Eduardo Moreiras.

O valor do día a día

Follas de vagar

Eduardo Moreiras
A Nosa Terra

Costa crer que o diario de Eduardo Moreiras en 1969/70 pasase case desapercibido cando a primeira edición e non tivese, nin sequera, unha nota a pé de páxina nas historias da literatura galega. Non xa pola modernidade coa que aborda o xénero, senón pola capacidade do autor, poeta relevante, como indagador de si mesmo e dese tempo crítico de cambios: descomposición final da Ditadura, vixencia da Guerra Fría, tránsito acelerado na urbanización do país e mudanzas nos paradigmas da ciencia.●

X.C.



Regreso ao pasado

O cabo do mundo

Xabier Quiroga
Xerais

Hai quen di que o engado do *best-seller* publicística editorial, que prende nos lectores como unha droga de deseno. Nada diso necesita Quiroga, como demostrou en *Atuado na Braña*, onde creou un clima a medio camiño entre o misterio e a reivindicación histórica. Desta volta parécenos que algúns dos elementos xa estaban escritos noutras obras, pero entre a súa man para manexar os tempos narrativos, a riqueza da linguaxe e a potencia de todo o que, aínda hoxe, rodea 1936 e a ditadura, volve meternos a fondo na desesperada procura dun fillo que o día que enterra a seu pai descubre que foi un paseador nas longas noites da represión.●

X.C.




Acima dun poeta

Ciclo de Xúpiter

Millán Picouto
Linteo

O poeta ourensán deu cabo con este libro a unha pentalo xía de obras de teatro en verso que supoñen un esforzo único na literatura galega de sempre. Afastado de *motu proprio* dos círculos literarios, dono singular do oficio poético e musical, Picouto armou eses ciclos.●

X.C.



Millán Picouto.

NUBE 2009

Rexina Vega

Empezamos? A Oficina da Deconstrución. A cultura galega está moi ben, pero limita un pouco. Hai máis que gaitas. Lei de costas. Negacionismo. Lingüicidio. Glotofaxia. Aposto a que a atopo 100.000 persoas que están en contra de Galicia Bilingüe. Busco Amante Galego Falante. Aberto por reformas. Diario Cultural. Extrarradio. Galicia Cunilingüe. Glory Lake. Multilingüismo. Ecolingua. Consenso. Cordialidade. Cordura. Desconcerto. Tanto amor non pode ser inútil! O autobús de Rosa Parks. Plataforma cívica. Barricadas. Liñas estratéxicas en proceso de actualización. Optimización de recursos. Miraxes. Libro aberto, Onda curta. Traducións. Centro Dramático. Centro coreográfico. Bandas. Premios Nacionais. Selección Galega. Equipos de normalización. Conferencia Episcopal. Fóra os rosarios dos nosos ovarios! Eu tamén son herexe porque estou a favor do dereito a abortar! Reganosa. SOS Massó. Por unhas Caixas Galegas. Se non quitan o crucifixo da aula que poñan tamén unha foto de Obi Wan. Rouco Varela. La Dignitat de Catalunya. República Federal Española. Xulgar a Francisco Franco Bahamonde por Crimes contra a Humanidade. Galicia con Garzón. O Voto con Botas. A Coz de Galicia. Boicoz. Saúde, terra e liberdade! Puta que es malo de morir este gallego de mierda! O futuro facémolo nós!

Malo será!●

Lei de Costas.
Negacionismo.
Lingüicidio.
Glotofaxia”



Viaxe pola Historia da man de Pepe Carreiro

Até o vindeiro mes de xaneiro, o museo Verbum Casa das Palabras de Vigo acolle a exposición Historia de Galiza, de Edicións A Nosa Terra, na que o debuxante Pepe Carreiro propón un achegamento didáctico aos episodios máis relevantes do noso pasado

M.B.

“Trátase dunha exposición moi didáctica” explica Rosendo Covelo, director do Verbum “que encaixa dentro da filosofía do museo de dar a coñecer e de difundir a historia, a cultura e as tradicións galegas”. O museo reafirma así a liña de traballo en marcha dende hai máis de seis anos, que se materializará en 2010 nun programa que inclúe diferentes mostras dedicadas a Ramón Cabanillas, Cunqueiro e Brais Pinto, un congreso internacional de lingüística e un encontro manga, obradoiros de lectura, de pensamento contemporáneo e filosofía así como concertos, videocreacións e un programa específico para celebrar en abril o seu sétimo aniversario.

Para Anxos Diéguez López, mestra do alumnado do colexio Vigo que o pasado venres visitou as instalacións do Verbum, “existe un coñecemento aceptábel da historia de Galiza entre os máis novos grazas á maior sensibilización que se vive na actualidade”, unha visión que non coincide coa de Rosendo Covelo que o considera unha materia aínda “pendente”.

A exposición, visitada xa por máis dun milleiro de persoas, baséase no volume *Historia de Galicia*, de Edicións A Nosa Terra, editado no 2000. A mostra pretende divulgar a historia do país e dar luz sobre capítulos do noso pasado non sempre o suficientemente estudados ou coñecidos. “Hai moita xente



Nenos dun colexio atenden a explicación dun dos murais

PACO VILABARROS



Rosendo Covelo, director do Verbum.

que pensa que isto comezou coa autonomía” sinala o debuxante “e que esquece toda unha serie de acontecementos sucedidos tempo atrás, como que aquí viviron os suevos e nos deixaron palabras que aínda empregamos na actualidade, que Hermerico foi o primeiro rei galego tras a caída dos romanos ou que existiron trobadores e xograres”.

DEBUXO SINXELO E RIGOR HISTÓRICO. Humor como fio argumental, unha ampla documentación, asesoramento histórico e debuxos sinxelos cargados de dinamismo compoñen as ferramentas coas que o debuxante vigués Pepe Carreiro, autor dos Bolechas e dos Barbanzóns,

convida ao público infantil e xuvenil a viaxar no tempo na mostra *Historia de Galiza*, que permanecerá aberta no Verbum até o 31 de xaneiro. Tras a súa clausura en Vigo, está previsto que a mostra inicie unha itinerancia por gran parte dos concellos do país e que sexa visitada por máis de 50.000 persoas.

A montaxe, que se estrutura cronoloxicamente en 25 paneis temáticos compostos dun debuxo principal, un título e un texto explicativo, arranca hai medio millón de anos, cos primeiros poboadores nómades do noroeste peninsular, o proceso de domesticación de animais que iniciaron e os gravados nas pedras.

Carreiro detense ademais na pegada dos pobos castrexos, na marca que deixaron os romanos e as invasións dos viquingos por vía marítima, na importancia da Igrexa, os nobres e os reis na Idade Media así como nas revoltas irmandiñas artelladas en todo o país contra os abusos de poder. A exposición contempla tamén a revolución que supuxo a chegada do millo e da pataca nos séculos XVII e XVIII, as primeiras emigracións masivas a América, as sublevacións dos liberais, o papel dos ilustrados e, xa máis recentemente, o dos galeguistas.●

Paneis e didáctica

Xunto aos paneis explicativos, a mostra complétase cunha unidade didáctica que reflexiona sobre a exposición e que avalía cun

sistema de test a asimilación dos contidos e coa entrega a cada visitante do volume *Historia de Galiza* (Edicións A Nosa Terra).●

ECOS LUSÓFONOS

NO CENTENARIO DE EUCLIDES DA CUNHA

Xosé Lois García

Euclides da Cunha (Cantagalo, Rio de Janeiro, 1866-1909) non precisa nin de eloxios nin de laudes no centenario da súa morte, mellor dito, do seu asasinato, que se dixo que aconteceu por “*questões de família*”, que aquí diríamos por “problemas de saias”. A súa creatividade literaria e a permanencia de lectores na súa obra fan deste recoñecido escritor brasileiro, un dos de maior incidencia polos lectores e pola crítica. Euclides da Cunha continúa sendo actualidade e é un dos clásicos máis lidos no Brasil xunto a Machado de Assis, José Alencar, Guimarães Rosa e tantos outros. No centenario do seu pasamento, aconteceron múltiples eventos que particularizaron aspectos do prosador, ensaísta, xornalista, historiador, sociólogo, profesor e poeta. Toda unha personalidade das letras lusófonas que creou unha obra intemporal e nada afastada das particularidades e connotacións sociais que lle tocou vivir no Brasil de finais do século XIX.

Esas facetas de coñecemento, que Euclides da Cunha experimentou e aplicou na súa creatividade literaria, débense ao seu nomadismo xornalístico polo Sertão, como correspondente do *Jornal Estado de São Paulo*, que cubriu a información na guerra dos Canudos, no Sertão nordestino, ao lado do líder mesiánico, Antônio Conselheiro. O sorprendente de todas esas informacións é que Euclides da Cunha recolleu diversos e matizados aspectos xeográficos, botánicos, zoolóxicos e sociolóxicos da ampla terra sertanexa que foron levadas a seu libro: *Os Sertões* (1902). Un libro que lle abriu as portas como membro electo do Instituto Histórico e Geográfico Brasileiro; foi elixido como membro da Academia Brasileira das Letras e nomeado como catedrático de Lóxica no Colégio Pedro II da cidade carioca, isto aconteceu en 1907.

Os Sertões, escrito entre 1896 e 1902, é un libro único polos referentes tan variados que presenta nas mesturas de temas como ensaio, historia, ciencias naturais, lirismo, epopea, drama, filosofía, humanismo e socioloxía. Todas estas materias resolveron ver o Sertão brasileiro doutra maneira ben distinta á que as clases dominantes estaban dando naquela época. A consistencia desta obra, sustentada neses materias, solventou na literatura brasileira unha unión de conceptos e disciplinas que anteriormente estaban bastante segregadas na literatura brasileira. *Os Sertões*, de Euclides da Cunha, significaron unificar a conciencia brasileira e darlle corpo e consolidación dunha literatura nacional e provela dun significado ben distinto ao que se escribía da ampla terra do Sertão, erradicando vellos complexos que había sobre a literatura brasileira. Para entender a gran literatura lusófona temos que comprender a mensaxe nítida e desinteresada de Euclides da Cunha.●



Os Sertões, escrito entre 1896 e 1902, é un libro único polos referentes tan variados que presenta nas mesturas de temas”



Orixinais de **Pimentel** e **Marina Mayoral** [arriba] e dous libros da colección Salnés ao coidado de Ramón Piñeiro.

Os orixinais que ilustran estas páxinas pertencen ao arquivo persoal de Ramón Piñeiro.



O labor editorial de RAMÓN PIÑEIRO como arma política

Nun réxime sen liberdade de expresión, no que as comunicacións públicas en lingua galega eran perseguidas, Ramón Piñeiro e *os homes de Galaxia* entenderon a cultura como unha arma política, ao xeito alemán. Editaron e corrixiron ducias de libros, traduciron algunhas das pezas máis sobresaíntes da Europa daquel tempo, buscaron difundir e popularizar os textos e animaron os novos autores, cubrindo aqueles xéneros e temas nos que a nosa lingua aínda non estaba presente. Ramón Piñeiro converteuse así no editor galego por excelencia.

Ramón Piñeiro, un editor no franquismo



Xesús González Gómez

Malia diversas achegas máis ou menos interesantes, a actividade editorial galega de 1939 a 1975 non foi seriamente estudada. É unha eiva da que aínda nos resentimos. Cando un estudoso se achegue a este apaixonante –contra o que puidese semellar– tema, a actividade despregada pola Editorial Galaxia (coas pezas que se lle poidan pór e as críticas que se deban facer) deberá estar no primeiro plano. E nese primeiro plano salientarán dúas figuras: Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro López.

A figura de Ramón Piñeiro é abondo controvertida, sobre todo desde o punto de vista político, que non analizaremos. Por outra parte, se ben é certo que o seu galeguismo “transversal” fracasou, tamén se pode afirmar que as alternativas que se lle presentaron ou enfrontaron –desde o galeguismo/nacionalismo– non pasaron de éxitos máis ou menos circunstanciais ou, mesmo, aleatorios.

Diciámos que a súa figura “política” foi, é e será controvertida, e sobre o tema este ano haberá disquisicións para todos os gustos e desgustos (e produción a mancheas de frases brillantes sobre a súa figura política, que non son máis que o reflexo fiel de certo kitsch político dunha parte da esquerda nacionalista ou independentista), mais non é ese o tema que trataremos aquí. O aspecto da figura de Ramón Piñeiro que abordamos é o do seu labor como editor, como director literario da Editorial Galaxia. Labor, por outra parte, partillado con Francisco Fernández del Riego, como se pode deducir doadamente despois da lectura de *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, que é una escolma de cartas enviadas por este durante anos a Francisco F. del Riego. Se o labor de Ramón Piñeiro non foi estudado, o seu, digamos “pensamento literario” conta con dúas achegas importantes: Helena González Fernández, “Galicia, o com subjectivizar la diferència” e Manuel Forcadela, *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*. Non obstante, ao se centraren ambos




Consello de Administración de Editorial Galaxia. F. Fernández del Riego é o segundo pola esquerda e R. Piñeiro o terceiro pola dereita.

nuns textos e anos determinados, talvez non se albisca abondo a evolución que puido producirse no pensamento literario de Ramón Piñeiro. A ambos pediríamoslles unha ampliación dos seus traballos, a usar, para iso, as reseñas que Piñeiro publicou en diversos números da revista *Grial* e os prólogos e epílogos a diversos libros. Por outra banda, tamén cabería disterar o pensamento literario de Piñeiro do dun conxunto de homes como foron os fundadores de Galaxia: cómpre non esquecermos que Fernández del Riego tiña, talvez, outra visión, máis ampla da literatura que Piñeiro e mesmo, subteraneamente, ás veces, enfrontada a deste: véxase o seu prólogo a *Xente no rodicio*, de Neira Vilas.

Un estudo destas características, confrontado cun estudo sobre a súa personalidade política e o seu pensamento filosófico, axudaría, talvez, a termos unha máis ampla perspectiva da figura de Piñeiro. Pero antes de introducirmos no tema que nos trae, lancemos unha primeira hipótese que, talvez, pode servir para entendermos o seu labor, tanto de política cultural como editorial.

INFLUENCIA FILOSÓFICA E O PODER DA CULTURA. Ben que recoñecendo a miña ignorancia sobre o pensamento “filosófico” de Piñeiro, acho que no ar está a influencia



Adicatoria de Manuel María.

que certa filosofía alemá (a que chamaríamos, para entendérmolos, “existencialista” exerceu sobre o autor d’*A filosofía da saudade*. Unha filosofía, ou tendencia filosófica, que tivo ou ten o seu cume en Martin Heidegger. Unha filosofía da que o “iniciador”, en certa maneira, foi o famoso Friedrich Nietzsche, tan polémico, tan manipulado e tan facilmente manipulábel. Esta influencia, ou a admiración por esta tendencia filosófica, implicou tamén en Piñeiro –e quizais en todos os admiradores desta “tendencia”, mesmo aqueles que se autonean marxistas– o que W. Lepenies chamou “a sedución da cultura”. Unha sedución, complexa, que parte de Nietzsche e que leva a Lepenies a una dupla constatación: a) a unificación alemá conseguíuse

antes mediante a cultura que mediante a política; e b) a creatividade cultural alemá realizábase entre 1770 e 1840, é dicir, cando non existía un estado-nación alemán. De aí, a tese de Nietzsche: a creatividade cultural dun pobo non necesita o apoio (a existencia) dun estado-nación. Orabén, como sinala Lepenies: “Mais, para preservar esa creatividade a través de xeracións, era necesario o respaldo dun robusto corpo político”. Isto último é o que non percibiu, claramente, Piñeiro (ou percibiuno de maneira, senón errada, cando menos, acho incorrectamente para a sociedade galega: o “corpo político” sería para el o galeguismo “transversal”). A segunda constatación de Lepenies, a tese de Nietzsche, aplicada á sociedade galega, será, de certo xeito, o norte de Ramón Piñeiro, tanto no labor “político” coma no seu labor como editor: manter, elevar e espallar a creatividade galega, xa que logo, a lingua propia de Galiza. Esta forte e importante creatividade cultural acabará por impregnar toda a sociedade galega coas consecuencias no “corpo político” da nación.

Esta crenza no “poder da cultura” (“Piñeiro, coma Sócrates, creu fundamente na cultura e na súa capacidade de transformar a realidade, con máis efectividade, decote, que moitas estratexias políticas” reflíctese claramente no prospecto fundacional da Editorial Galaxia: “Como programa esquemático de la *misión* (a cursiva é nosa) concreta de nuestra empresa, podemos establecer los siguientes puntos: 1) La tarea primordial de promover y alentar los esfuerzos más valiosos de nuestros escritores y publicistas (...); 2) la rigurosa selección de un programa (...) contando como bases iniciales de trabajo, los siguientes grupos: una serie más bien reducida en número y popular por si interés, de reediciones de aquellas obras magistrales en la educación y el pensamiento de Galicia (...) Una biblioteca integrada por varias secciones de ensayos, textos y manuales formativos (...) Libros dedicados a una auténtica educación universitaria y del hombre letrado y aún del >>>

“
Ofamoso culturalismo non foi obra dun home só, senón dun grupo de homes. Un culturalismo que, por outra banda, viña de toda unha tradición do galeguismo e do nacionalismo galego”

“
Galaxia inicia a súa andaina nun réxime autoritario, semi-fascista. Un réxime que nega o pan e máis o sal a toda lingua que non sexa a oficial do Estado”


24 - 30 DE DECEMBRO DE 2009

A ÚNICA REVISTA INFANTIL QUE TEN UN SUPLEMENTO
PARA ADULTOS CHAMADO A NOSA TERRA

BULE BULE


Redacción/ilustracións:
Gonzalo Vilas

Libros para o Nadal



No
castelo
de Marbel

Bernardino
Graña



CONTOS DO BERNARDINO

Edicións A NOSA TERRA



Un
porco
con chapeu

Bernardino
Graña

Para ler tirados na alfombra...

Comezan as vacacións e con elas dúas semanas nas que poder ler estomballados no sofá ou deitados na alfombra. Hai libros á medida de todos os gustos e tamén é interesante descubrir mundos novos.

Calé o son do corazón e por que latexa? Esas son as dúas cuestións que Txabi Arnal tenta contestar no libro **O corazón do xastre**, ilustrado por Cecilia Varela, a través da viaxe dun vello xastre.



É unha das novidades que **OQO Editora** presenta para esta Nadal xunto a **Os mil brancos dos esquimós**, de Isabel Minhós Martins e **A princesa que bocejava a todas horas**,

o relato divertido e poético ilustrado por Elena Odriozola, gaardadoado co segundo premio ás mellores ilustracións de libro infantil outorgados polo Ministerio de Cultura.



As preguntas volven ser as protagonistas

nunha das propostas de **Faktoria K**. Trátase de **Máis respostas ás preguntas que nunca te fixeches**, un volume co que Philippe Nessmann pretende saciar a



curiosidade dos lectores máis interesados no que, como, cando, onde e por que.

A editorial presenta ademais **Un becho extraño**, un conto sen fin escrito por Mon Daporta e ilustrado por Óscar Villán, **O coitelo su-**

til, nova novela de aventuras de Philip Pullman, con estrañas desaparicións de fondo e un segredo desvelado, e as escolma poética de **Ramón Cabanillas** realizada por Luís Rei, con toda a musicalidade deste gran poeta.



Pola súa banda, Galaxia bota a andar a súa colección **Audiocontos**, que presenta os clásicos populares para ler e a súa versión dramatizada por voces coñecidas da escena galega en compacto. **Os sete cabuxos, Branca de neve e os sete ananos, O galo Quirico e Os catro amigos** son os primeiros tí-

tulos da nova serie. Este Nadal sae ademais da man desta editorial **Pesadelo no tren choco-**



late, de Fina Casalderrey, na colección Árbore Azul.

Tamén presenta novidades Baía Edición. Entre elas destacan dentro da colección O meu primeiro animalario os títulos **A montaña e o bosque, Mares, ríos e lagos, As crías dos animais salvaxes e Os animais da**



granxa. Todos eles buscan axudar a comprender de forma interactiva a vida dos animais e os seus hábitats. Publica ademais a nova entrega **Pregunta á Dra. Peteiro** sobre o tempo e **O Planeta das curiosidades**.

A editorial Ir Indo presenta unha **Viaxe aos Ancares**, dentro da colección Elefante Contacontos, de Xosé Luís Ripalda, na que un grupo de rapaces descubren a riqueza deste parque natural, mentres que **Kalandraka** tira **Onde viven os monstros**, de Maurice



Sendak, **Libro das M'Alicias**, de Miguel Obiols, e **Oda a unha estrela**, con textos de Pablo Neruda.



Xerais xa ten nas tendas o libro **Mil cousas poden pasar**, co que Xacobe Fernández Serrano gañou o Premio Merlín de Lite-

ratura. Nel, os fillos do rei mar, Neda e Mercurín, vense obrigados a improvisar para o seu pai un agasallo de aniversario. Pero todo se


complica. Tamén publica **Carola, a carteira centola, Violeta, a carteira bolboreta e Martiño, o carteiro porquño**.

Dos Bolechas tamén saen

un feixe de novidades. Unha delas é **A orixe dos nomes dos lugares**, dentro da colección **Os Bolechas queren saber**. Tamén se publican dúas novas entregas da serie **Os Bolechas van de viaxe: Unha sortella no fondo da ría de Vigo e A festa da auga de Vilagarcía**.


Xa na colección de banda de-

señada vén de tirarse **A boneca faladora**. Todos asinados por Pepe Carreiro en Edicións A Nosa Terra



PEPE CARREIRO

Os Bolechas



recuncho d@s lector@s



Se queres publicar no *Bule-Bule* un contíño, un poema, unha foto graciosa que fixeches ou o retrato da túa mascota, non tes máis que enviárnolo ao enderezo:
bulebule@anosaterra.com

O Inverno

O inverno é moi bonito,
e algo longo para min,
ás veces cae neve branca,
e tamén se está moi feliz.

No inverno está o Nadal
No Nadal os Reis Magos,
tamén ven Papá Noel,
e nos traen os agasallos.



Ás veces vai moito frío,
o vento soa co mar,
pero a neve é o que máis cobre,
neve branca que cae no chan.

Os nenos divertímonos,
facendo bonecos de neve,
e durante todo o ano,
o Nadal non se nos esquece.

Sofía Sanjurjo Guillín

5º de Primaria
CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás.
Cambre - A Coruña

Selección Galega

Parece que este ano, a selección galega de fútbol non vai xogar polo Nadal, como viña sendo habitual.

Pero si non a podemos ver xogando no campo, no **Bule-Bule**, xa que somos siareiros da nosa selección, xogue ou non, ímola ver igual, en forma dun **poster** coas caricaturas dos mellores xogadores galegos do momento, que sairá publicado a semana vindeira nestas páxinas centrais.



OPINTOR DO SOMBREIRO DE MALVAS

An Alfaya

Opintor do sombreiro de malvas é o título da novela galegoada co último premio Lazarillo de literatura xuvenil, concedido pola OEPLI; o seu autor, o galego Marcos S. Calveiro. Na súa traxectoria de escritor hai un bo puñado de libros publicados, recomendables e subliñados con merecidos recoñecementos. Neles o lector atopa unha prosa que brilla polo seu traballo artesán, polo coidado na escolla de cada vocábulo e pola peñeira coa que selecciona a linguaxe a empregar en cada texto. Coas temáticas non fai concesións, fuxindo do politicamente correcto ou do que responde á demanda do mercado, deixándose guiar pola paixón e implicándose en proxectos anovadores. Porén, na súa literatura resulta difícil establecer lindes entre a denominada literatura xuvenil e a adulta, e a meirande parte dos seus títulos poderían encaixar en amplas bandas de idade, e se cada sempre atoparía lectores dispostos a deixarse subxugar polo seu engado. *O pintor do sombreiro de malvas*, que será editado en galego no primeiro trimestre do 2010 por Edicións Xerais de Galicia, na súa colección *Fóra de Xogo*, responde a estas premisas. Eu tiven o privilexio de achegarme ao borrador inicial, e aínda que daquela lle faltaba algún arranxo, xa gocei coa súa lectura e quedei fascinada co seu contido, pois nel volvían atopar unha literatura cice-lada. Os meus parabéns ao premiado, porque coa concesión do galardón, os seus lectores saímos gañando co mellor premio: a promesa de ter axiña entre as mans un libro excelente. ●

Calveiro
déixase levar
pola paixón
e implícase
en proxectos
anovadores”

Invitación a ler

Soños de andel.

Autora: Susana Lamela

Editorial: Tambre. Col. Ala Delta

Soños de andel supón a primeira incursión dentro do mundo da literatura para a súa autora Susana Lamela cuxa vida profesional sempre estivo vinculada co libro, primeiro coma editora de libros de texto e agora, coma mestra e escritora. Trátase dunha fermosa homenaxe aos libros e todo o abano de posibilidades que lle ofrece ao lector, non só, como medio de coñecemento se-

nón tamén, como compañeiro infatigable das diferentes aventuras e experiencias que se poden vivir a través das súas follas. Esta historia chea de tenrura achégalles aos primeiros lectores a maxia da lectura ao facelos partícipes do que lle sucede ao seu protagonista Ani, o libro que, debido ao seu tamaño, ninguén toma prestado da biblioteca na que vive. O feito de que tanto o protagonista como o lugar onde se desenvolve a acción presenten trazos humanos, sobre todo no referente aos sentimentos expresados, facilita a súa



compre-n-sión por parte dos nenos ao resultarlles familiar dotar de vida os ob-xectos cos que convi-

ven. A ilustradora María Lires é quen de tinxir con cores os personaxes e as emocións transcritas no texto por medio de suxestivos debuxos. ●

Alba Piñeiro

Pasatempos

Tes que recolocar os números dos cadros, de xeito que cada columna, lida de arriba abaixo, sume a cifra de 100. A coller o lápis e o papel!

27	10	33	4
6	33	15	3
3	42	7	25
25	13	21	37
38	35	10	13

100

U	T	A	N	R	P	F	P	E	Z	Y	T	H	E	K	K	V
L	A	Y	B	I	D	X	J	K	A	G	V	H	B	C	X	T
Y	Z	U	G	W	A	X	Q	N	W	V	T	A	N	R	M	O
V	P	G	Q	Y	R	X	B	H	O	B	I	O	R	H	G	S
N	T	V	C	E	M	B	X	I	Y	H	I	O	U	X	W	Z
S	R	Y	F	Y	R	W	E	Z	C	G	P	S	N	O	I	V
X	R	D	M	S	J	E	T	U	K	I	D	F	T	H	T	P
B	D	C	E	M	X	Y	R	F	J	F	C	V	G	N	L	A
K	E	N	Y	H	D	M	J	D	L	U	B	L	F	B	B	U
A	D	T	J	R	M	M	M	Q	E	L	R	O	E	E	Z	T
M	K	R	M	C	X	Q	U	N	P	J	E	U	W	T	E	O
M	K	E	O	D	A	V	R	K	S	B	Y	D	H	V	A	B
O	T	N	T	L	N	B	J	A	H	N	M	W	T	D	K	U
P	E	I	O	C	T	N	A	A	V	R	A	T	C	C	S	S
V	U	D	C	O	V	C	Y	L	W	M	D	W	A	O	N	Y
G	O	Y	I	F	J	A	E	A	O	G	Z	E	M	P	L	S
M	N	W	C	L	N	V	C	Y	D	D	K	T	I	A	T	F
Y	W	F	L	S	P	O	A	Y	F	B	B	H	O	F	B	O
X	W	B	E	W	X	Q	B	W	N	I	K	D	N	F	U	S
O	S	M	T	U	D	R	Z	O	B	B	D	I	G	I	D	B
G	S	P	A	X	V	Z	G	X	C	N	F	A	H	I	O	X
R	Q	A	U	X	O	C	A	T	W	W	U	X	M	V	O	K
Y	V	J	O	G	Z	E	J	O	V	G	R	W	R	B	X	Z

Neste barullo de letras atoparás os nomes de **sete medios de transporte**.

Solucións:

cabalo
camion
avion
tren
motocicleta
autobus
bicicleta


25 33 38 3
13 33 15 25
42 21 37 27
7 10 6 10
13 3 4 35

>>> no letrado (...) Una o varias colecciones ampliamente abiertas al fruto hondo y vivo de las creaciones poéticas, de la literatura o el arte (...) Por otra parte (...) la selección de traducciones de aquellas obras *universalmente afines con nuestros valores* (a cursiva é nosa) (...) la promoción de publicaciones periódicas que alienten la progresiva cooperación de los mejores esfuerzos en las realizaciones planeadas y su imprescindible difusión en los ámbitos populares y de la minoría". O prospecto non foi, evidentemente, escrito por Piñeiro, que non formaba parte do primeiro equipo editorial de Galaxia, polo que a crenza no "poder" da cultura era maioritaria no grupo supervivente (e *actuante*) do Partido Galeguista e das Mocidades. Noutras palabras, o famoso culturalismo non foi obra dun home só, senón dun grupo de homes. Un culturalismo (sic) que, por outra banda, viña de toda unha tradición do galeguismo e do nacionalismo galego. Esta crenza na cultura vai, xa que logo, dirixir dalgún xeito o labor da dirección (bicéfala) literaria de Galaxia.

EDITOR 'SUI GENERIS'. Coma todos os "directores literarios" ou editores que exerceron este oficio en Galiza até ben entrados os anos 80 do século pasado, Ramón Piñeiro foi un editor *sui generis* (o mesmo que Francisco Fernández del Riego). Na tradición literaria galega existían tres editores: Andrés Martínez Salazar, Leandro Carré e, sobre todo, Ánxel Casal. A súa función como editores veu dada, como na maioría dos casos, pola produción literaria imperante no seu tempo. O mesmo vai acontecer con Galaxia. Malia o ambicioso programa de fundación, os homes da Editorial Galaxia van topar coa realidade, a dura e imprevisíbel realidade. Mais consideran o seu labor como "misión": misión que é elevar a lingua galega ao plano culto, popularizala e, ao tempo, crear condicións para que a creatividade cultural galega despegue, se desenvolva e se poña á altura dos seus modelos (modelos europeos); non poden, xa que logo, limitarse a esperar recibir uns orixinais que, talvez, non existan. E eis a "orixinalidade" de Piñeiro como director literario. Non se limita a recibir e ler uns libros, uns textos, que repasa na súa casa e lles dá o visto bo, ou non, para a súa publicación. Non se limita a corrixir os textos que lle envían para seren publi-

cados. Non se limita ao papel, máis ou menos executivo, que implicaría tal cargo nun país normal e en tempos normais. Editorial Galaxia, Ramón Piñeiro e os outros responsábeis inician o seu labor en tempos difíciles, durante os anos 1950, cando, coma hoxe, por outra parte, as librerías non expuñan os libros galegos—outras, simplemente, non os querían—, non había case lectores e o galego, como lingua, estaba reservada ao recanto do folclorismo máis cutre. Logo, tampouco hai que esquecer as condicións políticas de total represión sobre calquera dos chamados dereitos fundamentais do home: desde a súa lingua materna até as súas crenzas relixiosas—a non seren as oficiais—a pasar polos famosos dereitos de asociación, reunión, manifestación, etc. En palabras sinxelas, que semella hoxe se esquecen: a Editorial Galaxia inicia a súa andaina nun réxime autoritario, semi-fascista. Un réxime que nega o pan e máis o sal a toda lingua que non sexa a oficial do Estado. E que exerce unha dura, durísima, vixilancia-represión sobre o que se escribe nas linguas non-oficiais. Ante ese estado, ante unha situación política que ben se pode calificar de sombría, para Ramón Piñeiro a arte e máis a cultura (esta sobre todo) poden arrogarse un papel dirixente para preservaren os valores que a política, semella, non pode levar a cabo. Estes valores son presentados por Piñeiro como a suma de valores conquistados pola cultura europea. Para vehicular estes valores, para o voceiro de Galaxia, o medio máis natural, o que outorga máis prestixio, é o ensaio. Mais non o ensaio "político": ante unha situación política problemática e enguedellada, pensa que a arte menos política é a mellor situada para encher unha función propiamente política.

Ramón Piñeiro e máis Fernández del Riego exercen de "directores literarios". Ramón Piñeiro, pouco a pouco, cada vez máis de "voceiro" de Galaxia. Mais, como dixemos, o seu labor non se limita a iso. Non se limita, tampouco, a corrixir os textos, a pasar a máquina orixinais. Tanto un coma outro procuran novos homes e mulleres, novos escritores. Todos sabemos que Álvaro Cunqueiro foi recuperado para o galego por del Riego. Case o mesmo se pode dicir de Celso Emilio Ferreiro. Pola súa parte, Ramón Piñeiro "convence" a unha serie de escritores para que escriban en galego, gá-



Orixinal de **Uxío Novoneyra**.



Con **Ricardo Carvalho Calero**.



Con **Uxío Novoneyra**.

ñaos para o galego, para Galiza: Ánxel Fole, Luís Pimentel, Celestino Fernández de la Vega, Domingo García-Sabell, Rof Carballo, etc. Eis un labor que se impoñen ambos: convencer a toda unha serie de autores, que escriben en castelán, que se pasen ao galego, que o galego é unha lingua de cultura. A partir dese diálogo, estes autores escribirán, maiormente, en galego ou entregarán, circunstancialmente, obras máis ou menos importantes no noso idioma.

E non só recuperan autores, senón que os estimulan, os incitan, pónenlles nas mans os materiais necesarios para o seu labor. Como, por exemplo, o caso de Ricardo Carvalho Calero. Se selen con atención diversas cartas de Ramón Piñeiro enviadas a Fernández del Riego e recollidas no citado *Un epistolario de*

Ramón Piñeiro, aprenderase que a *Historia da literatura galega contemporánea* de Carvalho Calero foi, case, un "pedido", un encargo de Piñeiro-Del Riego. E ambos preocupápanse de entregaren ao autor os materiais que necesita para o seu traballo e que non ten á súa disposición. No mesmo epistolario plásmase con claridade que Celestino Fernández de la Vega escribe en galego por teimosía de Piñeiro, etc.

CREAR E CONSOLIDAR XÉNEROS PARA O GALEGO. Como editores, ambos deberon, en primeiro lugar, xogar co que había. O que había foi o que editaron. Mais como o seu será unha "misión", intentaron crear e consolidar xéneros que na literatura galega foran pouco cultivados. É así como, primeiramente por medio dos cadernos *Colección Grial* xeito de entregas colectivas (7 ensaios sobre Rosalía, 7 ensaios sobre a saudade, Paisaxe e cultura), dan entrada ao ensaio filosófico, lingüístico, artístico, etc. E así aparecen as realizacións de libros de arte, os libros de ensaio da chamada xeración Galaxia, e mesmo se comeza, por medio da creación da *Revista de Economía de Galicia*—en castelán, por imperativos tanto políticos como económicos—a crear unha serie de economistas que estudan os diversos campos da economía galega. Tamén darán entrada a manuais, á tradución de textos, á creación dunha colección para expresión dos novos. Nunha palabra, intenta non deixar fóra da cultura galega calquera póla da expresión contemporánea. Mais a preocupación maior de Ramón Piñeiro como editor, é entregar textos de ensaio (sobre todo este último, xa que é o xénero que menos directamente "político" pode realizar a función política e transmitir os "valores" da cultura europea) e libros que dean prestixio á literatura e á lingua galega: eis como conseguen publicar a edición de *Cantigas de escarnho e de maldizer* de Rodrigues Lapa. Eis o seu interese de que as publicacións de Galaxia cheguen ás universidades: cando o prestixio da cultura galega, pensa, sexa grande, as clases cultas do país farana súa. Ao tempo que, como dixemos, crean órganos de expresión para os novos. Nos anos, na década do 1950, malia as trabas de toda clase, parece alcanzar os seus obxectivos máis básicos. Quizais, na esteira de Nietzsche, pensa "que todas as

“Ramón Piñeiro “convence” a unha serie de escritores para que escriban en galego: Ánxel Fole, Luís Pimentel, Celestino Fernández de la Vega, Domingo García-Sabell, Rof Carballo...”

“A preocupación maior de Ramón Piñeiro como editor, é entregar textos de ensaio e libros que dean prestixio á literatura e á lingua galega”


>>> épocas de cultura son épocas de decadencia política”. Que cultura e estado son entes antagónicos. De aí que o seu labor como editor sexa un labor de servizo a unhas ideas sobre a cultura, sobre o poder da cultura. Mais, contra o que podía pensar, toda idea sobre a cultura implica una estratexia política determinada —que nos imos analizar— e aquí está o seu fracaso como pensador, non como editor. Por que non percibirá que a cultura é tamén un medio de opresión. Mais tampouco pidamos peras ao olmeiro: a idea de cultura como forma de opresión tardará anos en entrar en Galiza, e cando entre, ás veces de maneira dogmática, non se entenderá que se ben a cultura esta feita, como dicía Brecht, de “caca de can”, a infraestrutura é tan bárbara como a superestrutura que quere demoler. En palabras exactas, Adorno escribe: “toda cultura, despois de Auschwitz é, incluíndo a súa crítica, lixo (...) Sexa quen for que defenda o mantemento desta cultura radicalmente culpábel, convértese no seu cómplice, mentres que o home que di non á cultura está directamente fomentando a barbarie que a nosa cultura demostrou ser”. Noutras palabras, tanto a cultura como a súa liquidación, demostraron ser formas de barbarie. Ramón Piñeiro, como todos os editores galegos até hai ben pouco, non podían ser editores “clásicos”. Demasiadas veces, seguro, editou libros que non lle interesaban, que mesmo podían ir contra o seu pensamento literario e filosófico, mais o seu era una “vocación de servizo”—equivocada ou non, iso aínda hoxe é difícil de dicir—, non unha, digamos, paixón de editar. Paixón de editar que no caso de Piñeiro, dos editores galegos até 1975, era case imposible, polo simple feito de que editar un libro na lingua do país, o libro máis anodido, era, tamén, un acto político. Ou duplamente político: un en si (a defensa do idioma) e outro a escolla do libro que se publicaba. E evidentemente, Ramón Piñeiro sabía iso, de aí, tamén a escolla de publicación de certos libros e de certas traducións (Heidegger, Spranger, Pokorny, etc.). Mais con todo —é dicir, a carencia desa paixón substituída polo deber ou *misión*—, e en vista dos libros publicados por Galaxia durante os anos en que Ramón Piñeiro foi director literario (en bicefalia, e repetímoalo máis unha vez), a literatura galega viu

publicados por el libros importantes, e non só no terreo da creación literaria (obras de Ánxel Fole, Cunqueiro, Pimentel, Blanco Amor, Méndez Ferrín, Celso Emilio, Eduardo Moreiras, López Casanova, García Bodaño, Carlos Casares, etc.), no terreo ensaístico (Raf Carballo, García-Sabell, Fernández de la Vega), no estudo serio da literatura (obras de Carvalho Calero, Rodrigues Lapa, Méndez Ferrín), na codificación da literatura popular, a publicación dun magno dicionario (o de Eladio González), na “antoloxización” sería, dunha vez por todas, da poesía galega desde os seus inicios até a metade do século XX (a escolma en catro volumes asinada por Xosé María Álvarez Blázquez e Francisco Fernández del Riego), senón tamén libros que terán unha forte “incidencia” política: *O atraso económico de Galicia* de Beiras; ou libros que hoxe están case esquecidos e cuxa importancia haberá que rescatar, aínda que estean escritos na outra lingua: *La depresión cultural de gallega*, de Gonzalo Anaya; a iniciación de publicación de libros para nenos, manuais, como a *Gramática* de Carvalho Calero, que se ben pode ser discutida, será no seu tempo un instrumento impenscindíbel, e un amplo etcétera que non podemos reseñar.

CULTURA POPULAR. Durante moitos anos criticouse que Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia—e non estamos aquí para defendela—non concedese importancia ao que se deu en chamar “cultura popular”. É hora xa de desfacer equívocos. A “cultura popular” é, na teoría e na práctica, un sarillo demasiado complicado. Cultura, malia o amado Gramsci, só hai unha: a que a xente culta chama “cultura”. E ten un problema moi grande: é cara, demasiado cara. É dicir, é un problema de estado, ou de “gobernación”, como se dicía en séculos pasados. Ramón Piñeiro, sen negar a valía da chamada “cultura popular”, entendía que para convencer á xente “cult” de que o galego non era só unhas cantas poesías e un legado “popular”, senón unha lingua de cultura e como tal debía producir o que se chama “gran cultura” e que algúns confunden con cultura aristocrática ou de clase. Unha lingua “imprescindíbel” nun territorio necesario—o de Galiza—para conformar unha cultura, ou a cultura nese lugar. Polo que a crítica que se poda facer ao labor de Ra-



Tres Ramóns: Piñeiro con Cabanillas e Otero Pedrayo.



Manuscrito de Álvaro Cunqueiro de 1935.

O nome de Piñeiro deberá estar (con Francisco Fernández del Riego) a carón dos grandes editores galegos que chegaron até nós”

món Piñeiro como editor debe percorrer outros camiños que os da famosa división entre cultura aristocrática e cultura do pobo, etc. O labor como editor de Ramón Piñeiro está aí, non se pode negar aínda que se lle poidan pór pexas; a máis grave: a de instalarse nun só dos camiños, ou das tendencias, do nacionalismo galego. Ou a de dar pouquísima importancia a unha serie de escritores subalternos que, se ben non engaden nada á literatura dos grandes, si servi-

ron para difundir e, sobre todo, transmitir esa literatura. Este, talvez, foi un dos grandes erros de Ramón Piñeiro... no plano cultural e por tanto no político. No editorial tamén, claro.

Se ben non imos negar que Ramón Piñeiro cometeu erros (moitos deles debidos ao tempo e ao lugar en que desenvolveu a súa actividade), nunha futura historia do mundo editorial galego, o seu nome deberá estar (con Francisco Fernández del Riego) a carón dos grandes editores galegos que chegaron até nós e cuxos nomes transcribimos máis arriba. Poderemos negarlle o pan máis o sal en moitos aspectos: como político, como activista cultural, se queren vostedes, como “pensador” ou filósofo, ou mesmo até nese terreo tan esvaradizo que é o íntimo da persoa humana, etc., mais o que nunca se lle poderá negar é que

foi un dos grandes editores da Galiza do século XX, nuns tempos, ademais, inzados de múltiples dificultades, de barreiras ao seu labor, de alfándegas que durante moitos anos se erguían a cada relanzo do camino. Tamén se lle poderán pór moitas pexas ao seu labor, facer moitas críticas, mais no que se trata ao seu labor como editor, podíase ir máis lonxe neses tempos “menesterosos”? Fácile xulgar, con instrumentos e desde a perspectiva de hoxe, o que homes e mulleres do pasado fixeron no seu momento, mais a única crítica válida é aquela que se instala no tempo e o lugar, e desde as súas perspectivas, desde os seus anxeos, os seus temores, as súas dores e as súas esperanzas, bota unha ollada racional sobre o que os homes e mulleres fixeron no momento en que lles tocou vivir. Talvez Ramón Piñeiro puido dar moito máis do que deu, mais co-mo editor, acompañado por outros homes e mulleres, á cabeza dos cales hai que colocar, como se leva dito ao longo destas liñas, a Francisco Fernández del Riego, logrou, lograron, malia as dificultades as que se enfrontaron, levar adiante unha empresa editorial que, polas condicións sociais e políticas do país, se converteu nunha empresa “política”. Ou foi, en determinados momentos, unha empresa substitutiva da política. Á parte dunha empresa política, e malia os antecedentes ilustres, Ramón Piñeiro e os seus compañeiros lograron tamén, por vez primeira, unha case total profesionalización dunha editorial galega. Xa que logo, cabe preguntarse se sen a acción de Ramón Piñeiro, se conseguiría levar adiante esa empresa. Cómpre dicirmos que si: ao cabo, Hegel *dixit*, o azar é o produto da necesidade, mais tampouco se pode negar a importancia do individuo na historia. O labor como editor de Ramón Piñeiro está aí, é un “capital” co que debe contar o país: negalo sería unha necidade, unha perfecta dilapidación. Como unha perfecta estupidez sería negar a función de Ramón Piñeiro como editor: durante moitos, talvez demasiados, anos a maioría dos letrados do país, dos letrados que se interesaban pola lingua e a cultura do país, beberon, amamantáronse dos libros editados por Ramón Piñeiro. Outros chegamos ao galego mediante libros editados por Galaxia: guste ou non, talvez algo lle deben, lle debemos.●



Sabela Pillado
‘Galiza é das poucas comunidades que estuda o cine local’

M.B.
Cal é a principal achega deste volume?

Estuda un campo nunca antes abordado. Comezou como unha investigación universitaria coa que pretendía achegarme ás salas de cine que houbo en Cambados, dende as primeiras proxeccións públicas até as últimas salas, deténdome ademais nas rodaxes que se produciron no municipio.

É diferente a relación da vila co cine respecto ao resto do país?

O que pasou en Cambados sucedeu en boa parte de Galiza. As primeiras proxeccións deron paso aos salóns de cine, uns lugares, sobre todo de reunión, no que ademais de películas había baile. Logo chegaría o esplendor, o paso ao sonoro, a aparición do vídeo, a proliferación dos minicines e a crise do cine. Mudou o concepto de cine?

Nos primeiros anos o cine e o baile eran as principais actividades de ocio. Pouco a pouco, coa aparición da televisión mudou a orientación e a xente comezou a quedar máis na casa.

Que importancia tivo o cine en Cambados?

Foi parte da vida da vila durante moitos anos. O primeiro salón de cine, o *Variedades*, abriuse en 1909 e o último cine pechou en 1999.

Nos últimos anos publicáronse numerosas aproximacións locais á historia do cine. A que pensa que se debe?

Galiza é das poucas comunidades que desenvolven este tipo de traballos tan locais. Débese, en parte, ao departamento de Historia do Cine, traballa na investigación e recuperación da memoria cinematográfica. Son pequenas pezas dun crebacabezas que de xuntalas ofrecen unha visión máis rica sobre o cine en Galiza.●

A música salgada de Batuko Tabanka

Músicos galegos e caboverdianos artellan a base musical de *Djunta mô*, un traballo discográfico no que Batuko Tabanka actualiza os cantos da escravitude dende Burela

M.B.

Djunta mô, expresión crioula que significa “axudar entre todos”, é o título do novo disco de Batuko Tabanka, un grupo integrado por doce mulleres caboverdianas asentadas dende a década de 1970 na Mariña Lucense, que gañou oco de seu na escena internacional da *world music* batukando sobre unha saca de coiro os ritmos dos cantos da escravitude.

Colocadas en abano sobre o escenario, as doce mulleres baten con forza sobre un pano pregado que sosteñen entre as pernas e cantan temas, compostos por elas mesmas, marcados pola morriña e a emigración. De cando en vez, no medio dunha canción, unha delas sae ao centro da escena, amarrando un xersei ao cinto para danzar freneticamente como secularmente se fixo na illa.

Todas elas engrosan, xunto aos seus homes e fillos, unha comunidade de emigrantes caboverdianos espallada por todo o mundo que ascende ao millón de persoas, cifra que duplica a poboación residente na illa. Antonina de Cangas, unha das integrantes do grupo con máis tempo en Galiza, explica que o ritmo das batukadeiras ten un pasado ligado á música feita polos escravos. “Cando se prohibiu a escravitude Cabo Verde foi poboada por mulleres negras e polos homes brancos que traficaban con persoas”, comenta. Sen voz nin voto, as mulleres comezaron a bater no peito, como facían os escravos, para poder manifestarse, pasando despois a percutir sobre un trapo mollado.

Neste disco, Batuko Tabanka propón unha integración destes ritmos africanos coa música galega, unha fusión “moi natural”, ao ver de Segundo Grandío, produtor do traballo, na que participaron tanto músicos galegos como caboverdianos. “Non sei até que punto a música tradicional de Cabo Verde está inventa-



Orixes do grupo

A formación naceu espontaneamente hai máis dun lustro da reunión destas caboverdianas como exaltación da cultura propia. A súa música percorreu todo o país, parte do Estado e mesmo diferentes puntos de Europa. Tocaron no Parlamento na celebración dos 25 anos, na Casa de Rosalía e no espectáculo de Carlos Blanco e Ma-

necas Costa. O grupo intégrano Antonina de Cangas, Antonina de San Cibrao, Ivone, Fafá, Beba, Isabel, Dezidéria, Ilda, Mariazinha, Chuca, Belita e Santinha. Agora Tabanka é tamén unha asociación posta en marcha co obxectivo de dignificar a cultura caboverdiana e lembrar a cultura africana en toda as súas expresións.●

riada e non me atrevo a cualificar o batuko como tal”, sinala. “Pero descubrimos que os seus ritmos eran moi parecidos ao das muiñeiras e xotas galegas e que as súas cancións tiñan semellanzas coas das pandereteiras”.

TRABALLO DE COOPERACIÓN. Este disco preséntase como o segundo froito dunha relación iniciada en 2006 entre a produtora Abada e a discográfica PAI Música. O primeiro foi o documental *Cabo Verde, sabí. A mu-*

ller e a terra, o home e o mar, dirixido por Manuel Maseda. Agora PAI publica o apartado musical dese encontro nun compacto composto por doce temas e un dvd no que se recolle o concerto gravado na viaxe a Cabo Verde, vídeo clips e unha reportaxe sobre como se elaborou o traballo. Inclúe ademais un libro ilustrado coas fotografías de Cabo Verde de Xulio Villarino e as letras das cancións en crioulo traducidas ao galego, castelán e portugués.

COLABORACIÓNS. Músicos galegos, caboverdianos, brasileiros, portugueses e estremeños presentaron os seus instrumentos para arroupar musicalmente as cantadeiras. As Batuko Tabanka contaron coa colaboración no disco de Xosé M. Budiño, Mercedes Peón, Rodrigo Romaní, Xosé Liz, Uxía Senlle, Antonio Por do Sol, Fernando Abreu, Isaac Palacín, Lola de Ribeira e os gaiteiros de Treixadura.

Nesa lista figuran ademais os músicos caboverdianos Tcheka, coñecido en Europa da man da discográfica Lusafrika, Vitori Nha Vivinha, Nho Nanu, Dj Asaías, Manel Di Tilinha, Ntoni Dente D'Ouro, Jon Luz, Xisto Almeida, Vadú e Agostinho.

Colabora tamén Nácia Gomes, considerada a raíña da *fi-naçon*, un estilo que na actualidade só practican tres mulleres, entre elas Nha Lilí, tamén no disco. Todas elas superan os 80 anos de idade e practican estas composición poética acompañada de música que consiste nunha canción de proverbios e asuntos cotiás, con inflexións vocais a ritmo do batuko. Están sempre improvisadas e poden durar horas.●



Tabela das letras. FICCIÓN

- ❶ **O símbolo perdido.** Dan Brown. El Aleph.
- ❷ **Sete palabras.** Suso de Toro. Xerais.
- ❸ **Dime algo sucio.** Diego Ameixeiras. Xerais.
- ❹ **Sol de Inverno.** Rosa Aneiros. Xerais.
- ❺ **A praia dos afogados.** Domingos Villar. Galaxia.

NON FICCIÓN

- ❶ **A cocíña de Larpeiros.** Benigno Campos. Galaxia.
- ❷ **Episodios galegos.** Manuel Rivas. Xerais.
- ❸ **Curuxás.** Carlos Parrado. A Nosa Terra.
- ❹ **A deleiba do mundo.** Amin Malouf. Xerais.
- ❺ **Cartas de republicanos...** X. Alonso Montero. Xerais.

LIBRARÍAS CONSULTADAS: **Cartabón** (Vigo); **Couceiro** (A Coruña); **Michelena** (Pontevedra); **Pedreira** (Santiago); **Torga** (Ourense); **Central Libreira** (Ferrol); **Andel** (Vigo); **Escolma** (O Carballiño); **Sisargas** (A Coruña).

crítica

NARRATIVA.

Avida
é un cruce
de camiños

Dime algo sucio

Autor: Diego Ameixeiras.

Edita: Xerais.

Coas artes, e sobre todo coa que se elabora a partir da lingua, acontece que calquera, sexa lector ou non, se sente autorizado para teorizar o que debe ser e como debe ser. E son moitos os autores que botan man da estratexia para promocionar e defender a súa creación. O resultado é un abano de opinións que dá imaxe da riqueza expresiva que cabe agardar; visto de xeito optimista, claro, porque agachar o reduccionismo que supón cada unha delas é tarefa imposible. Unha das que se pensa que é das mellor acolidas polo lector é esa que adoitamos denominar “cinema da mente” e que vén consistindo, para explicalo de maneira rápida e plástica, en contar unha historia para que o lector a lea coma se estivese asistindo á proxección dun filme. Tamén é a que máis se achega ou mellor define a narrativa de Diego Ameixeiras.

O reto de adaptar a linguaxe audiovisual á novela, presenta un atractivo innegábel. Os resultados, máis ou menos satisfactorios, dificilmente nos deixarán entrever unha perfecta acoplaxe entre ambas. Coma neste acaso. A novela de Diego Ameixeiras ofrece un moi meritorio traballo de arquitectura da historia con esa finalidade, que o lector, mentres dure o acto da lectura, teña a impresión de estar lendo un filme, coa vantaxe de que, por momentos, a narración resulta estilisticamente salientábel, des-



Diego Ameixeiras.

MIGUEL LÓPEZ CALZADA

de logo que é a mellor novela que a Diego Ameixeiras lle lemos. Meritorio, si, mais, porén non de todo logrado para o lector, pois non sempre se identifican as personaxes (imprescindíbel para seguir a trama e non perderse) con eficacia, consistindo ambas e dúas estratexias en ter no epicentro secuencias que tenden á brevidade, como acontece na sétima arte.

Secuencias que tenden á brevidade, conferíndolle á lectura un dinamismo que a fai moi atraente. Dinamismo acentuado polo feito de presentarnos accións que semella converxerán nun único e apoteósico final que coincidirá co clímax no que remate a novela. Naturalmente, non ten porque ser exactamente así, e non será exactamente así, porén esa esperanza anima considerabelmente a lectura.

Esa estratexia deixa menos espazo e tempo para a aparición deses efectos expresivos que sorprendan o lector e o instalen na convicción de que o que le quere ser decididamente produto literario. Aparecerán, acertadamente dosificados, momentos nos que a narración, alén desa arquitectura comen-

tada, se fai brillante no uso e manipulación da palabra. E, por iso, pola acertada dosificación, o lector apreciaraos mellor e máis intensamente.

As vidas que confluén son as

de Laura (moza que estuda Kung-fu e ten a avoa moi enferma) e o seu mozo (Nelson, grafiteiro, inmigrante), de Ánxela (co desespero da súa problemática amorosa), de Miriam e Eduardo (parella que está no punto de desconexión), dun taxista, de Marta Novoa (ou Cady,

un corpo de muller suxeito ás ataduras da adolescencia), un negro (que vende música top manta), o home da cicatriz, o doutor Caride. Confluencia parcial, pois non todos topan con todos, no marco dunha narración realista próxima ao xénero negro (mais conscientemente non se opta por esa, reducida, vía). As personaxes, conxuntamente coa arquitectura da historia, son o eixo da narración. Todos os impedimentos que puidera presentar esta estratexia, polas dificultades que ten o lector para identificalos, foron solventados e emerxen poderosamente como centros de atención primordial.

A lectura de *Dime algo sucio*

require un grao de atención salientábel e suscita varias reflexións. A primeira sobre o mesmo título; a segunda sobre o diálogo dunha personaxe, xa na segunda parte da novela. Probe o lector a explicarse a razón pola que esta personaxe pronuncia tal enunciado. Terceira, o feito de identificar Ourense (é unha novela ourensá ao cento por cento) con Oregón. Nunca se dá ou suxire o que motiva tal identificación. A verdade é que isto lle senta ben á novela. E aínda se pode engadir unha cuarta. Aquela que consiste en que non se produza esa apoteose final, cousa que pode xerar certa insatisfacción lectora e sería inxusto xulgar a novela desde aí. ●

X.M. Eyre

Un neno
abandonado

A muller do mediodía

Autora: Julia Franck.

Tradución: Luís Fernández Rodríguez.

Edita: Sotelo Blanco (456 pp.).

O arranque é espléndido: en 1945, pouco despois de rematada a guerra, unha nai abandonada a cidade de Stettin—completamente destruída polos bombardeos aliados—co seu fillo Peter, de sete anos. O tren efectúa unha parada nas inmediacións de Pasewalk e, daquela, ocorre o inexplicable: a muller deixa ao fillo na estación pedíndolle que agarde, que vai comprar os billetes; o neno ve como ela se dirixe cara a saída; ela non volve nunca máis. Abandónao.


Esta intensa e turbadora escena, de apenas trinta páxinas, constitúe o formidábel inicio de *A muller do mediodía*, unha novela de Julia Franck avalada

polo Deutschen Buchpreis, o premio que conceden os editores, na Feira de Frankfurt, á mellor novela en alemán.

O que segue é un longo e entrambilicado *flash-back* que intenta ofrecer unha aclaración a ese abominábel acto de abandono. E seguimos así a biografía de Helene—a nai que actúa dun xeito tan inhumano—até á Europa da década de 1910, antes do inicio da Primeira Guerra Mundial, á infancia da protagonista. Seremos testemuñas de como unha aparentemente feliz familia de clase media debe enfrontarse co antisemitismo—a nai é xudía—latente na sociedade alemá da época; da chegada da guerra de 1914; da —relativa— emancipación de Helene e da súa irmá no Berlín dos anos vinte; do ascenso do nazismo; da chegada, finalmente, daquela loucura de exterminio e guerra total que procurou o nacional-socialismo.

En principio, semella que a autora renuncia a elaborar un cadro sociolóxico que dea conta do proceso de incubación do nazismo para centrarse no destino individual da súa personaxe. E, para iso, procede a describir os múltiples obstáculos que a protagonista debe vencer para encarar o seu propio fado: os impedimentos que se lle apoñen por ser muller, a súa orixe humilde e provinciana, a pobreza na que cae a súa familia, o sangue xudeu... O encomiábel obxectivo desta novela é interrogarse sobre a posibilidade da dignidade persoal nunhas condicións tan atroces como as que presidiron o sombrío período que retrata.

Mais o proxecto fracasa, fundamentalmente, por unha razón que ten a ver coa construción da personaxe principal. Dende o principio da novela, Helene parece estar debuxada con trazos definitivos e así permanece até o final: unha moza intelixente, calada e sufrida que observa o mundo que a arrodea con verdadeiros devezos de coñecelo, mais con pouco carácter para se mergullar nel non sendo a través >>>





Rosa Aneiros, mellor autora. A pasada fin de semana o gremio editorial celebrou a V Noite da Edición de Galicia e entregou os seus Premios da Edición 2009. Rosa Aneiros [na foto] recibiu o galardón á mellor autora do ano, a empresa de telecomunicacións R o Francisco Fernández del Riego, Alberto Lema o premio Ánxel Casal ao libro de ficción por *Sidecar*, mentres que na categoría de non ficción recibiu Xesús Alonso Montero por *Cartas de republicanos galegos* e Millán Picouto na de teatro e poesía por *Ciclo de Xúpiter*. No apartado de libro infantil e xuvenil foi seleccionado Fran Alonso por *A araña máis eu*, no de libro traducido escolleuse *Contos completos de Allan Poe*, traducidos por Eva Almazán. No de álbum ilustrado o premio foi para *A grande viaxe*, de Gabriel Pacheco. A lista de galardoados complétase coas *Fotobiografías sonoras* de Ouvirmos, premio mellor á iniciativa editorial.●



Julia Franck.

THORSTEN GREVE

>>> do sacrificio persoal—simbolizado na entrega ao seu labor de enfermeira, ao que se dedica con auténtica devoción. A distancia que a autora trata de lle transmitir á súa escrita transfíreselle, de facto, á protagonista, de xeito que a súa reserva confúndese cunha frialdade que impide advertir ningunha evolución nela. E, xa

que logo, o vínculo entre as circunstancias sociais e a sorte da moza dilúese, apenas existe.

Certo que hai un punto de inflexión no que o seu carácter sofre un cambio: cando o estudante que se convertera no seu amante morre, Helene parece perder todo interese no mundo e é entón cando cede á sedución de que é obxecto por

parte do enxeñeiro nazi que será o seu marido. Mais a lectura que se deriva deste episodio maniféstase aínda máis decepcionante: é só un desengano amoroso a que leva a abdicar das súas esperanzas? Resulta altamente dubidoso que sexa esa a mensaxe que se nos quere comunicar.

A autora delátase no momento en que cita, sen mencionalo, o *Jakob von Gunten*, como se nesa obra de Robert Walser se atopase a clave oculta que explica o comportamento da protagonista. Pode ser que esa fose a intención de Julia Franck, mais hai unha gran diferenza entre ambas novelas: como sabemos, o protagonista de Walser renuncia á conciencia como unha cínica estratexia que o leva a escapar da orde

burguesa, mentres que Helene, malia toda a intelixencia e discernimento que posúe, acaba por someterse sempre aos designios dos demais.

”
O máis sedutor resulta ser a pintura do escenario de fondo e dalgúns personaxes secundarios que lles rouban protagonismo aos demais”

Pero que a novela naufrague no seu desenvolvemento dramático non quere dicir que non posúa os seus atractivos. Julia Franck narra con eficacia e sabe crear escenas de alto contido emocional. E, durante a lectura, o que se converte en xenuinamente sedutor resulta ser a pintura do escenario de fondo e dalgúns personaxes secundarios que lles rouban protagonismo aos demais: o pai de Helene, o seu amante... A prosa da autora tende en ocasións a un requintamento gratuito pero, en xeral, ten enerxía e intención e lese con interese. Non é pouco.●

Manuel Xestoso

CONTADELIBROS.

Historias de sempre

Noite de entroido, de Alexandre Llovo Otero, é unha novela ao redor da maxia de



contar. Farruco pasa un serán ardeado de historias de sempre, desas que manteñen no fío a

atención e que sempre sorprenden co seu final. Seguindo un esquema clásico, o veterinario ribeirán propón unha viaxe ás entrañas do conto. Edita Toxosoutos.

Narrativa Xerais

Xerais publica na súa colección de 'Narrativa' dous títulos ben diferentes. *Pirata*, de María



Reimóndez, cóntanos a vida de personaxes que se encontran a si mesmos nas augas do Caribe no século XVIII. *Orecendo das*

mimosas, de Agustín Agra, é un conxunto de relatos de diferentes feitura. Entre outros temas, o escritor noiés trata a guerra do 36.

Novela póstuma

Anxo A. Rei Ballesteros morreu no 2008. Agora Galaxia publica *A noite do moucho*, obra póstuma dun



escritor fiel ao seu estilo até o final. Nesta novela o escritor de Boqueixón volve usar a lembranza

para construír unha historia sobre a aparencia e a realidade sostida no esqueleto dunha linguaxe que transita do coloquial ao culto a través dos pensamentos e palabras dos seus personaxes.●

NOVIDADES XERAIS




Sete palabras Suso de Toro

Esta nova novela de Suso de Toro tómanos da man desde o comezo e fai que, empurrados pola intriga e pola emoción da súa lectura engaiolante, acompañemos ao protagonista nunha estraña viaxe cara á orixe para desvelar as claves da identidade persoal. Este relato é unha investigación radical e íntima, unha historia de familia, un retrato particular e colectivo dos humildes onde se acrisolan os diferentes xéneros literarios para achegarnos a esencia da vida. Unha novela moi literaria que traza unha nova fronteira literaria.

XERAIS  en galego todo o tempo

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

Dominique A abre en xaneiro *Vangardas Sonoras*. Dezaioito anos despois do seu aclamado debut, o francés Dominique A [na foto] chega a Galiza para inaugurar cos temas de La musique o ciclo de música independente de Caixa Galicia. A actuación terá lugar o 16 de xaneiro no teatro Colón da Coruña. O ciclo continúa o 23 de xaneiro en Vigo, no teatro Salesianos, coa actuación de Giant Sand que achegarán o repertorio do seu disco *At San Quentin*. A programación trasládase a Ferrol o 20 de febreiro, onde actuará The Duke & The King, á Coruña o 11 de marzo con These New Puritans e o 13 a Ourense co concerto de Annie B. Sweet. O calendario complétase coa música de Alondra Bentley, que se achegará a Pontevedra o 17 de abril e de Castanets, que actuará o 20 de maio en Compostela.●



crítica

O CORDEL.

Galizaelectrónica.com

Nº 1. Outubro do 2009.

Dirixe: Alberto Grandal.

A portada é para Coroa Novoa, artista musical electrónica ourensá que actualmente vive e



traballa en Berlín. Tamén se entrevista neste primeiro número o grupo vigués

Subsotano. A revista achégase a Londres para comentar o espectáculo *New Opera Hero*. A reportaxe achéganos a edición deste ano do Sónar. Ademais, recomendacións para os interesados neste tipo de sons.

Abelleira

Nº 90. 2009.

Dirixe: Isabel Sanjurjo.

Edita: Asociación Galega de Apicultura.

A revista adicada ao mundo da abella trae diferentes temas neste número. Dáse conta da



tradición apícola en Galiza e os perigos actuais para o sector. Publícase o novo decreto

que legisla sobre as explotacións apícolas. Xosé Manuel Durán alerta da presenza de pesticidas que comemos xunta cos alimentos.

Obradoiro de artesanía

Nº 4. Decembro do 2009.

Dirixe: María Guerreiro.

Edita: Dirección Xeral de Comercio.

O tecido de Idoia Cuesta, a xoiaría de Eloi Xesto, o coiro de Ana Alonso, a cerámica de



Regal Xunqueira son temas centrais do número. O debate vira ao redor da

relación entre artesáns e mercados. Tamén se fala da olaría de Gondivós.●

LIBROSDEFONDO.

Amores de bolero

Sabor a ti

Autor: Miguel Suárez Abel.

Edita: Xerais, 1991 (161 pp.).

Miguel Suárez Abel é autor que non se prodiga en exceso. Mágoa, porque o que del fomos coñecendo dende que hai ben anos gañara o Blanco Amor con *Turbo* (1988)—narconovela que abriría un camiño temático logo abundantemente transitado? causou unha inmemorable impresión.



É este o caso da que sería a súa segunda novela, *Sabor a ti*, que no seu día disputou como finalista o Premio Xerais, acabando por ser publicada nesta casa editora en 1991.

Sabor a ti ten o aquel heroico dos textos pioneiros. Cando a ninguén por estes lares se lle ocorrera poñerse seriamente a escribir unha novela sentimental actual e de calidade este profesor arzuán decidiu que a turbulenta paixón entre dous profesores de instituto podía ser material novelable.

Visto dende a distancia que nos proporciona o paso de case dúas décadas parece pouca



Miguel Suárez Abel.

Arquivo A.N.T.

aventura, pero ter aberto daquela para as nosas letras unha porta a eidos de contido ata entón arrombados, na procura de ofrecer ao público lector non especializado unha obra atractiva e na liña das súas demandas sen por iso renunciar a altura de miras literaria eran ?e seguen a ser malabares creativos de moi difícil equilibrio. O resultado foi un-

ha novela na que Suárez Abel conseguiu unha fluencia narrativa admirable, cunha historia que, servíndose dun amado amoroso máis que coñecido, logrou, porén, tensar as cordas dos corazóns lectores ata estricar as súas febras e enlealas nesta trama de amorres adúlteros que loitan contra o anódino cotián e as convencións todas.

“Cada vez son máis os que van descubrindo os méritos desta novela”

Doutra parte, *Sabor a ti* non renuncia á crítica social, a esa latencia de denuncia de fondo que, entre ires e vires amatorios da parella protagonista, ten tamén momentos para a revisión inconforme do mundo educacional ou a burla da frívola, inconstante e hipócrita sociedade pequeno burguesa.

Para min o mellor destas páxinas está na facilidade coa que somos quen de empatizar cuns personaxes perfectamente perfilados, tan cribles que nos semellan veciños de porta. Seres que se expresan coma nós, que senten coma nós, porque están feitos da mesma pasta ca nós.

Hai en *Sabor a ti* un chafariz agurgullante de ilusións, frustracións, esperanzas, complexos, remorsos, venturas e dramas interiores, un verdadeiro volcán sentimental que cospe plana a plana labaradas dun magma cordial que incendia a vida de Piti e Xulio, os dous docentes namorados que cren ver no seu amor pre-corentón o derradeiro tren da felicidade que ha pasar por diante súa.

Por fortuna cada vez son máis os que van descubrindo os méritos desta novela bolero de Miguel Suárez Abel, pois *Sabor a ti* leva xa impresas tres edicións, demostrando que ambición narrativa e escrita accesible para un lectorado amplo non son realidades encontradas, antes ben, son vieiros de necesaria reconciliación se queremos andar con ben o viero da normalidade literaria deste país.●

Armando Requeixo



María Bouzas e Xavier Villaverde reciben o Chano Piñeiro. O pasado 22 de decembro entregáronse os Premio Chano Piñeiro, instituídos pola Xunta de Galiza. Nesta cuarta edición, o xurado acordou entregarlle o galardón a María Bouzas [na foto], pola súa “dilatada e versátil traxectoria no teatro, a televisión e o cine galegos” e ao realizador Xavier Villaverde, pola súa “longa traxectoria profesional, comezada nos albores do cine dos anos setenta”.



TEATRO.

Evasión e bos sentimentos

O segredo dos Hoffman
de Alejandro Palomas
(versión de Roberto Salgueiro)
Compañía: Lagarta, lagarta.
Dirección: Rosa Álvarez.
Elenco: Xosé Barato, Ernesto Chao, Belén Constenla, Rebeca Montero.

Rir e chorar é a prescrición básica do melodrama, a vella fórmula coa que sempre se busca chegar a un número amplo de espectadores. Con *O segredo dos Hoffman*, a compañía Lagarta, lagarta dá un paso máis nesa procura do calor do público e fornece abundantemente de bágoas e risas, de situacións que todo o mundo pode recoñecer doadamente, aínda que a trama se sitúe nun medio social moi afastado do seu.

O argumento xira arredor de Adolfo Hoffman, un famoso cantante, octoxenario mais aínda en activo, que regresa do seu actual domicilio en Bos Aires para asistir ao enterro da súa ex-muller e para reunirse cunha familia á que hai anos que non visita: unha filla—Martina—e dous netos—Lucas e Verónica—cuxos pais faleceron nun accidente de tráfico. A inesperada visita fai abrollar tensións longamente alimentadas entre Adolfo e o resto dos membros do clan, que se senten abandonados por quen segue considerándose o cabeza da familia. Adolfo semella buscar a reconciliación, talvez por unha mala conciencia que pretende eliminar para pasar en paz os últimos anos da súa existencia, talvez para aclarar o seu distanciamento. E a intri-



Un intre de *O segredo dos Hoffman*, da compañía Lagarta, lagarta.

ga desenvólvese, precisamente, ao fío das revelacións que desvelan os motivos da súa actitude.

A obra non carece de ambición. Reflexiónase sobre a relatividade das verdades a partir das cales construímos as nosas vidas, sobre os estragos do paso do tempo, sobre a necesidade dun espazo íntimo no que edificar a nosa personalidade. Mais esas pretensións non están suficientemente apoiadas nunha materia teatral que as xustifique.

O segredo dos Hoffman é unha adaptación dunha novela e quizais haxa que lle atribuír ao paso da narrativa ao xénero dramático varios cabos soltos na intriga, varias cuestións mal resoltas polo texto e por unha dirección de escena rutinaria e pouco imaxinativa. Non acaba de visualizarse a relevancia que—intuímos—debería ter a condición de “celebridades” dalgúns personaxes

para afondar no tema dos fráxiles límites entre o privado e o público. Asuntos que están brillantemente presentados carecen de continuidade, co-

ma no caso da enfermidade do protagonista, exposta nunha notábel e divertida escena na que a dureza se combina coa delicadeza. Non convence un final que se percibe excesivamente volúbel: un breve monólogo soluciona un conflito alimentado ao longo de vinte anos.

A comedia confía todo á carga sentimental, á complicidade co público... mais o lirismo xira sobre si mesmo e delata a súa falta de solidez. Así, a función deféndese unicamente polas interpretacións dos actores, por un tipo de actuación en harmonía co xénero que se trata. Destacan Ernesto Chao—que sabe mesturar o humor bondadoso coa tenrura e consegue animar a platea en cada unha das escenas nas que in-

”
Destaca moi especialmente, Belén Constenla, que compón o seu personaxe con verdadeira profundidade”

CINEMA.

Contos, títeres e grande espectáculo

O imaxinario do Doctor Parnassus
Director: Terry Gilliam.
Guión: Gilliam e Charles McKean.
Música: Mychael e Jeff Danna.
Escenografía: Nicola Pecorini.
Elenco: Christopher Plummer, Heath Ledger, Tom Waits, Lily Cole, Andrew Gardfield, Jude Law, Colin Farrell e Johnny Depp.

Qué faría Georges Méliés ou Cecil B. de Mille ou Stanley Kubrik se contasen no seu tempo cos modernos sistemas de simulación, efectos especiais e programas informáticos para deseño virtual? Probablemente, o que fai Terry Gilliam, fantasiar e sacar a paseo todos os recursos que os contos máis fantásticos poden esixir. Este Doctor Parnassus vén a ser un conto no sentido máis clásico, con personaxes inocentes envoltos en vellas loitas do ben e do mal; un personaxe fáustico, o Doctor, que lle vende ao Diaño a súa filla a cambio de posuír a imaxinación dos clientes da súa baraca de feira; pero o Demo e o Doctor son tremendos ludópatas, e pásanse a vida xogando a un estraño chinchimonis de almas, a ver quen é capaz de levar máis pecadores para o seu terreo.

A obra é ben acollida e moi aplaudida. Contén unha reserva de emoción que se erixe no carimbo da compañía: unha mestura de evasión, humor e bos sentimentos que propicia o cariño dos espectadores cara aos personaxes. Aínda que, nesta ocasión, a combinación resulte inconsistente, excesivamente dulcorada.

Manuel Xestoso

A posta en escena ten reminiscencias barrocas que reciclan a trapallada e as desfeitas cidadáns en carromato-catedral onde se abre o escenario a un mundo interior, a través do espello (clara referencia a Alicia) para pasar cada un a acadar o que se merece polos >>>

Os clusters audiovisuais do Estado crean Rede Cave. Despois de coñecer que as curtametraxes galegas *XNada*, *The werpig* e *Osoldadiño de chumbo* compiten polo Goya, o Cluster Audiovisual Galego anunciou que se suma a CAVE, unha rede de colaboración e traballo permanente con representación ante organismos estatais e internacionais. Nela participan ademais os audiovisuais vasco, madrileño, estremeño, catalán, baleár, canario, andaluz e valenciano. ●



Representantes dos diferentes clusters do audiovisual do Estado durante o III Foro celebrado en Valencia.

crítica

>>> seus apetitos e fantasías. Por suposto, como ocorrera na outra película de Gilliam, o Barón Munchausen, a escenografía é primordial, e aquí conta de novo con Pecorini, e con deseños do propio director.

O espectador debe deixarse levar pola historia coma se fose un neno, porque todos os personaxes son referentes dos vellos álbums vitorianos, da plástica prerrafaelita e dos deseños para clásicos da literatura infantil, como Peter Pan, Pinocho ou Alicia, dos que atopamos pequenas pinceladas aquí e acolá.

Pero Gilliam, ao mesmo tempo, é un cínico analista, e introduce elementos da sociedade actual e o lado máis negro dela: as mafias rusas, as galas benéficas que agachan tráfico de nenos, a sociedade de consumo, os sen casa das grandes urbes... Todo cabe nunha vella historia do mito de Fausto.

A película ten un valor engadido cal é o dos actores. Foi informado por demais o feito de que un dos protagonistas, Heath Ledger morreu sen rematar o filme, e os amigos del, Depp, Law e Farrell, asumiron co director o coprotagonismo do falecido, e deixaron os seus honorarios en favor da filla do seu amigo. O letreiro dos créditos iniciais indica que non é unha película de Terry Gilliam, senón Dos Amigos de Heath Ledger. Un detalle.

Pero, amais dese triple desdoubramento e da habilidade do realizador para que non cante a estratexia, o traballo de Gilliam móstranos a un auténtico director de actores; Christopher Plummer, do que non se tiñan noticias recentes, transfórmase no Doctor e adoita mil caras; o grande Tom Waits compón un Demo sutil e clásico, como para tentar a calquera guitarrista de blues nunha encrucillada. A música, dos canadenses Danna (teñen no seu haber



Escena de *O imaxinario do Doutor Parnassus*.

dous discos de música celta) abren un amplo abano de estilos para marcar cada fantasía.

Todo o filme ten aire de gran guiñol, un espectáculo para amantes dos monecos, das fantasías, dos circos e dos contos para rapaces deste milenio. Os dous mundos, o da fantasía e o real, ás veces non están tan lonxe, basta pasar polo espello e atopar os nosos fantasmas, ou pasar por unha ponte de Londres para atopar a un aforcado enriba do Tamesis. Todo pode ser motivo de sorpresa, porque, como dí o protagonista “non hai que facer caso do que publican os xornais, especialmente o *Mirror*” (o espello, que, xa se sabe, no outro lado todo son sucesos e xornalismo amarelo).

PROPOSTA: Xa nin protestamos polo feito de que se pechen cines nin que películas coma esta só se proxecten nos resistentes do Norte, o único sitio onde poderemos ver cine bo non comercial (tamén hai cine comercial bo, pero todo



Christopher Plummer en *O imaxinario do Doutor Parnassus*.

cabe en todas as salas, basta con que se preocupen menos dos piratas, que a fin e o cabo non van ir ao cine, e máis de-

organizar e interesar á xente polo ritual de ir ao cine). Amen. ●

J.A. Xesteira

ARTE.

Acompañeira perfecta de Blanco Amor

Maruxa Mallo

Comisarios: Fernando Huici e Juan Pérez de Ayala.

Lugar: Casa das Artes, Vigo.


Datas: Até o 10 de xaneiro de 2010.

Esta exposición é unha mínima parte da historia vital dunha muller miúda, coqueta —que retocaba os seus retratos fotográficos, aumentándose pestanas, poñéndose un caracoliño de pelo...—, de voz aguda e verbo grandilocuente e barroco, namorada da orde xeométrica malia a súa vida “desordenada” e que viviu moito e pintou pouco.

Maruxa foi unha muller —lenzo de cores rechamantes, pintábase como unha porta e vestíase como unha dama— *madame* excéntrica. Tería sido a compañeira perfecta de Eduardo Blanco Amor, así que imaxinemos por un intre a eses dous cosmopolitas galegos latinos paseando do ganchete rufos e extravagantes mentres son observados polos *chupacirios* do franquismo como “perversos” e “inmorais”. Unha exposición cos retratos fotográficos dunha e doutro formarían ao meu ver un tándem iconográfico perfecto e, como guión sonoro de fondo, habería que poñer esas voces deles afectadas e altisonantes, a cabalo entre o teatro e a performance dadá. Velaí dous galegos latinos a tentar reconquistar para a modernidade a esa España e a esa Galiza de caspa e cotra do franquismo.

Nesta exposición da Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais e Caixa Galicia están todas as Maruxas posíbeis: dende a feiranta, fes- >>>

Publicase o Catálogo universal de Laxeiro. Despois de dez anos de traballo, a Fundación Laxeiro en colaboración con Nova Galicia Edicións presenta o *Catálogo universal de Laxeiro* que recolle por vez primeira a totalidade da produción artística do creador José Otero Abeledo *Laxeiro* (Lalín, 1908-Vigo, 1996). Editada en galego, castelán e inglés, a obra consta de tres tomos, dos cales os dous primeiros reproducen a escolma dunhas 500 creacións realizada por Antón Pulido nos que se inclúen diversos textos sobre a figura e o traballo do pintor. O terceiro volume reproduce todo o corpus artístico do pintor, que se completa cun dvd e unha biografía, unha bibliografía actualizada e a recreación do *Trasmundo* en formato vídeo.●



Cabeza de muller.



O cacho de uvas.



Maruxa Mallo cun manto de algas, en Chile, 1945.

teira e circense dunha España multicolor até a habitante melancólica desa Iberia chea de negros e de grises, de excrementos, raspas de peixe e lixo; pasando

logo pola Maruxa Mallo afín a algo parecido ao realismo socialista que semella pintar murais máis que lenzos e nos que ordena e reconstrúe o mundo baixo o signo dunha nova relixión do traballo onde a espiga de trigo, a fouce, a rede do pescador, o peixe... son os seus divinos signos terreaís. Froitos santos da terra e do mar que, nunha nova xeira, convértese en deliciosas composicións autónomas, illadas agora das dolorosas batallas realistas da vida, pequenas estampas de devoción panteísta que debuxan coloristas construcións con flores, cunchas, buguinas, estrelas de mar, algas e liques a compor xogos florais felices. E tras ese paréntese de mistificación naturista aí está de volta Maruxa a ollar os rostros fermosos do mundo aos que cicela sobre o

lenzo con exacta rotundidade. Velaí facianas de sexo intermedio, de fronteiriza masculinidade e feminidade, corpos danzantes de atléticas e fluídas androxinias que casan ben coas series de máscaras. Porque hai algo máis artificiosamente asexuado que unha máscara? Que mellor transformación de roles, identidades e xéneros que unha máscara chea de maquillaxes tintureiros? Pasado o tempo dos rostros, das máscaras e dos corpos volta a nosa artista á metafísica da Natureza, das ondas e as bucinas que axiña a levan cara o espazo cósmico de seres metade nave espacial, metade extraterrestre, metade organismo e flor sideral. Aí fica, ao cabo, pendurado o pensamento e a vida da artista. Conclúen daquela todas as fases de-

sa vida lunática de Maruxa Mallo entre América e España e fúndense con paz nesa derradeira orde planetaria e cósmica deses traballos últimos.

Agora, esta imprescindible exposición conta ademais cun soberbio estoxo-catálogo, editado pola Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais, que reúne tres volumes: obras, textos da artista e dvd. Sen dúbida o máis manifestamente mellorábel é isto último. A produción audiovisual asinada por Antón Reixa non achega ningunha marca creativa, a non ser eses reiterativos e abafantes planos da artista entrando en bicicleta nunha igrexa ou espíndose do seu abrigo de pel. O documental feito coa arquicoñecida fórmula da mera adición de opinións de bustos parlantes de especialistas en Maruxa Mallo pedía, sen dúbida, maiores cotas de imaxinación creadora e plástica por parte do cineasta.●

Xosé M. Bucán Bran

NACIONALIDADE E DICCIONARIOS

Xabier López López

Agora que a Real Academia Española (RAE) vén de recibir do prelo a *Nueva Gramática de la lengua española*, cabe agardar que xa non ha tardar demasiado esa nova edición do dicionario que bote fóra algunhas definicións intolerables para nós os galegos que non somos tatexos nin nos temos por xente con poucas luces. A verdade é que non sei canto vai tardar. O da purga, digo. Porque a cousa, no entanto, ía máis ben polo outro extremo (e para pór de manifesto que se unha lingua nunca é neutral, menos o son as súas altas sentinelas). Pois ben, ao fío da discusión nominalista sobre o Estatut, sorprendido coma moitos de que o mesmísimo Tribunal Consitucional se atreva a xulgar expresións contidas en preámbulos sen valor normativo, dei en lembrar algunhas coitas dos meus tempos universitarios, cando, convencido de que todo ten un significado de seu, facía chamadas continuas aos tomos da RAE para avalar a miña decisión de cubrir como galega (ás veces como “histórica galega”) a cuadrícula “nacionalidade” de calquera documento ou impreso oficial. Se nacionalidade era a “condición e carácter peculiar dos habitantes dunha nación” e a Constitución e o Estatuto de Autonomía dicían... A sorpresa foi comprobar—e non hai moito—como a 22ª edición do seu dicionario (2001) engade un novo significado á anterior (de 1992). Xunto ao primixenio—substantialmente idéntico en calquera lingua do mundo—aparece outro que vén desnaturalizar de vez o concepto, introducindo, iso si, esa entradiña que indica que a acepción se limita a España: “Comunidad autónoma a la que, en su Estatuto, se le reconoce una especial identidad histórica y cultural”. Decatouse alguén de que a RAE tamén pode reformar a Constitución?●

Decatouse alguén de que a RAE tamén pode reformar a Constitución?”



MEMORIA VISUAL


As imaxes de cen anos de aviación

X.C.

A arela de voar, que no século XIX parecía tocarse coa punta dos dedos, tivo que esperar o alboraxar do XX para que cumprise os seus desexos. Tamén en Galiza se viña seguindo con expectante atención popular a presenza de aerostatos, globos ou dirixíbeis. No libro *Pioneiros da aviación en Galicia*, que ven de publicarse na serie *Historias Gráficas* de Edicións A Nosa Terra, Xosé Luís Cabo (finado o pasado agosto) e Xosé Enrique Acuña fan un exhaustivo percorrido visual polas fazañas dos pioneiros, as exhibicións, o impulso militar ou a construción dos aeroportos.

Desde as crónicas de Amador Montenegro sobre os vós en Vigo, ás reseñas sobre vós festivos dos irmáns Montgolfier nas festas de Pontevedra ou “aquele vó da Coruña de 1852, que se elevará desde o Campo da Leña e aterrou en Aranga entre a desconfianza e o terror dos labradores”, os autores percorren todos os pequenos fitos aeronáuticos, como a publicación do *Tratado de navegación aérea* de Tomas Mariño até os primeiros vós de exhibición de pilotos franceses, nos anos 1910, 1911 e 1912.

De todo aquel entusiasmo contaxiouse o primeiro aviador galego, Xosé Piñeiro (Mugardos, 1878). Mecánico naval de formación, Piñeiro vendeu o seu negocio de gasosas en Sanxenxo, aprendeu a voar perto de Pau (Francia) e instalou unha pista de aterraxe nas áreas de Baltar onde ergueu un hangar para acubillar o seu *Bleriot*, no que investira 30.000 pesetas. Foi o comezo dunha grande aventura, que desde 1913 o levou a acrescentar o seu catálogo de fazañas. Desde popularizar o *raid* Sanxenxo-Vigo-Pontevedra-Marín-Sanxenxo até facer vós en diferentes cidades da Península ou voar en Bos Aires e na Habana. Tamén Piñeiro foi padriño de voo e piloto para a primeira muller galega que decidiu voar, Elisa Patiño. Mantivo aceso o seu pilotar até 1921 e hoxe ten até dous monumentos er-



Xosé Piñeiro nunha xornada na cidade do Lérez retratado polo fotógrafo pontevedrés Santos.



Jules Vedrines voou en Vigo e Pontevedra en setembro de 1911.



Mapa dos anos 50 cos "aeródromos" galegos, entre eles o nunca asentado da Toxa, no Grove.

guidos en Sanxenxo, o seu concello de adopción.

A nómina que comeza con Xosé Piñeiro corre paralela ao



Dirixible Zeppelin sobre a Ría de Arousa



Multitude contemplando a ascensión dun globo dsde Santa Isabel.



Escuadrilla da base de León en Labacolla o día da inauguración oficial.



A pontevedresa Elisa Patiño foi a primeira galega que voou nun avión ao subir no Blériot de Piñeiro en 1913.



Foto atribuída ao avión sen motor usado polo compostelán Ricardo Bescansa.



Un Zeppelin sobre Vigo en 1930.

desenvolvemento da aviación da man do exército, que incluíu unha mancha de pilotos que despois de formarse na aeronáutica militar, encirrada pola guerra colonial en África, foron protagonistas de grandes fazañas. Destacan na lenda popular o lalinense Xoaquín Loriga, que co aviador Gallarza, completou a fazaña de ir desde a Madrid a Manila nunha rota de 20.000 quilómetros, ou Ramón Franco, que cruzaría o Atlántico en 1926, nunha travesía que encheu de orgullo á colonia de galegos emigrados.

Pioneiros da aviación rescata as imaxes de todos estes acontecementos, da evolución in- >>>



Un Dornier sobrevoando a Coruña en 1930.

“X. Piñeiro foi padriño de voo e piloto da primeira muller galega que decidiu voar: Elisa Patiño”

“Olalinense Xoaquín Loriga destaca na lenda popular por completar a fazaña de ir desde Madrid a Manila nunha rota de 20.000 km.”

“Os aeródromos de Santiago, Coruña ou Vigo foron construídos despois da guerra e, nalgún caso, polo traballo forzado de represaliados políticos”

>>> mediata da aviación na República e desde o golpe de 1936, cando o dominio do aire se converte en arma decisiva da contenda, con pilotos que cambian de lealdades segundo a súa orientación política. Controlada rigorosamente a aviación pola Ditadura militar, o libro tamén nos retrotrae ao nacemento dos aeródromos galegos de Santiago, Coruña ou Vigo, construídos moitas veces pola vía do traballo forzado de represaliados políticos ou polas forzadas achegas expropiatorias simuladas de subscripción popular. E tamén nos informa do insólito mapa de aeródromos que inzou Galiza, desde Guitiriz aos planificados para os areais de Baldaio, as xunqueiras do Xubia ou na prevista desecación da Lagoa de Antela. Unha lectura útil para coñecer os alicerces do sempre actual debate sobre a fragmentación dos aeródromos galegos.●



Avión de Iberia que aterrou de emerxencia na praia do Bao grovense en 1928.



Campo de aviación en Sarria.



O Marabú despegando dos areais de Panxón.



O Plus Ultra de Ramón Franco en Buenos Aires en 1926.



Loriga recibido en Filipinas tras o seu histórico voo Madrid-Manila en 1926.



Ignacio Jiménez e Francisco Iglesias diante do avión co que voarían a Sudamérica e o Caribe en 1929.




Formación de hidros na dársena coruñesa en agosto de 1934.

BEBIDAS ETERNAS



BIRRA - SÖR - CERVEZA - PIVO - CERVEXA - МИЙРА - BEER - CERVEJA - BIER - БИРА

A cervexa é bebida en todo o mundo.



Cervexas artesás

A produción a escala case familiar comeza a popularizarse en distintos lugares de Galiza

Xerardo Dasairas

Nas xa case esquecidas guerras málticas entre o norte e o sur galaico, resulta evidente que foi a marca cervexeira da Coruña a que se fixo co mercado. A retirada da Skol facilitaría a operación a pesar de que a lusitana Superbock tentara ocupar o territorio baleiro baseándose nas fluídas relacións e simpatías de aquén e alén da raia. Mais, a día de hoxe, un dos referentes mais emblemáticos de Vigo como é o Celta loce nos seus dorsais a marca de fábrica da cervexa coruñesa...

Aínda que procuramos aludir sempre á esa ficticia confrontación Norte-Sur, o certo é que a cervexa industrial apareceu na Coruña a comezos do século pasado expandíndose mesmo até a cidade olívica (antano reino da Skol) e o Portugal galaico. Os lusitanos reaccionaron ante a "invasión", colocándonos a marca Superbock que campa entre os lusistas de aquí do Miño como símbolo de amizade galaico-lusitana. Porén, entre esta guerras málticas, xorden no sur do país as cervexas artesás ou mal chamadas de adega.

Galiza, aínda que conta con numerosos bares, non é nin Alemaña, nin Bélxica e nin sequer Irlanda, en canto a consumo de cervexa e menos no que respecta á celebración de festas de exaltación deste produto. Apenas unha denominada Festa da Cervexa, que xa cumpre dous anos, anima o persoal no mes de xullo no Carballiño e dúas festas ao estilo alemán (Octoberfest) en Vigo e Pontevedra datan de hai pouco, argalladas por asociacións de comerciantes. En ningunha delas, curiosamente, se exaltan os produtos autóctonos, pois se na celebración ourensá prima o mexicano, nas de Vigo e Pontevedra mandan as salchichas e a cervexa teutonas, ademais da pizza de orixe italiano.

Porén, a instalación nos últimos anos de pequenas adegas cervexeras ao estilo europeo, ten revitalizado un pouco o sector da cervexa artesá e que merecería ter un oco en celebracións como as anteditas para o seu coñecemento e promoción.

AS PIONEIRAS ARTESÁNS. Como pioneira nesta fórmula artesá, aparece en Vilagarcía a Cervexería "Rías Baixas" que operaría co seu propio produto desde 1995 até 2002. Xa por estas



Unha Festa da Cervexa do Carballiño

David Middleton, fabricante caseiro da cervexa *Druida* en Moaña.

datas, o inglés David Middleton, afincado en Moaña hai máis dunha década, comeza a elaborar unha cervexa artesá cuxa principal calidade é estar feita con produtos naturais. Conta cunha caldeira propia e a degustación faise sobre todo cando chega o San Martiño e na súa propia casa de Abelendo que antes foi a taberna de Piñeiro. Cunha produción de 1.500 litros, David elabora as tres variedades (rubia, tostada e negra) nun proceso totalmente



Acervexa galega remóntase ao tempo dos celtas e era elaborada exclusivamente por mulleres"

natural, envasando a cervexa naquelas coñecidas botellas de gasosa de tapón de arame e goma chamado "automático".

David e outros que o seguen, manteñen que aínda que pareza estraño, a cultura da cervexa é moi vella en Galiza, pois antes de que os romanos instaurasen a cultura do viño "xa existiron culturas pagás como a dos celtas, que fabricaban a súa propia cervexa nos castros da man exclusiva das mulleres..." ●

A Monterrei

Da man de emigrantes en Europa que abriron cervexerías en Verín, aparece a cervexa "Monterrei" no concello homónimo e con adega na vila de Vences. Pablo Casanova é o responsábel da fabricación, elaborando cervexas negras, tostadas, con especias, brancas e de trigo, aínda que só chegaría a envasar a rubia e a tostada, primeira deste tipo en Galiza segundo o fabricante. A produción chegaría aos

seiscentos litros mensuais que distribúe el mesmo por diferentes locais de Verín e Xinzo.

CARACTERÍSTICAS. Fabricada, con auga pura de manancial propio e con malta, lúpulo e lévedo. Vai engarrafada en cristal verde de 33 cl. e a súa elaboración e tratamento é totalmente manual, desde a cocción até o pasteurizado e a embalaxe. A *rubia* é unha cer-

vexa de alta fermentación con 5°, lupulado fino e aromático, sabor suave afroitado, con pouco gas, cor amarela escura e cunha densidade lixeira. A *tostada* é de estilo belga con sabor doce, especiado e forte con 10 graos alcohólicos. En boca deixa un padal afroitado con regusto acaramelado e un suave amargor e baixo contido en gas. A cervexa *negra* non chegou a elaborarse aínda. ●

Estrella, a cervexa industrial

Se queremos falar da cervexa como industria temos que referirnos á *Estrella de Galicia*, empresa fundada na Coruña en 1906 por José María Rivera. Nunha pequena fábrica, o fundador deu tirado un produto de consumo en base á experiencia adquirida como emigrante en México. A plantación de lúpulo en Betanzos nestas datas tamén habería contribuír en moito a este proxecto. Mais tarde, este elemento imprescindíbel houbo que importalo de Castela onde se cultivaba nalgúns zonas.

Na actualidade Estrella de Galicia e a Xunta de Galicia seguen a desenvolver un proxecto en Mabegondo no que se ten recuperado a produción de lúpulo que absorbe na súa totalidade a fábrica da Coruña.

Nos anos vinte, esta marca sufriría un grande impulso ao mecanizarse baixo a dirección de Ramón, fillo do fundador, que alcanzaría en Alemaña o título de Mestre Cervexeiro. As guerras española e europea provocarían unha baixa na actividade até que nos anos cincuenta se recupera o ritmo de consumo e de vendas. A día de hoxe, esta empresa é líder no mercado galego e nalgúns cidades de España e Portugal, contando cunha produción que nas súas variedades

A San Amaro

Desde hai pouco máis dun ano tamén se fabrica en Redondela una cervexa artesá denominada San Amaro que aposta pola calidade máis que pola cantidade.

CARACTERÍSTICAS. Cervexa escura duns oito graos de alcohol, semellante a unha cervexa artesá belga con escuma consistente e persistente. Presenta un forte carácter debido ao alto grao alcohólico e é pouco

doce. Elaborada segundo unha revolucionaria receita “todogran” de tripla fermentación e forte carácter, contén maltas de cebada, auga de manancial, lúpulos seleccionados e mestura de froitas silvestres.

Baixo o nome de Abadía Tripel, esta cervexa ten un ton marrón escuro con escintileos rubí ao trasluz. O grao de turbidez reflicte a terceira fermentación na botella e a es-



En Redondela fabrícase a cervexa artesanal *Santo Amaro*.

cuma aparece densa, abondosa e adherente. O cheiro transmite a complexa mestura de maltas tostadas en com-

binación co lúpulo, o gran malteado no seu puro estado con notas de froita madura e lévedo e repouso.●

”
Estrella de Galicia produce, nas súas distintas variedades máis de cen millóns de litros por ano”

supera os cen millóns de litros por ano.

Ao redor da data de fundación de Estrella de Galicia, aparecerían outras grandes marcas cervexeras como Mahou (1890), Águila (1900), Cruzcampo (1904) ou Damn (1910) que aínda hoxe manteñen a súa presenza.

Á par desta eclosión cervexeira aparece en Oleiros unha fábrica de cervexa montada polos ingleses Henry e Robert Guyatt no 1913. Na súa factoría, Corrunna Brewing Company, fabricarían cervexas tipo inglés (Ale, Stout...) destinadas ao consumo dos nume-

A Menduiña

Esta cervexa artesanal pretende engadirlle á fabricación tradicional, outros ingredientes que xunto coa malta, evoquen a esencia da súa orixe galega. Esta adega foi recentemente creada por Alberte Fernández en Darbo (Cangas) en base a experiencias cervexeras adquiridas na Patagonia, Alemaña, Italia e Cataluña e que agora traslada aquí en base a receitas moi persoais. A súa produción aínda é moi modesta elaborando uns 25 litros por semana que se verán incrementados coa posta en marcha da adega.

CARACTERÍSTICAS. A fórmula de elaboración básica engádelle ao proceso elementos como a



En Cangas fabrícanse varios tipos de cervexa artesanal baixo o nome de *Menduiña*

camomila, o loureiro as castañas ou o mel. Dos case vinte sabores que ten creado, Alberte só pretende comercializar seis, tres de forma perma-

nente e outras tres en edición especial para cada tempada. Os tipos de cervexa postos á venda son a *loira multigrán*, *afumada* e *negra*.●

Cruz Blanca, antecesora da Skol na fábrica de Vigo.



rosos obreiros desta nacionalidade que traballaban no sector naval no Ferrol.

Nos anos sesenta e tamén da man de emigrantes, constitúese en Ourense, *Cervexas San Martín*, que estaría en actividade dez anos e dáballes traballo a dúscenas cincuenta persoas. Logo sería absorbida polo grupo Mahou-San Miguel, adicando a planta ourensá á produción de malta. En Vigo cabe destacar a presenza dunha fábrica do grupo santanderino *Cruz Blanca* que máis tarde, até a súa desaparición, elaboraría a coñecida cervexa Skol.●



Antiga fábrica de cervexas *Estrella Galicia* na Coruña



Calopteryx virgo, unha das libeliñas máis comúns nos cursos de auga. O Tambre é un dos poucos ríos galegos no que aínda se pode atopar a *Macromia splendens*, cabaliño do demo en perigo de extinción en toda Europa.

COMARCAS DE GALIZA

A Barcala, ríos e restos de antigas ba

Os restos arqueolóxicos da Baña, o río Tambre ao seu paso por Negreira, o Pazo de Balandrón ou o val do Barcala artellan algunhas das paradas propostas no novo volume de Comarcas de Galiza

M.B.
Grupo XEA (FOTOGRAFÍA)

Vén de saír do prelo *A Barcala*, a nova entrega da colección *Comarcas de Galiza* coa que Edicións A Nosa Terra repasa o patrimonio natural e histórico de Galiza concello a concello. Desta vez o equipo coordinado pola bióloga e mestra Adela Leiro detense no espazo integrado polos concellos de Baña e Negreira artellado ao redor do val do río Barcala, afluente principal do Tambre.

Como explican os autores, a maior parte do territorio está ocupado por pasteiros e cultivos forraxeiros, e por piñeiro e eucalipto, base dunha economía centrada na agrogandeiría, en especial o gando vacún de leite, e no sector forestal.

Os espazos de maior interese natural atópanse no entorno dos ríos, especialmente ao longo do percorrido do Tambre, cunha pequena zona protexida baixo a figura LIC "Esteiro do Tambre". Este río é dos poucos galegos nos que se topa a *Macromia splendens*, un cabalo do demo en perigo de extinción en toda Europa.

ABAÑA. Os primeiros restos arqueolóxicos topados no concello remóntanse á prehistoria e poden toparse na Baña e en Lañas, onde está localizados dous castros, en Carballeira, onde se conservan petróglifos, e na zona de Ferreiros, onde se descubriu unha mámoa. Todos eles fan pensar aos historiadores que, como boa parte do país, a comarca experimentou un poboamento temperán que sería modificado co paso do

tempo pola presenza de romanos, suevos e francos.

Cunha superficie de máis de 92 quilómetros cadrados e preto de 5.000 habitantes repartidos en quince parroquias, o territorio sitúase nunha transición entre as penicheiras do centro da Coruña e o val do Tambre. Está formado por unha sucesión de vales formados polos ríos Barcala e Albariña e o da Baña.

Dentro do patrimonio cultural, os autores do volume destacan a igrexa de San Cibrán de Barcala, situada nun val pechado no interior dunha carballeira con exemplares centenario e co campanario afastado do templo, así como a de San Mamede do Monte, a de Lañas e os pazos de Leis e Ferraces.

Sinalan ademais que os lugares de maior interese natural tópanse nos ríos. Na área recreativa de Fiopáns, ao pé do Tambre, habilitouse unha ruta para facer a pé que segue a canle fluvial durante cinco quilómetros até Troitosende. En xeral, os ríos da Barcala presentan cursos con poucos desniveis e forman vales amplos de formas suaves. Só algúns afluentes do Tambre, no último tramo, salvan fortes caídas dando lugar a pozas, fervenzas e tobogáns. Ademais de conservar bos exemplos de bosques de ribeira, cunha gran biodiversidade, neste ríos tamén se poden topar mostras artísticas e etnográficas como pontes e muíños.

NEGREIRA. As primeiras pegadas de asentamento humano nas terras que hoxe ocupa o municipio remóntanse tamén aquí ao período prehistórico e aos



Ponte Maceira, paso medieval nun fermoso conxunto monumental a carón do Tambre.



Cola do encoro do Tambre en Negreira.



Rana perezi e [á dereita] mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*), bivalbo que pode acadar máis de 10 cm. e que só se dá en augas limpas.



poboamentos castrexos. Avanzado o tempo, os exércitos romanos estableceríanse nestas terras convivindo cos pobos xa asentados. Dese paso topouse na parroquia de Logrosa, en 1876 unha serie de inscricións romanas en granito, dúas pre-

sumibelmente dedicadas á Xúpiter e unha funeraria. Ademais, nesta época por aquí transitaba a Per loca marítima Nicraria Tamara, unha calzada romana que conducía de Caldas de Reis a Brandomil.

Pero non foi até a Idade Me-

dia que Afonso o Magno converteu a Negreira en feudo no ano 876, pero, ese primitivo núcleo feudal sería destruído un século máis tarde polos piratas normandos. Barállase a hipótese de que durante o Medievo existiu un castelo en Xallas, propiedade da mitra compostelá, un edificio que probablemente desapareceu nas guerras irmandiñas do século XV.


As loitas fronte as tropas napoleónicas non foron alleas á comarca. Durante a guerra da Independencia os habitantes da bisbarra formaron un rexeimento que se distinguiu polas súas batidas contra os mariscais Ney e Soult.

Na actualidade o concello, que ocupa unha superficie de máis de cen quilómetros cadrados, ten como principais actividades económicas a agrogandería, especialmente a produción de leite, e os servizos.

Os autores prestan especial atención dentro do patrimonio cultural e histórico a aldea de Ponte Maceira, situada na parroquia de Portor, atravesada polo río Tambre. Nela está o conxunto monumental >>>



Efémera, insecto que desenvolve a fase larvaria na auga e que só vive unhas horas na forma adulta.



ANOSATERRA
24-30 DE DECEMBRO DE 2009

MAGAZINE.45.

tallas



Pontella sobre o río Albariña en Covas (A Baña).



OTambre é dos poucos ríos galegos que albergan a *Macromia splendens*, un cabalo do demo en perigo de extinción en toda Europa”



Durante a guerra da Independencia os habitantes da bisbarra formaron un rexemento que se distinguiu polas batidas contra os mariscais Neye e Soult”



Do paso dos romanos por Negreira topáronse en Logrosa, en 1876, unhas inscricións en granito, dúas presumibelmente dedicadas á Xúpiter, e unha funeraria”

>>> formado por un poboado primitivo, un muíño, unha presa, unha capela, un pazo moderno e a ponte, construída na Idade Media. Era lugar de paso no Camiño marítimo de Santiago, que une Compostela con Fisterra.

Tamén destacan a existencia



O monte Castelo, no linde coa Serra de Outes.



Horreos en Xallas, poboación nas abas da Serra da Pena.



O carballo do Pazo de Cores (San Xoán da Barcala, A Baña) conserva unha boa figura. Mide 24 m. de altura e ten arredor de 300 anos.



Pazo de Cotón en Negreira.



Gando nas abas do Freixeiro.



Braña entre os cumes da Serra da Pena, no nacemento do río Corzán.



O Corzón, entre Barbazán e Liñaio (Negreira), ten grandes caídas e rápidos entre rochas graníticas no tramo final.

de pazos, como o de Cotón, Chancelas ou o de Balandrón. Anterior en canto á súa construción é a igrexa parroquial de San Pedro de Gonte, do século XII.

Entre os ríos que percorren o concello, o Corzán é das poucas canles fluviais que realiza todo o seu percorrido en

Negreira. Nace nos montes de Pena e xúntase ao Tambre no encoro. Pero o que o singulariza do resto son os rápidos e as fervenzas que vai deixando tras salvar grandes desniveis en rochas graníticas. Entre elas destacan as situadas entre Barbazán e Liñaio.●

viajar.comer.mercar



Igrexa de Santa María en Ordes.

VIAXAR.

Ordes,
no último treito
do Camiño
Inglés

Calquera época do ano é boa para facer unha escapada ao interior. Unha ponte festiva ou fin de semana son datas indicadas para achegarse a Ordes, no vello Camiño Inglés a Compostela. O termo municipal encóntrase emprazado nun punto intermedio entre as cidades da Coruña e Santiago polo que, nunha viaxe a calquera destas dúas capitais, Ordes pode ser o

perfecto intermedio para facer unha parada no camiño e degustar os pratos típicos desta comarca en dous dos mellores restaurantes da zona: O Forno e o Vila de Deus.

Claro que o viaxeiro pode ser un peregrino que se dirixa a Compostela. Ao paso polo concello ordense pódese contemplar unha magnífica ruta de arquitectura relixiosa que se espalla polas distintas parroquias até a tumba do Apóstolo. Así, salientan as ermidas de San Xosé, o Santo Cristo ou Santo Antón, emprazadas todas en paraxes de gran frondosidade e beleza. Ademais, en zonas próximas atópanse os castros de Cerdón e Ferreiros, nun lugar onde abundan as

matogueiras e as árbores máis típicas do país, entre elas castiñeiros e carballos, pero que se misturan con grandes plantacións de eucaliptos.

En todas as áreas do concello de Ordes abundan as fervenzas, que se poden albiscar desde o roteiro que corre paralelo ao río Mercurín. A parte de gozar da vista natural, tamén se pode contemplar a ponte sobre o Lambre, un pequeno arco de época medieval que servía para unir ambas beiras do curso fluvial, sendo tamén un magnífico sitio para os afeccionados a caza e a pesca.

Pero tamén merece a pena achegarse ao recinto urbano de Ordes, do que salienta a zona histórica onde se encontra a igrexa de Santa María. Nas zonas próximas destaca a arquitectura civil dos séculos XVII e XVIII, sobre todo nas edificacións dos Pazos de Codesada e o Penasco, así coma a Casa do Bidueiro.●

Antonio Cendán

VIÑOTECA.

O mellor tinto
do país

Ovale os ríos de Monterrei débennlle moito ao Douro. Por iso os seus viños, sobre todo os seus tintos, desvíanse da mirada abrillantada do Miño tornando os seus reflexos máis serios e a súa mirada interior menos expresiva pero máis profunda. Para compensar o seu gusto cárgase das esencias e da densidade das temperaturas altas e esa intensa e complexa vida interior que fluctúa a un tempo entre a súa personalidade continental con influencias mediterráneas e a vocación atlántica do seu querer.

Viticultor con visión de futuro e respecto á terriña e ás súas castes, recuperando variedades esquecidas e abandonadas, Xosé Lois Mateo elabora coa colaboración do recoñecido enólogo Raúl Pérez na súa

CADENA SER

Falámosche a ti.

PEPE DOMINGO CASTAÑO
PACO GONZÁLEZ

CARRUSEL DEPORTIVO
Sábados de 18:00h a 24:00h.
Domingos de 15:30h a 23:00h.

EXPO ZARA GOZA 2008

CADENA SER
PASE O QUE PASE



Fervenza de Portociños, en Gorgullos (Tordoia).



Gorvia 2005
Adegas Quintas da Muradella. Verín
Mencia, brancellao e caíño.
D.O. Monterrei
25 euros

Elegante sensualidade para un paso de peso, potencia temperada polo frescor e a finura. Antes levounos entre un frescor balsámico polos recordos da terriña co seu sotobosque, a froita vermella e as especias co fondo da suave cremosidade da madeira.●

Antonio Portela

COGOMELOS.

Macrolepiota rachodes (variante bohemica)

Sen dúbida, é un cogomelo moi popular polo seu aspecto, que en moitas ocasións se recolle confundido coa *Macrolepiota procera* ou coa *Macrole-*

piota rachodes, ambas comestíbeis. Pero a *Macrolepiota rachodes* (variante *bohemica*) presenta certa toxicidade e, polo tanto, non é comestíbel. A *M. procera* é de maior tamaño, ten o pé atigrado e a carne branca, ademais non oxida ao corte ou roce. A *M. rachodes* tamén conta con maior tamaño que a *M. rachodes* (var. *bohemica*), tamén denominada por algúns autores *M. rachodes* (variante *hortensis*), e presenta as escamas de xeito concéntrico e mamelón central, entre outras diferenzas. Non é demasiado frecuente. Actualmente, a denominación científica correcta é *Chlorophyllum brunneum*.

O sombreiro ten un diámetro que pode chegar aos dez centímetros. De novo presenta un aspecto hemisférico, despois convexo e, finalmente, aplanado sen o característico marcado mamelón escuro no centro, que si presenta a *M. rachodes*. Toda a superficie ten escamas anchas, regulares, máis ou menos concéntricas, de cor marrón sobre fondo branco, que chegan até a beira, de xeito máis ou menos regular.

As lamelas son brancas, con manchas escuras, anchas, libres, apertadas e facilmente separábeis. As esporas son igualmente brancas.

O pé ten unhas medidas que oscilan entre os cinco e os dez centímetros de alto e un grosor que pode chegar aos dous, aínda que sempre é máis curto que o ancho do sombreiro. Cun engrosamento baixo terra, é liso e sensíbel ao rozamento. Dispón de anel alto, escamoso e simple.

A carne é branca pero ad-

quire unha cor escura, como o viño tinto, ao cortala. Ten un olor lixeiro indefinido e pouco destacado.

Aparece en prados ou na beira das estradas tras as primeiras chuvias no outono, aínda que tamén pode atoparse na primavera e no verán. Pode aparecer illada ou ben nun grupo con media ducia de exemplares. Curiosamente, no verán de 2009 apareceu en diversas ocasións, incluso compartindo espazo cuns xeranos nunha xardineira de escasas dimensións.

É tóxica como a *Macrolepiota venenata*. Para evitar confusións, aqueles que inician a súa afección á micomicoloxía deben rexeitar *lepiotas*



Macrolepiota rachodes (variante bohemica)



de pequeno tamaño, e no caso das *Macrolepiotas* recoller só as que teñan o pé atigrado. Debido á posibilidade de confusión nos estadios iniciais, cando son como a maza dun bombo, é mellor recoller os exemplares xa desenvolvidos, cando o sombreiro está aberto, para

poder analizar todos os aspectos físicos de xeito científico e evitar confusións.●

Alexandre Mínguez

cogomelosdegacia@gmail.com

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa



FEADER
Europa inviste no Rural



O tradicional queixo galego

Certificado pola
Denominación de Orixe

www.arzua-ulloa.org
queixo@arzua-ulloa.org
Tíno. e fax: 981 50 76 53



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Raúl Pérez, enólogo e Xosé Lois Mateo, dono da adega Quintas da Muradella.

GUIEIRO

1.387 DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

ANOSATERRA
24 - 30 DE DECEMBRO DE 2009



O xenial pintor malagueño, aquí autorretratado, é un dos protagonistas da mostra *De Picasso a Barceló*, que aínda podemos ver no Museo de Belas Artes coruñés.

Coordenado por Gonzalo Vilas



Imaxe do Mago Teto

IV Circuito Galego da Maxia

Datas propicias para os espectáculos de maxia, unha área artística que veu medrando imparabelmente no noso país nos últimos anos. A proluxa programación infantil dos concellos nos días do Nadal supón a mellor época para moitos destes espectáculos, que contaron coa axuda compartida pola Xunta e os concellos participantes, cifrada nuns 200.000 euros para 23 espectáculos.

Trátase de *shows* unipersoais de máis de unha hora de duración onde as aparicións, transformacións, adiviñas, levitacións, escapismos ou maxias a carón do público serán os protagonistas deste Nadal Máxico.

O presidente da Asociación de Magos Profesionais de Galicia, o Mago Antón, presentou o evento o pasado día 11 en Santiago, un programa concibido para que as familias, a través dos ollos dos nenos, acudan "á transformación e á subversión da realidade".

Nesta cuarta ocasión en que a xente da maxia organiza estes espectáculos no Nadal, serán 23 os magos encargados de levar a ilusión a grandes e cativos: Cayetano Lledó, Martín Camiña, Dani García, Mago Romarís, Luís Boyano, Mago Norberto, Mago Benxamín, Javier Muro, Mago Pablo, Mago Vituco&Jessica, Mago Rafa, José Rivera, Román García, Mago Gusi, Mago Xacobe Sanz, Symbiosis, Cyrille Sinclair, Mago Richard, Mago Marttyn, Magomimo Anyo, Mago Cali, Mago Teto e Chrystyan Magic.

Nadal Máxico 09 celébrase en cidades e vilas galegas, ao longo das datas navideñas.

AMES

→ **TEATRO.** Nadarín. Unha peza infantil a cargo da compañía **Títeres Trompicallo**, que poderemos ver o martes 29, ás 17:00, na *Casa da Cultura de Bertamirás*.

O BARCO

→ **TEATRO.** Construcións Clementina, dígame?. Unha obra da compañía **Palimoco Teatro**. Clementina é unha persoa maior, que ten unha casa que xa non consegue pagar... Un día chega a temida carta de desaloxo, data límite o vinte e catro de Nadal. O martes 29, ás 20:00, no *Teatro Municipal Lauro Olmo*.

→ **TEATRO.** Rúa Aire. Obra infantil que xoga coa globoflexia, polo grupo **O Retrete de Dorian Gray**. O mércores 30, ás 20:00, no *Teatro Municipal Lauro Olmo*.

BUEU

→ **MÚSICA.** Zamaramandi + Meninos Carentes. Dupla actuación para o domingo 27, ás 21:00, entrada a 5 euros, na *Sala Aturuxo*.

BETANZOS

→ **TEATRO.** Cósima. A historia dunha nena que vai vivir a unha árbore. Teatro infantil que nos trae a compañía **Sarabela Teatro**, o sábado 26, ás 18:00, na *Aula Municipal de Cultura*.

CANGAS DO MORRAZO

→ **EXPO.** Acuarelas. Cadros de **J. Ángel Refojos**, artista local que expón até o 7 de xaneiro no *Pub Canis Lupus*.

→ **TEATRO.** Princesas: Olvidadas o Desconocidas. Teatro infantil con esta montaxe do grupo **Al Suroeste Teatro S.I.** O martes 29, ás 18:00, no *Auditorio Municipal*.

→ **TEATRO.** El Romeo y la Julieta. Unha obra para os máis cativos, que nos trae a compañía **La Tirita de Teatro**. O mércores 30, ás 18:00, no *Auditorio Municipal*.

CARBALLO

→ **TEATRO.** Princesas: Olvidadas o Desconocidas. A obra do grupo **Al Suroeste Teatro S.I.** abre tres días de teatro infantil. O luns 28, ás 18:00, no *Pazo da Cultura*.

Continúa o programa con *La Vuelta al Mundo en una Hora*, pola compañía **Artestudio**, o martes 29, ás 18:00 no mesmo local.

E o mércores 30 estará **Berrobambán**, coa súa última produción infantil *Richarada*, á mesma hora.

CEE

→ **TEATRO.** Os Bolechas. A historia dos populares personaxes de **Pepe Carreiro**, convertidos en simpáticos

EXPO

Juan Ripollés
no COAG vigués

Con esta mostra na nova sede da **Galería Art Next** do Edificio do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de Vigo inaugúrase este novo espazo de arte na cidade.

Severo Pardo, director da galería, define a Ripollés coma un dos grandes da arte contemporánea española do século XX e XXI. Art Next foi elixida para ocupar este espazo, tanto pola súa traxectoria como polo dinamismo que aporta ao edificio lle dá cun espazo de difusión de arte. A galería é independente do **COAG**, pero na intención deste está colaborar con ela para posteriores actuacións no seu novo espazo expositivo.

Juan Ripollés combina nas pezas que expón pinturas, esculturas e gravados de distintas técnicas, traballos algúns deles de moi recente produción.

O artista, nado en Castellón en



Un aspecto da exposición, na nova sala do COAG (Rúa Doutor Canaval, 5-Vigo)

1932, tivo unha dura infancia, marcada pola pobreza e a represión sobre a súa familia. Comezou como pintor de brocha gorda, mesmo en Francia, a onde emigrou nos anos 50 para realizar traballos de decoración que progresivamente o levaron cara a pintura. Un estilo inclasificábel e vitalista, acompañado dunha estrema liberdade mesmo transvasada á súa aparencia persoal. En

carcerado no franquismo pola súa militancia e apoio a diversas insurxencias da época, nos anos 80 achegouse á escultura, contando con importantes mostras internacionais en ambas disciplinas.

Na actualidade vive nunha aldea de Castellón, sen deixar de producir freneticamente.

Galería Art Next, edificio COAG, Vigo, até o 30 de decembro.

bonecos polo grupo **Caramuxo Teatro**. O sábado 26, ás 18:00, no *Salón de Actos do Concello*.

O luns 28, máis teatro infantil con **Nadarín**, obra de **Títeres Trompicallo**, tamén ás 18:00.

E o mércores 30, seguiremos rindo coa obra **Chincha Rabincha**, do grupo **A Xanela do Maxín**, á mesma hora.

ACORUNA

→ **CINE.** Programación CGAI. Sen programación até primeiros de xaneiro do 2010.

→ **EXPO.** Javier Garaizabal. Este consumado artista, con máis de 30 anos de carreira cos pinceis, ofrece unha mostra dos seus últimos traballos, co nome de *Interiores e abandonos*, onde priman os bodegóns e paisaxes interiores de casas abandonadas, nun exercicio de mestría pictórica e sensibilidade. Até o 10 de xaneiro, na *Galería Atlántica*.

→ **EXPO.** Retendo o Tempo. A pintura realista de **Fernando Prieto** vai máis aló da mera diversión plástica e diríxenos até outra profundidade. Até o 17 de xaneiro, no *Kiosco Alfonso*.

→ **EXPO.** Tan perto, tan lonxe. Unha mostra que reúne por primeira vez nun mesmo espazo a obra de seis artistas plásticos galegos que, facendo todos eles arredor dos anos 30, desenvolveron estilos moi dife-

rentes. Até o 10 de xaneiro de 2010, no Museo de Arte Contemporánea Gas Natural-Unión Fenosa (**MACUF**).

→ **EXPO.** Galicia 25. Unha cultura para o novo século. Ambiciosa exposición, conformada por 25 módulos ou unidades temáticas, que percorre 25 temas, obras ou acontecementos deste último cuarto de século no amplo panorama da cultura galega. Até o 15 de xaneiro, no *Palexco*.

→ **EXPO.** De Picasso a Barceló. A exposición realiza un itinerario ao longo da arte española da segunda metade do século XX e inicios do XXI, a partir dunha serie de obras

que conforman a colección do galerista catalán **Manel Mayoral**. Aberta até o 7 de febreiro, no *Museo de Belas Artes*.

→ **EXPO.** Ray Harryhausen: Creador de monstruos. Exposición dedicada ao xenial creador de efectos especiais artesanais de grandes filmes da historiado cine, perfeccionou a técnica da *stop motion* e desenvolveu o sistema *Dynamation*. Até o 10 de xaneiro na *Fundación Luís Seoane*.

→ **EXPO.** Ruth Mathilda Anderson. Unha mirada de antano. Mostra das fotos desta fotógrafa americana, retratando a Galiza



Os Bolechas, de **Caramuxo Teatro**, percorre esta semana varios teatros de Galiza.

A formación da **Strauss Festival Orchestra**, que interpreta temas clásicos e tan ligados ao Nadal do austriaco **Richard Strauss**, tocará esta semana na Coruña, logo de telo feito xa noutras cidades galegas.



MÚSICA



Mississippi Golden Choir

Co seu xenuíno gospel, con reivindicacións que se converten nunha apelación á vida e á xustiza, Mississippi Gospel Choir é un dos grupos máis representativos do gospel do sur dos Estados Unidos.

Con soadas cancións como "God is moving", "I am the Lord, Your God" e "Thank you", MGC transmite unha mensaxe de paz e solidariedade, creando auténticos himnos que contaxian ao público.

O coro foi fundado no 1968 co nome de African-American Cultural Society, e a minoría de estudantes que lle deron impulso procuraron ter unha voz e unha presenza social activa para facer escoitar as súas ideas e reivindicacións.

Durante os anos '70 adquiriron a denominación actual e, o pequeno grupo inicial foise incrementando, até superar actualmente os 300 membros.

A súa permanente actividade permitiulle dar a coñecer os seus talentos artísticos, en multitude de actuacións en diversos estados do seu país, xiras polo estranxeiro e a través das súas producións discográficas.

Actuacións na Coruña e Pontevedra.

Strauss Festival Orchestra

Integrada por profesores e solistas de gran cualificación musical e profesional, esta orquestra soubo manter vivas as expresións artísticas tipicamente vienesas, despertando o interese de distintas audiencias do continente.

Ás súas calidades puramente musicais, conducidas pola versátil batuta do seu director, súmanse a encantadora dozura da súa soprano solista e a elegante plasticidade do grupo de baile.

Concerto na Coruña, o domingo 27.

dos anos 1924 e 26 para a *Hispanic Society* de Nova York. Aberta na sede de *Caixa Galicia*.

→ **MÚSICA.** Dr. Buenas Gracias. Concerto para este venres 25, ás 23:00, entradas a 3 euros, no pub *Garufa*.

→ **MÚSICA.** The Mississippi Gospel Choir. Coro que, co seu xenuíno góspel ategado de ideas e reivindicacións, xunto á súa enorme riqueza de melodías, conseguen transmitir a súa mensaxe de paz e solidariedade máis aló das súas fronteiras. O sábado 26, ás 20:30, no *Teatro Colón*.

→ **MÚSICA.** Galu-Teranga. Actuación que poderemos ver e escoitar o sábado 26, ás 23:00, entradas a 3 euros, no pub *Garufa*.

→ **MÚSICA.** Tony Lomba & Elio dos Santos. Estes clásicos protagonistas do pop galego máis desenfadado van tocar o sábado 26, ás 22:30, cun prezo de 10 euros, na sala *Mardi Grass*.

→ **MÚSICA.** Milladoiro. Caixanova presenta ao grupo galego máis internacional e coñecido, na súa xira **Desde Maeloc**, con motivo da celebración dos seus 30 anos de música folk. Estarán o sábado 26, ás 21:00, no *Teatro Rosalía de Castro*.

→ **MÚSICA.** Cantáble. Cantos de Paz. Concerto a favor da Fundación Adultos Discapacitados da Coruña (ADCOR) cun programa de cancións tradicionais de Francia, Brasil, Andalucía, Galiza e Irlanda, xunto a cancións do Nadal. O domingo 27, ás 19:00, entradas a 5 euros, no *Teatro Rosalía de Castro*.

→ **MÚSICA/DANZA.** Strauss Festival Orchestra. *Napoleón, Festa das flores, Ovals do emperador, Champagne* ou o coñecido *Danubio Azul*, son al-

gunhas das obras do compositor austriaco que se poderán desfrutar acompañadas de danza no espectáculo desta prestixiosa formación. O domingo 27, ás 19:00, no *Pazo da Ópera*.

→ **MÚSICA.** Tango Bar. Tangos argentinos nun pub con nome de tango. Será o martes 29, ás 23:00, entrada gratuita, no pub *Garufa*.

→ **TEATRO.** Festival de Titeres María José Jove. Dentro deste festival poderemos ver as seguintes obras: **Que vén o lobo!**, pola compañía asturiana de **Luisa Aguilar e Luis Vigil**, que deitan "unha mirada nova" sobre este popular personaxe tan arraigado no imaxinario colectivo. O sábado 26, ás 18:00, no *Forum Metropolitano*.



Violeta Coletas..., de **Trompicallo**.

As aventuras de Polichinela e a Galiña negra, polo grupo Danthea, o sábado 26, ás 17:00, na *Fundación María José Jove*.

Violeta Coletas contra as salchichas: Gulp!, unha obra do grupo **Trompicallo**, que podemos ver o domingo 27, ás 19:00, no *Forum Metropolitano*.

A Caixa Amarela é unha obra presentada de novo polos asturianos **Luisa Aguilar e Luis Vigil**, e representada o domingo 27, ás 17:00, na *Fundación María José Jove*.

Por último, o luns 28 teremos o espectáculo **Os Narigudos**, que nos traerán os de **Tanxarina Monicreques**. Ás 17:00, na *Fundación María José Jove*.

→ **TEATRO.** III Festival de Teatro Infantil. Completa programación de teatro para os máis novos, con estas funcións, todas no *Teatro del Andamio*:

O sábado 26, ás 17:00 e 19:00, **Un Gran Festival**, polo grupo **Párika Teatro**.

O domingo 27 estará a compañía **La Vereda Teatro**, con **Catalina y Los Bosques de Hormigón**, en igual horario.

O luns 28, **Carlota e Marieta Dan a Volta ao Planeta**, representada pola compañía **A Loca - Motora**, mesmo horario.

O martes 29, o grupo **Os Barballoca**

poñen en escena **Os barballoca van de camiño**, tamén ás 17:00 e 19:00.

E o mércores 30 estará en cartel a obra **¿Cuándo?**, polo grupo **Ultramarinos de Lucas**, ás mesmas horas.

FERROL

→ **ACTOS.** Contacontos infantil. A *Biblioteca Central* acolle todos os mércores, entre as 18:00 e as 18:50 horas, unha sesión de contacontos para nenos e nenas no marco do programa "A hora do conto". A actividade está dirixida a rapaces de catro a dez anos, gratuíta (retirando invitación na mesma biblioteca).

→ **ACTOS.** Nadal solidario. Ás 18:30 do sábado 19 inaugurouse no *Cantón de Molíns* o **III Nadal Solidario** cunha chocolatada gratuíta. Inclúe un mercado de artesanía, comercio xusto e produtos ecolóxicos. Aberto durante o Nadal, agás o 25 e o 1 de xaneiro.

→ **ACTOS.** Marcha Ciclista Popular. Terá como percorrido A Gándara, O Inferniño e San Xoán. Os participantes percorreren un total de 11 kilómetros. Ás 11:00 do domingo 27, sae da *Praza de Armas*.

→ **ACTOS.** Contacontos. Celébrase o ciclo "A hora do conto", dirixido a nenos e nenas de 4 a 10 anos. A entrada é gratuíta. O mércores 30, ás 18:00, na *Sala Infantil da Biblioteca da praza de España*.

→ **EXPO.** Papeis. Mostra de pintura de **Luis Rapela** que se inaugura este xoves, e poderemos ver até o 17 de xaneiro do 2010, no *Ateneo Ferrolán*.

→ **EXPO.** VI Exposición Colectiva de Artes Plásticas Pequeno Formato. Exposición na que os socios e socias do Ateneo poden expor e vender a súa obra gráfica. Até o 17 de xaneiro, no *Ateneo Ferrolán*.

→ **EXPO.** Auga, o sangue da terra. Exposición de fotos sobre o papel da auga no mundo, que permanecerá aberta até o 28 de febreiro de 2010. Na *Sede Fundación Caixa Galicia*.

→ **EXPO.** Ferrol da Ilustración. Un resumo dos traballos realizados polo Concello para preparar a candidatura de Ferrol ao título de Patrimonio da Humanidade. No *Exponav*, Edificio de Herrerías.

→ **EXPO.** Manuel Patinha, 20 anos de escultura. Amostraresume dúas décadas de traballo do artista de orixe portuguesa (Póvoa de Santa Iria, 1949). Unha retrospectiva que reúne pezas emblemáticas dos seus distintos procesos creativos. Até o 31 de decembro, no *Centro Torrente Ballester*.

→ **MÚSICA.** Especial Barón Rojo. Concerto que vai ter lugar este venres 25, ás 00:30, entrada de balde, no *Pub Balance*.



A compañía A Loca-Motora representa a obra *Carlota e Marieta dan a volta ao planeta*, dentro do III Festival Infantil, na Coruña.



O grupo **Guezos** celebra o seu décimo aniversario nunha actuación no **Café Auriense** ourensán. A sala, á súa vez, festexa días despóis o seu noveno ano de funcionamento.

→**TEATRO.** O segredo dos Hoffmann. Catro membros dunha familia, rota por un segredo oculto durante anos, reúnense con motivo do falecemento da avoa Constanza. Os seus recordos, soños e anhelos describen un universo pechado, de enorme carga emotiva, nesta obra da compañía **Lagarta, Lagarta**. O sábado 26, ás 20:30, entradas a 10 euros, no *Teatro Jofre*.

FOZ

→**TEATRO.** Bicharada. Unha obra para os máis cativos, que trata sobre os bichiños do campo, polo grupo **Berrobambán**. O sábado 26, ás 18:00, na *Sala Bahía*.

LALÍN

→**EXPO.** Os desastres da guerra. Na capital dezana exhibense 57 reproducións das 82 estampas gravadas por **Francisco de Goya** en torno á Guerra da Independencia española. No *Museo Ramón María Aller*.

LUGO

→**ACTO.** Artenadal. A feira de artesanía Artenadal desenvolverase até o 5 de xaneiro, en horario de mañá e de tarde. Está organizada polo Concello en colaboración coa De-

putación de Lugo e a Asociación de Artesáns. Na *Praza da Soidade*.

→**EXPO.** Os pintores de Artal. Pintura española do Museo da Habana. Poderemos ollar de preto un total de vinte e sete paletas e vinte óleos de artistas que deron testemuña do movemento da pintura española de entreséculos en Hispanoamérica. Até o 10 de xaneiro de 2010, no *Centro Sociocultural Caixa Galicia*.

→**EXPO.** Camiño Primitivo. Exposición titulada **O Realismo do Camiño Primitivo de Santiago**, con obras dos pintores **Víctor Fouz** e **Pedro Núñez**. Até o 28 de decembro, no *Edificio Multiusos*.

→**EXPO.** Lázare, Memorias 1994 - 2009. Mostra de pintura e debuxo dun creador lucense, **Xesús López Lázare**, unha recompilación, aínda que se presenta tamén traballo inédito e debuxos que forman parte da súa última produción. Até o 30 de decembro, na *Sala de Exposicións do Museo Provincial*.

→**MÚSICA.** Noemí Mazoy. A reputada soprano lucense dará o seu tradicional concerto de nadal. Será o sábado 26, ás 20:30, no *Círculo das Artes*.

→**MÚSICA.** Mostra colectiva de Nadal. Composta por obras de ar-

tistas que durante o ano expoñen neste local, na *Galería Clérigos*.

→**MÚSICA.** Festival Morrovisión. XXI edición deste festival, no que participan **Os Debuxos Reanimados**. O sábado 26, ás 23:00, na sala *Clavicémbalo*.

E o martes 29, actuará **Lourdes Santos** e alumnos da súa academia, igualmente ás 23:00.

→**MÚSICA.** Concertos de corais. Dentro do programa de actos do Nadal, concerto do Orfeón Xan Montes, o domingo 27, ás 11:30, na *Igrexa Nosa Señora das Fontiñas*. O mesmo día, ás 12:30, actuación da **Coral do Hospital Xeral-Calde** na *Igrexa San Francisco Javier*. Tamén o domingo, ás 13:00, concerto da **Coral Novo Amencer**, na *Igrexa do Bo Pastor*.

E o mesmo día, ás 20:30, actúa o **Coro de voces brancas Cantar Delas**, na *Igrexa de San Antonio*.

→**TEATRO.** Bicharada. Unha obra para os máis cativos, que trata sobre os bichiños do campo, polo grupo **Berrobambán**. O martes 29, ás 12:00 e 18:30, no *Auditorio Municipal Gustavo Freire*.

→**TEATRO.** Construcións Clementina, dígame?. Unha obra para os cativos, da compañía **Palimoco Teatro**. O mércores 30, ás



Noites de panxoliñas en Ordes.

18:30, no *Auditorio Municipal Gustavo Freire*.

MELIDE

→**MÚSICA.** Los Violentos de Kelly. Concerto para este venres 25, ás 01:00, entrada gratuíta, no *Pub Gatos*.

OURENSE

→**EXPO.** Outono fotográfico. Últimas mostras desta clásica iniciativa fotográfica. A mostra colectiva **Novas conversas co Atlante** estará exposta na *Casa da Xuventude*.

→**EXPO.** A arte da semellanza. Unha exposición patrocinada por Caixanova, un percorrido comisariado por Mercedes Rozas que trata de poñer en valor as propostas máis actuais da arte figurativa. Até o 31 de xaneiro, no *Centro Social Caixanova*.

→**MÚSICA.** Guezos. O grupo de rock ourensán celebra por todo o alto o seu décimo aniversario, cun concerto o sábado 26, ás 21:30, no *Café Cultural Auriense*.

O propio local celebra tamén o seu noveno cumpleaños, e faino cun gran cartel de actuacións para o mércores 30. Guadi Galego e os seus compañeiros de Tres Peixes voando estarán tocando, acompañados do Sonoro Maxín e Las Flores del Mal, ás 21:30 e entrada a 8 euros.

→**TEATRO.** Mostra Internacional de Teatro Infantil (MOTI). Mostra que arrinca o sábado 26, cos seguintes espectáculos para esta semana: *Contos do Vento acatarrado*. Os **Monicreques de Kukas** traen esta historia, que arrinca un día en que o vento estaba triste e acatarrado, pois o sol do mes de agosto andaba a mandar... O sábado 26, ás 17:00.

A Volta ao Mundo nunha hora. Un concerto animado e divertido, no que os cativos se meten nun mundo de música e aventuras, por obra da compañía **Animarte**. O domingo 27, ás 17:00.

O Romeo e a Xulieta. Unha historia que nos fala da emigración, a mestizaxe e a igualdade entre as persoas, representada polo grupo **La Tírita de teatro**. O luns 28, ás 17:00.

Rúa Aire. Esta obra representada pola compañía **El Retrete de Dorian Gray** desenrola a súa acción co protagonismo da globoflexia, un manexo dos globos que sorprenderá ao pequeno público. O martes 29, ás 17:00.

Concerto desconcerto. Un espectáculo de danza representado pola compañía **Entremans**, recomendado para nenos de máis de 10 anos. O mércores 30, ás 19:00.

Os espectáculos teñen todos un prezo de 4 euros e serán representados todos eles no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Construcións Clementina, dígame?. Unha obra da compañía **Palimoco Teatro**. Clementina é unha persoa maior, que ten unha casa que xa non consegue pagar. Un día chega a temida carta de desaloxo, data límite o vinte e catro de Nadal. O domingo 27, ás 19:00, no *Auditorio Municipal*.

ORDES

→**MÚSICA.** XV Noites de Tasca. Unha iniciativa consistente en cantar panxoliñas polos bares, acompañados de diversos músicos. O venres 25, dende as 18:00. E ás 22:00, foliada no *Bar O Pincho*, co **Gaiateiro Nubeiro** da Coruña.

AS PONTES

→**TEATRO.** Os Bolechas. A historia dos populares personaxes de **Pepe Carreiro**, convertidos en simpáticos bonecos polo grupo **Caramuxo Teatro**. O martes 29, ás 18:30, no *Cine Aloví*.

PONTEVEDRA

→**ACTOS.** Nadalo cio. No recinto feiral do Pazo da Cultura, e durante as datas do Nadal, o concello pon a disposición dos cidadáns unha pista de xeo, parque de ocio, karts, espectáculos, obradoiros e outras actividades.

→**EXPO.** Biblioteca de libros fantásticos. Acompañados dun texto que narra o que lles sucedeu, os libros desta exposición están tratados plasticamente de modo que contan historias e estimulan a imaxinación de quen os mira. A cargo de **Títeres Cachirulo**, durante este mes, no vestíbulo da *Biblioteca Antonio Odriozola*.



Nunhas datas dominadas polo teatro infantil, *Princesas: olvidadas e descoñecidas* é unha das obras a representarse, en Cangas.



A **Asociación Recreativa da Juventude Mirandesa** e os **Pauliteiros da Cidade de Miranda do Douro** organizan do sábado 26 ao luns 28, a **Geada 09 - II Festival de Cultura Tradicional** de Miranda, un encontro folclórico e cultural na vila portuguesa.



→ **EXPO.** Recordos d'exoguetes. Mostra de xoguetes antigos procedentes da **Fundación Raquel Chaves** de Vigo. Até o 10 de xaneiro, no **Museo de Pontevedra**.

→ **EXPO.** Irreversible. Unha grande exposición que conta con algúns dos artistas de maior relevancia internacional das últimas décadas, froito da colección do matrimonio **Sánchez Ubiría**. Até o 10 de xaneiro, no **Pazo da Cultura**.

→ **EXPO.** Galicia até 1975. Un repaso aos fondos pictóricos da entidade Caixa Galicia, con pezas de **Lugrís, Granell, Soutomaior** e outros autores galegos, até a data referida. Aberta até o 10 de marzo, na **Sede da Fundación Caixa Galicia**.

→ **MÚSICA.** Concerto de Nadal da **BMP**. A Banda de Música de Pontevedra celebra as festas do natal cun repertorio típico das datas. Será o sábado 26, ás 20:00 horas no **Teatro Principal**.

→ **MÚSICA.** The Mississippi Gospel Choir. Coro que, co seu xenuíno gospel ategado de ideas e reivindicacións, xunto á súa enorme riqueza de melodías, conseguen transmitir a súa mensaxe de paz e solidariedade máis aló das súas fronteiras. O domingo 27, ás 21:00, entradas a 15 euros, no **Teatro Principal**.

→ **MÚSICA.** The Noisers + Sinesesia + Johnson Diversey. Concerto que terá lugar o sábado 26, ás 23:00, entrada a 4 euros, na **Sala Karma**.

REDONDELA

→ **TEATRO.** Pingueiras e Tarteiras. Obra infantil para os máis pequenos, pola compañía **Teatro del Andamio**. O sábado 26, ás 18:30, no **Multiúsos da Xunqueira**.

→ **TEATRO.** Cósima. As peripecias dunha nena que escapa da casa, contadas polo grupo **Sarabela Teatro**. O martes 29, ás 18:30, no **Multiúsos da Xunqueira**.

→ **TEATRO.** Os Bolechas. A historia dos populares personaxes de **Pepe Carreiro**, convertidos en simpáticos bonecos polo grupo **Caramuxo Teatro**. O mércores 30, ás 18:30, no **Multiúsos da Xunqueira**.

RIBADEO

→ **TEATRO.** Cósima. As peripecias dunha nena que escapa da casa, e vai vivir a unha árbore, contadas polo grupo **Sarabela Teatro**. O mércores 30, ás 17:30, no **Auditorio Municipal Hernán Naval**.

SANTIAGO

→ **ACTOS.** Choiva de contos. Cada sábado pola mañá, a biblio-

teca compostelá acolle unha actividade de contos dirixida aos nenos e nenas. Ás 12:00, na **Biblioteca Ánxel Casal**.

→ **EXPO.** O home e as súas crenzas. Mostra de fotografías da artista franco-suíza **Sabine Weiss**, primeira realizada no Estado. Até o 21 de febreiro, no **Museo das Peregrinacións**.

→ **EXPO.** Ramón Piñeiro, olladas no futuro. A personalidade dunha das figuras máis representativas e influentes de Galiza da segunda metade do S.XX, en 21 paneis nos que se diferencia unha primeira parte: *Singradura vital* (1915-1990) e unha segunda: *Conciencia da Galeguidade*, que reúne a obra colectiva, a "Xeración Galaxia" e a súa obra persoal. Até o 31 de decembro, no **Museo do Pobo Galego**.

→ **EXPO.** Familiar Feelings. Unha mostra fotográfica da atmosfera punk e bohemia do Boston de finais dos 70, con obras de Diane Arbus, David Armstrong, Larry Clark, Philip-Lorca diCorcia, Nan Goldin ou Mark Morrisroe, a chamada **Escola de Boston**. Até o 3 de xaneiro, no **CGAC**.

→ **EXPO.** Microvoyages. A novísima artista **Esther Ruiz de Pablos** presenta este proxecto expositivo no que domina o espírito audiovisual. Até o 31 de xaneiro, na **Zona C de San Domingos de Bonaval**.



Os **Barballoca**s van de camiño, un dos numerosos espectáculos de monicreques que poden ser vistos nesta semana.

Leopoldo Nóvoa
Colección Caixa Galicia
Ata o 10 de xaneiro
Sede Fundación Caixa Galicia
Vigo

Maruja Mallo
Ata o 10 de xaneiro
Casa das Artes
Vigo

Os pintores de Artal. Pintura española do Museo de La Habana
Ata o 21 de marzo
Sede Fundación Caixa Galicia
Lugo

MIRADAS
Galicia ata 1975
Ata o 30 de marzo
Sede Fundación Caixa Galicia
Pontevedra

www.fundacioncaixagalicia.org

A bailarina e coreógrafa **Àngels Margarit** presenta en Santiago *Flexelf*, unha peza de danza que poderemos ver no Salón Teatro.



→ **EXPO.** In Itinere. O asturiano **Luis Fega** achega algunhas das súas pezas máis recentes, de marcado carácter construtivo debido ao seu formato próximo ao escultórico. Até o 29 de xaneiro, na sala *Espacio 48*.

→ **EXPO.** A arte do engano. Mostra colectiva de artistas españois e latinoamericanos, que estrea espazo expositivo. Até o 28 de febreiro de 2010, na *Galería Factoría Compostela* (Rúa da Conga, 9).

→ **EXPO.** Carmen Calvo. Terceira exposición individual da artista Carmen Calvo (Valencia, 1950), unha das artistas máis destacadas do panorama nacional actual. Até o 10 de xaneiro, na *Galería SCQ*.

→ **MÚSICA.** Concerto pro selección galega. O grupo de rock **Habeas Corpus** encabeza o cartel dun concerto organizado por Siareir@s Galeg@s, no que tamén participan os galegos **Machina** e **Mencer Vermelho**. Vai ter lugar o sábado 26, ás

22:00, entradas a 8 ou 12 euros, na *Sala Capitol*.

→ **MÚSICA.** Hyde Casino & Moonjackets. Estes dous grupos de rock, composteláns e vilagarcíans respectivamente, van dar un concerto o sábado 26, ás 23:00, entradas a 3 euros, no *Moon Club* (antigo Pérez&Pérez).

→ **MÚSICA.** Trío Mala Herba. Dentro do ciclo musical *Os desligados do Miúdo*, concerto deste trío de zanfona, acordeón e violín, cada sábado de decembro, ás 22:00, no *Café Miúdo* (Rúa dos Truques).

→ **MÚSICA.** Todo Lirica. O Festival de Zarzuela de Santiago acolle a actuación do tenor **José Manuel Zapata**, acompañado ao piano por **Rubén Fernández Aguirre**. Soarán cancións, ópera e tangos nunha noite inesquecible. O luns 28, ás 21:00, no *Teatro Principal*.

O mércores 30, a terceira xornada do festival conta coa presenza da soprano **Itziar de Unda** e do tenor **Mi-**

keldi Atxalandabaso, que interpretarán obras dalgúns dos máis destacados compositores de zarzuela. Ás 21:00, no *Teatro Principal*.

→ **TEATRO.** Nadal Máxico. Dentro desta programación, o sábado 26 terá lugar a **Festa das ilusiones**, con maxia a cargo de **Mago Richard**, música e obradoiros, ás 17:00 e de balde, no *Auditorio de Galicia*.

A maxia de **Cayetano Lledó** chegará ese mesmo día, ás 18:00, no *barrio de Verdía*.

→ **TEATRO.** Teatro infantil. Diversas obras para o público máis miúdo, todas elas no Salón Teatro. O sábado 26, ás 19:00, veremos **Violeta Coletas contra as salchichas. Gulpi**, de **Títeres Trompicallo**.

O domingo 27, á mesma hora, poderemos disfrutar das aventuras dos **Bolechas**, movidos polos membros do grupo **Caramuxo**.

O martes 29, ás 18:00 e 19:30, os portugueses **Teatro de Montemuro**

tráennos a obra **Mãos Grandes**.

O mércores 30, ás 19:00, **A Priori Producciones** representa **El sable y la paloma**, outra obra para o público infantil.

→ **TEATRO.** Ultranoite Boom Nadal. Unha ultranoite de Nadal que se celebra o venres 25 e sábado 26, ás 23:00, poñendo fin ás varias que se viñeron desenvolvendo neste mes. Na *Sala NASA*.

→ **TEATRO/DANZA.** Flexelf. O espectáculo nace da palabra e a palabra *flexelf* nace do movemento dun punto que se converte en liña, se enrosca, se reflicte e se repite. Espectáculo a cargo da coreógrafa e bailarina **Àngels Margarit**. O luns 28, ás 19:00, no *Salón Teatro*.

→ **TEATRO.** SÓ. Un espectáculo da compañía **Abada Teatro**, que non é outro que **Carlos Blanco**, monstro escénico e único protagonista do show. O sábado 26 e domingo 27, ás 21:00, no *Teatro Principal*.

TUI

→ **EXPO.** XIII Mostra colectiva de Nadal. Mostra de máis de cen artistas dos fondos da galería, entre eles grandes clásicos galegos. Até o 24 de xaneiro de 2010, na *Galería Trisquel & Medulio*.

VIGO

→ **ACTOS.** Obradoiros infantís de Nadal. Un programa que ofrece ao público infantil e familiar a posibilidade de aproveitar o tempo de lecer neste período de vacacións escolares, gozando das posibilidades que ofrece a creación artística, e potenciando a función do museo como lugar de encontro social. Até o 3 de xaneiro, no *MARCO*.

→ **EXPO.** A Historia de Galicia. Exposición de paneis e textos realizados por **Pepe Carreiro**, dirixida aos máis novos e que poderá visitarse até o 31 de xaneiro de 2010 en horario de martes a domingo de 10

ANUNCIOS DE BALDE

■ **Mércanse cacharros de barro** da antiga olaría de Samos. E-mail: barraxe@mundo-r.com

■ **Casa para aluguer** de fin de semana ou vacacións, situada á beira do río Miño en Seixas (Caminha). Tel: 690645063

■ **Ofrécese rapaza** para coidar anciáns e nenos. Experiencia e título. Mañás e fins de semana. Santiago e comarca. Tel: 617407697.

■ **Véndese Mercedes Benz MB100 D**; Ano 1995; Bo estado. Renovados recentemente diversos elementos, radio cd novo. Prezo: 3500 €. Tel: 650485043

■ **Ofrécese moza** para coidado de anciáns e nenos ou limpeza de calquera tipo polas mañás ou por horas e festivos. En Santiago e comarca. Tel: 686924339.

■ **Home das Rías Baixas** en Compostela, busca muller 30/40 anos, sensible, con inquedanzas culturais, galeguista, boa persoa, con ganas de amizade ou o que poida xurdir. Correo: riasbaxas2007@yahoo.es

■ **Vendo sillón e dúas butacas** (tresillo), coa armazón de madeira. En moi bó estado e económico. Tel: 986290219, preguntar por Conchi.

■ **Véndese piso en Xove** en moi bó estado, calefacción, 4 cuartos, 2 ba-

ños, salón comedor e trasteiro, 90 m², tamén podería ser amoblado. Tel: 651528712.

■ **Vendo dúplex** de 130m² na Avenida de Ferrol en Santiago. Tel: 656262385.

■ **Licenciada en Filosofía** dá aulas de letras (lingua, filosofía, francés) a tódolos niveis en Compostela. Amplia experiencia e flexibilidade horaria, seriedade. Tel: 600370886.

■ **Véndese Vespa azul**, modelo ET2 do 99, 50cc, bo estado (durme en garaxe, cubertas novas e ITV), con papeis. 600 €. Entrégase en Vigo a mediados de agosto. Contactar con Iago/Julia: 636404719.

■ **Aula de música moderna.** Pop - Rock - Jazz. Canto, Flauta traveseira, Guitarra eléctrica, Baixo, Piano, Batería, Composición de cancións. Tel: 658824262 • 986298530 • Vigo

■ **Alógase casa** céntrica en Vigo con pequeno xardín e totalmente equipada. Dous cuartos. Zona Praza España. Tamén temporada verán por semanas. Interesados chamar ao Tel: 615893985 (Andrés).

■ **Vendo Audi A3 TFSI** Attraction novo, gañado en concurso. Ten 3 portas, gasolina, cambio manual, cor vermella, 1.400 centímetros cúbicos, 125 CV. Tel: 636403156

■ **Véndense limóns caseiros bos.**

Zona de Teis-Vigo. Prezo económico. Tel: 670504404, mail a_roda@hotmail.com.

■ **Alógase casa** en Vegadeo (Asturias) en tempada escolar. Amoblada, con garaxe e calefacción. Tel: 985635502.

■ **Particular vende ático** no centro de Tomiño, amoblado con calefacción, duplo ventanal, terraza con toldo, adega e garaxe. Impecábel. Mellor ver. Prezo: 90.000 euros. Tel: 690719480

■ **Muller. Impar. 56 anos.** Amo o amor e a correspondencia postal. Apartado 102-Noia (15200)

■ **Busco rapaza entre 30/40** anos que viva en Galiza e fale galego para relación de parella ou amizade. Prometo honestidade e sinceridade. Correo: pedrolopez_35@yahoo.es

■ **Con experiencia** e responsabilidade, coido do teu meniño ou meniños. Zona de Vigo e Valmiñor. Chamar ao Tel: 660183231.

■ **En Monterroso**, alugo apartamento de 1 dormitorio, 1 salón-comedor, cociña con office, baño, trasteiro, garaxe e ascensor. Amoblado. Bo estado. Luminoso. 200 €/mes. Tel: 60741.5641

■ **Ofrécese moza** para coidar nenos e anciás e para limpeza de cal-

quera tipo, por horas, as tardes dos luns, mércores, venres e fins de semana, en Santiago e comarca. Tel: 617407697.

■ **Vendo mantón de manila** e mantilla española. Tel: 676385277 ou 986881838

■ **Merco libros, fotos, discos, revistas** e todo tipo de documentos relacionados con Galicia. Chamar ao Tel: 678911804

■ **Fanse cubertas de piscina** e bombas de calor. Amplia variedade de prezos. Preguntar por Carlos, Tel: 637472399

■ **Grupo Folk profesional busca músico** en Vigo. Preferiblemente violinista, zanfona, bouzoukista... valórase versatilidade. Traballo serio e remunerado, zona Vigo ou arredores. Tel: 670504404, mail: a_roda@hotmail.com

■ **Vendo balconada e portas** do século XIX, por reforma, en Bergondo. En perfecto estado. Tel: 628901393.

■ **Vendo ovos da casa** (ecolóxicos.) Entre Padron e A Estrada, ao pé do monte Meda. Galinhas de crista pinheira e de Mos, ceivas en zona sen polución, auga limpa, alimentadas de millo e erva. Venda de pitas, coelhos e anhos criados à maneira tradicional. E-mail a: ovosdacasa.pa-

drom@gmail.com, e envío-che telf.

■ **Vendo coleccións** de cen pins, oitenta películas VHS, máis de 150 revistas de coches de anos 80-90. Prezo: 90 euros cada colección. Tel: 650793685.

■ **Véndese porta de garaxe** de 315 x 215 metros. Vigo. Bo estado. Barato. Tel: 617486436

■ **Busco persoa responsable** para compartir piso novo en Santiago de Compostela, na zona de Conxo, perto do Campus e a 15 minutos do centro. Habitación con baño, calefacción, zona tranquila. 180 euros. Contacto en Tel: 687581137

■ **Vendo Ford Escort**, 1800 diésel, en perfecto estado por 1.300 euros. Urxe vender. Tel: 606066705

■ **Véndense mobeis de cociña**, con fregadeiro, campana extractora, grifo e pedra de encimera, todo en perfecto estado, ideal para unha segunda cociña en casa rural. Moi económica. Anxo, Tel: 636495923 ou 609416204

■ **Poña aquí GRATIS o seu anuncio, facendoo chegar a:**

Apartado **1.371**, 36200-Vigo

Tel: **986222405**

Fax: **986223101**

E-mail: **guiero@anosaterra.com**



A **Orquestra Clásica de Vigo** conmemora os seus 25 anos cun concerto, o vindeiro martes na Sala de concertos de Caixanova.

Anuncios de balde.

Poden facelos chegar a:

Apartado **1.371**, 36200- Vigo

Tel.: **986 22 24 05**

Fax: **986 22 31 01**

E-mail: **guieiro@anosaterra.com**.

Poden adxuntar unha foto.

Prégase avisar da desactualización dos anuncios.

a 19 horas. No museo *Verbum - Casa das Palabras*.

→ **EXPO.** Jorge Barbi. A mostra *41° 52' 59" latitude N / 8° 51' 12" lonxitude O* expresa as cordenadas onde o artista realiza o seu traballo diario, fotografías e outros medios de expresión, co itinerario como base temática. Até o 14 de febreiro do 2010, no **MARCO**.

→ **EXPO.** Fotografos da Natureza 2009. O concurso anual **Wildlife Photographer of The Year**, organizado pola BBC e o Museo de Historia de Londres co patrocinio de Shell permítenos disfrutar da beleza natural en espectaculares tomas gráficas. Até o 24 de xaneiro, no **Centro Cultural Caixanova**.

→ **EXPO.** Espellos/Mirrors. Esta exposición, comisariada polo italiano **Gyona Bonvicini**, foi o proxecto gañador da 2ª convocatoria do Premio MARCO para novos comisarios. Até o 17 de xaneiro, no Museo de Arte Contemporánea, **MARCO**.

→ **EXPO.** Ramón Cabanillas: a roseira dos recordos. Mostra de materiais persoais e biográficos do poeta da raza, na sala de exposicións da **Casa Galega da Cultura**, na Praza da Princesa.

→ **EXPO.** Maracutaria. **Caio Rei-**

sewitz é un fotógrafo brasileiro da natureza. *Maracutaria* recolle traballos realizados dende o ano 2001 até a actualidade. Aberta até o 17 de xaneiro de 2010, na **Fundación Barrié**.

→ **EXPO.** Retrospectiva Maruxa Mallo. Dezaseis anos despois de que o CGAC lle adicase a mostra inaugural do edificio á obra da musa do surrealismo no Estado, a Fundación Caixa Galicia en colaboración coa Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais e o Concello de Vigo pon en marcha unha das maiores exposicións sobre **Maruxa Mallo**. Até o 10 de xaneiro do 2010, na **Casa das Artes**.

→ **MÚSICA.** Festa de Noiteboa. Actuacións de **Eldio y los seres queridos**, **Ying Hang Man** e **Hermanos Cunhazada**. Este xoves 24, dende a 01:00, entrada de balde, na sala **Fábrica de Chocolate**.

Osábado 26, estará o dj David Bizarro aka Derhoff. E o mércores 30 repetirán os asiduos Tony Lomba & Elio dos Santos.

→ **MÚSICA.** 3º aniversario Velvet Cave Records. A efeméride desta productora de discos será celebrada coa actuación de **Thee**



Unha das impresionantes fotos da **Wildlife Photographer**, mostra aberta en Vigo.

Tumbitas e **Eureka Hot IV** (ex-Atom Rhumba, ex-Bongoslocos). O sábado 26, ás 00:00, entradas a 6 euros, na sala **Iguana Club**.

→ **MÚSICA.** Festival Hip Hop 33 mg. Coa actuación dos grupos

Kaixo Sama vs LCesar, Lacosta, Paniko en las Calles, Pro-visional e Soly Sombra. Estarán o sábado 26, ás 21:30, entrada de balde, na **Sala Rass**.

→ **MÚSICA.** XXornadas de danza

e música tradicionais galegas. Estas tradicionais xornadas contarán este ano con estes grupos:

O sábado 26, ás 19:00: **A.F. Corisco, Pandereteiras Grialia** e **A.F. Lembranzas Galegas**.

E o domingo 27, ás 19:00: **A Ponte Vella, Rosalía de Castro, Colexiata do Sar, Malveiras, Froles Novas, Xirandola e Tahume**.

Todas as actuacións, no **Teatro Sala de Concertos Caixanova**.

→ **MÚSICA.** Concertos na Porta do Sol. Dentro do programa do Nadal vigués, o sábado 26 actuará o grupo **Pesdelán**, ás 17:00, na citada praza.

E no mesmo lugar e hora, pero o domingo 27, concerto de **Pablo Díaz**.

→ **MÚSICA.** Concerto de Nadal. Estará dedicado ao director de coros e compositor vigués Francisco Rey Rivero. O luns 28, ás 20:30, no **Centro Social Caixanova**.

→ **MÚSICA.** Orquestra Clásica de Vigo. A formación celebra o seu XXV cumpleaños, e faino cun concerto extraordinario de Nadal, coa interpretación da 9ª Sinfonía de L. van Beethoven xunto ao Coro do XXV Aniversario e solistas profesionais. Vai ter lugar o martes 29, ás 20:30, no **Teatro Sala de Concertos Caixanova**.

CONVOCATORIAS

VI Certame de Cantares de Reis.

O Concello de Boimorto promove por sexto ano consecutivo o certame Cantares de Reis o **día 3 de xaneiro** de 2010, co obxecto de contribuir a recuperar estes tradicionais cantos e a actividade e festividade común que implicaban. Participantes: Cuadrillas (ata un máximo de 20 participantes) que se inscriban no Concello antes do 24 de decembro de 2009.

Desenvolvemento: Comezará ás 16:30 h e cada cuadrilla participante deberá interpretar un Cantar de Reis cunha duración que non sobrepase os 5 minutos.

Premios:

Primeiro premio: **1.000€**. Segundo premio: 500 €. Dous terceiros premios de 300€. Cuarto premio: 200€ Quinto premio: 100€

Valoraranse o carácter tradicional do canto (puntuado dende 0 até 40 puntos), a afinación (até 30 puntos), a posta en escena (até 20 puntos) e a orixinalidade das formacións (até 10 puntos).

1º Concurso de receitas

de repostería da Cooperativa Xoaniña. O primeiro concurso de receitas organizado pola Cooperativa de consumo responsable A Xoaniña, ten por obxecto promover e promocionar o emprego de produtos de cultivo ecolóxico como vía para o desenvolvemento sostible e a mellora da calidade de vida. O concurso terá lugar o **día 3 de xaneiro** de



2010 na feira de Nadal, organizada polo Concello de Ferrol, que se celebra por terceiro ano no Cantón de Molíns, Ferrol.

Os doces que formarán parte do concurso poderán ser degustados no posto que a Xoaniña terá na feira dende as 17:30 ata as 19:00 horas. Poderá participar calquera persoa. Cada concursante poderá participar presentando, como máximo, tres receitas. Cada concursante comprométese a elaborar a receita/s coa/s que participa para sometela a degustación pública o día 3 de xaneiro.

Pódense presentar as receitas por dúas vías:

a) Entregando a receita en formato A4 no local da cooperativa sito na Rúa Venezuela 78, 15404, Ferrol.

b) Enviando a receita por correo electrónico ao seguinte enderezo receitas@cooperativaxoaniña.org. Tanto as receitas que se presenten en A4 no local, como as que se envíen por correo postal, deberán ir correctamente identificadas cos seguintes datos:

- Título da receita

- Nome da persoa que concursa e teléfono de contacto

Premio A Xoaniña: **unha cesta** de produtos ecolóxicos.

Premio votación popular: **unha cesta** de produtos ecolóxicos.

III Festival de Curtas de Sada 2010

O Concello de Sada convoca o III Festival de Curtas.

- Poderán optar ós premios os traballos rodados tanto en 35 mm. Como en vídeo-dixital.

- As obras presentadas terán que ser enviadas en soporte vídeo-dixital (DVD).

- A duración non excederá en ningún caso dos 20 min. (créditos non incluídos).

- A temática do certame é libre.

- Non poderán presentarse máis de dous traballos por persoa.

- As copias dos traballos deberán de proceder directamente do master. A falta de calidade técnica xustificará a exclusión do traballo presentado.

- As producións audiovisuais presentadas ao certame deben acompañarse como mínimo do seguinte material de promoción:

Cartaz da película. Fotos da curtametraxe. Unha fotografía do director. Currículo do director.

- As obras presentadas deberán ir acompañadas da súa correspondente ficha técnica e da ficha de inscrición (anexos 1 e 2) na que todos os campos a cubrir son obrigatorios. A data de produción deberá ser posterior ao 1 de xaneiro do 2007.

- As curtas seleccionadas serán emitidas a partir do día 20 de abril do 2010 (en locais e espazos do Concello e na Casa da Cultura Pintor Lloréns). A Gala de Clausura e a entrega de premios será o día 24 de abril. En cada proxección deberá estar presente polo menos un membro do equipo que realizou a curta para facer unha breve introdución e explicación da mesma. O prazo límite de entrega será o **1 de marzo do 2010**, antes das 14:00 horas.

Premios:

- Outorgarase un premio de **500€** á mellor curtametraxe de ficción.

- Outro premio de **500€** para a mellor curtametraxe de animación.

- Concederase un premio de **500€** como premio especial do público.

- Outorgaranse os seguintes premios técnicos, consistentes en diplomas, ós seguintes conceptos:

Mellor guión. Mellor montaxe. Mellor banda sonora. Mellor actriz. Mellor actor. Mellor son. Mellor director. Mellor deseño gráfico

Máis información: Omix de Sada- 981 620 331

www.concellodesada.com

Xosé Valiñas

Un intre de *Fama*.

SAEED ADYANI

Fotograma de *Non é tan fácil*.

MELINDA SUE GORDON

EN CARTEL.

Fama

Dirixe: Kevin Tancharoen.

Intérpretes: Kelsey Grammer, Megan Mullally.

Musical. EE UU, 2009

E falando da nostalxia dos 80. Coa nova "V" triunfando televisivamente e o anuncio do inminente retorno para a pequena pantalla do *Teen Wolf* de Michael J. Foxxa non debería quedar dúbida ningunha sobre cal é a xeración que comeza a dominar o mercado e a industria audiovisual. Así que aquí temos o *aggiornamento* das andanzas dos Leroy e compañía na Escola Superior de Artes Escénicas de Nova York. Por desgraza, as novas promocións apuntan máis a émulos de Jonas Brothers, Hannah Montana e similares que aos destinatarios orixinais da cantilena aquela de que a fama custa, e aquí é onde a ides a empezar a pagar con suor.

Benvidos a Zombieland

Dirixe: Ruben Fleischer.

Intérpretes: Jesse Eisenberg, Woody Harrelson.

Comedia. EE UU, 2009

Mesturando o novo espírito da comedia americana con nostalxia polos 80 e a proliferación zombi dos últimos tempos chega esta farsa apocalíptica na que o protagonista da canónica *Adventureland* é un postadolescente sen rumbo nun mundo dominado polos mortos viventes que acabará encontrando o seu fogar disfuncional a carón dun psicótico Harrelson, macarra cazador de zombis adicto aos *twinkies*—un popular doce industrial americano—e dúas irmás buscavidas que sobreviven nos EE UU da

*Benvidos a Zombieland*.

GLEN WILSON

praga coas mesmas tretas que empregaban antes de que o inferno quedase sen camas e

abrise as súas portas. Todos xuntos emprenden unha odisea cara ao dourado Hollywood coa de idea de visitar un vello parque de atraccións. Atentos á impagábel homenaxe a Bill Murray. Definitivamente nete os 80 son o referente dominante do novo imaxinario colectivo *pop*.

Ninja Assassin

Dirixe: James McTeigue.

Intérpretes: Rain, Naomie Harris.

Acción. EE UU, 2009

Despois de probar novos rexistros c' *O intercambio* de Clint

Eastwood, o guionista de culto J. Michael Straczynski—creador de "Babylon 5" e pioneiro no salto estelar dende o mercado audiovisual á banda deseñada coas súas etapas á fronte de iconas Marvel como *Spiderman*—volve ao seu terreiro con esta intriga de clans de asasinados orientais, *ninjas* e coreografías imposíbeis herdeira da tradición *Matrix* e da revolución dixital da *Playstation*. Dirixe de novo con produción dos irmáns Wachoswky, McTeigue, responsable, baixo supervisión fraternal, da simplificada adaptación cinematográfica do *V de Vendetta* de Alan Moore.

Non é tan fácil

Dirixe: Nancy Meyers.

Intérpretes: Meryl Streep, Alec Baldwin.

Comedia. EE UU, 2009

A directora de *En que pensan as mulleres*, *The Holiday* ou *Cando menos o esperas* regresa para o Nadal cunha nova comedia romántica pletórica

de sacarina, en sentido literal e figurado, na que Streep é unha pasteleira entrada en anos que se converte na amante do seu ex marido—Baldwin—a consecuencia dos enredos que xorden no reencontro da parella na graduación universitaria dun dos seus fillos. A parella actual de Baldwin, unha xuvenil Lake Bell, e un despistado Steve Martin entran en escena para complicar o polígono sentimental e darlle consistencia á historia máis alá dos primeiros 15 minutos.

DVD. VENDA

2.000 maníacos

Dirixe: Herschell Gordon Lewis.

Intérpretes: William Kerwin, Connie Mason.

Terror. EE UU, 1964

Bótenlle a ela a culpa. Non apta para todos os estómagos, inda que vista con perspectiva semella un tanto *naïf*, á pioneira fita de Gordon Lewis hai que atribuírlle a paternidade non non só do *gore*, o porno do terror, senón de todo o horror cru que a base de truculencias dominaría o xénero cun carácter máis masivo nas décadas posteriores. En realidade, o seu director xa tiña un filme previo, *Blood Feast*, sobre un turbo cociñeiro exipcio que se adicaba a despezar atractivas mozas coa idea de resucitar unha antiga deusa faraónica, unha fita que xa tiña os elementos básicos para considerala nai e señora. Pero é a seminal *2.000 maníacos*, cos seus *rednecks* antropófagos, a que explicita a semente das matanzas de Texas, de Wes Craven, e mesmo dos zombis de Romero.●




Rain

en *Ninja Assassin*Imaxe promocional de *2.000 maníacos*.

por Gonzalo Vilas

por Carlos Pena - xadrez.algalia@gmail.com

CRUCIGRAMA



Horizontais:

1- Antiga cidade de Asia Menor e famosa guerra cos gregos que leva o seu nome. Campamento de beduínos. **2-** Que comete de novo o mesmo erro ou delicto. **3-** Símbolo do Indio. Extremos dos pés ou mans. Símbolo do Actinio. **4-** Na sociedade hindú, membro da caste máis baixa. Curto, desprezable, dado con miseria. **5-** Primeira letra do alfabeto hebreo, e título dun conto de Borges, aínda que con distinta grafía. Acivro, por outro nome. **6-** Nitroxeno. Tendo medo. Signo da vitoria. **7-** Arte ou técnica de facer olas e outros obxectos de barro. Nome de consoante. **8-** Forma da terceira persoa plural do infinitivo conjugado do verbo "ser". Unir ou unirse mediante nós. **9-** Antiga e desaparecida lingua romance. Niñada. Sistema de Windows, que tivo escaso éxito e implantación. **10-** Maneira de pensar, conforme á cultura, costumes ou ideas recibidas e asumidas. **11-** Consumirse polo lume. Poñerse unha persoa de cor subida.

Verticais:

1- Nome de distintos protozoos flaxelados, parasitos do sangue e outros fluídos do corpo dos vertebrados. **2-** Relativo aos riles. Tempo do descanso, estado de sosego. **3-** Intersección. Impedir que algo ou alguén se mova ou despraze, mantendoo inmovilizado. Símbolo do Neodimio. **4-** Que permanece apático ou desinteresado por algo ou alguén. **5-** Muíño fariñeiro movido pola auga dunha canle fluvial ou polas mareas do mar. Pintar con minio. **6-** Idem. Cae unha xeadá. Símbolo do Aluminio. **7-** Veneran. Siglas da "Asociación para la Defensa de los Intereses de Cantabria". **8-** Revolto, sen organización nen plan. **9-** Unidade. Persoa que polos seus méritos ou atractivo, exerce un gran poder de admiración sobre os seus seguidores. Voz de mando. **10-** Amarrado cun cordel, corda ou fío. Apelido dun actor español de cine, que deu nome a unha suposta maneira de ser do macho hispánico reprimido e perseguidor de suecas. **11-** Converter algo noutra cousa, ou a outro fin.

SOLUCIÓNS


autodefinido



crucigrama



doado



difícil



XADREZ

Os vellos rockeiros.

A copa do mundo de xadrez da FIDE celebrouse do 20 de novembro ao 15 de decembro en Khanty-Mansiysk (Siberia). Participaron 128 dos mellores xadrecistas do mundo nunha competición que por eliminatorias sucesivas chegou a unha final entre Boris Gelfand, que con 41 anos era o máis vello dos 128 participantes, e Rustam Ponomarev, de 18. Nunha dura loita de 12 partidas a distintos ritmos e con tiebreak incluído resultou vencedor Gelfand por un marcador de 7 a 5. Boris Gelfand naceu en Minsk, Bielorrusia, pero emigrou a Israel en 1988, e é un xogador de discreto e amable carácter e de xogo dinámico, creativo e posicional. Foi campión do mundo Junior en 1986, campión de Europa en 1987, gañou os interzonais de Biel e de Manila e na actualidade ocupa o sétimo posto no ranking mundial.

□ Gelfand, Boris 2758
■ Ponomarev, Rustam 2739
World Cup Khanty-Mansiysk RUS (7.9).
14.12.2009. B41: Defensa Siciliana. Kan.

Se ben o xadrez permite unha vida deportiva máis lonxeira que outros deportes, a idade avanzada tamén é un *hándicap* importante. Entre os cen primeiros clasificados na lista FIDE vixente tan só 11 pasan dos corenta anos. Alexander


Belavsky é o maior con 56, pero tamén están o vixente campión mundial W. Anand e B. Gelfand que con este triunfo poderá competir no grupo do que sairá o retador do campión do mundo no 2011. **1.d4 e6 2.c4 c5 3.Cf3 cxd4 4.Cxd4 a6 5.Cc3 Dc7 6.e4 Cf6** a apertura deriva nunha Siciliana **7.a3 b6 8.Ae3 Ab7 9.f3 Cc6 10.Tc1 h5 11.Cd5 exd5 12.cxd5 Cxd5** [12...g6 13.Rf2≈] **13.exd5± De5** as dificultades das negras, o rei no centro, o




pouco desenrolo e a dama mal situada quedan evidentes trala próxima xogada das brancas **Diagrama 14.Rf2!** o rei atopa refuxio e pon en evidencia as debilidades negras **14...Ce7?** [16...Ae7 17.Te1 Dd6+~] **15.Dd2+ Cxd5 16.Ag5 Ce7 17.Ac4 f6 18.Af4** a dama non ten boa retirada **18...Da5 19.b4 Da4 20.Ab3 Dxa3 21.Ta1** e Ponomarev abandona ó perder a raíña **1-0**.

SUDOKU

difícil




doado



Encher os cadriños cos números do 1 ao 9, sen repetir ningún cadro, nin liña, nin ringleira.

AUTODEFINIDO





César Lorenzo Gil

A té os números teñen os seus cinco minutos de gloria. O 78.294, *gordo* da lotaría de Nadal do 2009, nutre esta semana grande de historias de esperanza horas e horas de televisión. En tempos, o sorteo

GORDO A DIETA

creaba millónarios, hoxe entre o euro e a burbulla inmobiliaria, a cousa é máis modesta. O Gordo, que hai só 30 anos, daba para comprar 14 casas e catro coches

cun simple décimo, hoxe apenas dá para un piso, se non é moi grande e moi céntrico. Mais este premio, por moita dieta que lle afecte, segue a ser o máis democrático e a cultura popular deulle poderes de xusticeiro divino. Sempre acababa por com-

pensar os afectados das inundacións ou do paro. Outros verán indicios de recentralización no feito de que, nesta ocasión, o primeiro e o segundo premio se vendesen integramente en Madrid. Os máis reivisten o reintegro no Sorteo do Neno. ●

1.387

anosaterra

Dirixe, xunto con Chefa Alonso, a Orquestra de Música Espontánea de Galiza, Omega, unha formación con tres anos de vida que deu os seus primeiros pasos na sala *Nasa* de Santiago, onde actuou o 23 de decembro.

Pablo Rega, director da Orquestra de Música Espontánea ‘Tocamos sen partitura e algúns intérpretes empregan xoguetes’

H. Vixande

Música espontánea, nace por arte de maxia?

Non. Empregamos unha linguaxe xestual, cada sinal meu representa un motivo e unha dirección da interpretación. Mais son sinais abertos, con marxe para a improvisación. Temos que escoitarnos moito os uns aos outros para saber-mos que estamos a facer.

Teñen partitura?

Non!

Así calquera, quen vai dicir que está mal a interpretación, se cada unha é distinta das outras!

Quen estea libre de culpa... Moitas veces, a xente vai a un concerto e non gusta del porque ía con predisposición. Aos nosos hai que ir cunha actitude aberta. Ademais, require esforzo e non ter prexuízos.

O que vexo é que non é unha composición moi convencional. Cantos son?

Sobre 23. Hai músicos de clásica, rock, jazz... electrónicos, acústicos. Somos unha familia. **Hai instrumentos ben raros, algúns parecen xoguetes.**

A mesma liberdade que temos na interpretación, haina cos instrumentos porque buscamos distintos rexistros, técnicas diferentes e empregamos outros obxectos sonoros.

O batería ás veces aporrea o bombo cunha toalla!

E hai guitarras que entrelazan

as cordas ou pianos preparados. Tamén usamos xoguetes ou pitos. Ás veces non quero nin ver o que usan os músicos! **E, se non teñen partitura, como sabe o que ten que tocar cada músico?**

Polos xestos.

Cantos acenos emprega para comunicarse?

Non o sei, cada vez menos, para simplificar. Chefa Alonso [a outra directora] ten os seus xestos e eu os meus. Hai outros acenos comúns e os que collemos doutros directores que traballaron con nós. Eu prefiro poucos xestos; así hai menos dirección e

máis intervención dos músicos. **Non hai erros?**

Si, menos mal! O erro é unha ferramenta, mais non un erro como fatalidade, senón como marca para cambiar a dirección da música cara outro lado.

Non hai partes ensaiadas?

Ademais dos sinais, hai escenas, pezas organizadas.

Ou sexa, música espontánea si, improvisada non.

Hai unha condución da música dentro da improvisación, unha condución improvisada.

Parece que hai algunha outra semellante polo mundo adiante.

Hai moitas. En Londres, Viena,

Alemaña, Estados Unidos... por moitos sitios. É un movemento que naceu nos anos setenta. En España, orquestras de música espontánea hainas en Barcelona, Madrid e nós, en Galicia.

E que teñen relevancia. Chámanos de fóra?

Estivemos en Alemaña e, co nova que é a orquestra, a verdade é que temos moita actividade. É complicado mover unha formación tan ampla, deberían mimarnos máis.

Por último. Vostede toca descalzo; é gusto ou necesidade?

Se o fixen algunha vez, foi por casualidade! ●



PACO VILABARROS

PASA O QUE SUCEDE

Bieito Iglesias

Esos días de atrás asistimos ao linchamento mediático dun home acusado de violar e matar unha fillastra, que veu resultando inocente. Malia o finxido arrepentimento, os xornalistas que o sentenciaron e a populaza que o apostrofou á entrada ou saída dos xulgados afía os dentes pra trabar en novas presas que se poñan ao alcance da súa santa indignación. A cousa vén de vello, xa Villiers de L'Isle-Adam (1838-1889) nos familiarizou con aquela sinistra personaxe d'*O convidado das últimas festas* que, ao informarse dunha execución devoraba distancias a fin de ocupar un sitio ao pé do patíbulo, pois “non durmiría tranquilo se non fose pra el a derradeira ollada do condenado”. Os cantares de cego tamén non referían vidas de santos e si estarrecentes crimes. O éxito da imprensa empezou no século XIX coa publicación de *faits divers* (sucesos), un subxénero xornalístico que explica a aparición do relato policíaco no Londres e no París decimonónicos: Sherlock Holmes é unha resposta ás carnificinas do Destripador, que alarmaban aos cidadinos minando a súa fe na policía oficial. Con tales antecedentes, non admira que a cultura de masas integrase nos diarios supostamente serios (e en tv) un tipo de novas antes relegado a xornais populares como *El Caso*. Onde el vai que atravesamos o Mississippi con Pepe Navarro e co achaque dunhas mozoitiñas asasinadas en Valencia. Hai tan poucos inocentes... ●

Central literaria

Edicións A NOSA TERRA



Eduardo Moreiras

FOLLAS DE VAGAR

[O retorno dun excepcional diario literario]

O éxito da imprensa empezou no século XIX coa publicación de sucesos”

